

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 6

SESION ORDINARIA DO 27 DE MAIO DE 2020

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abel
Abelairas Rodríguez Isaura
Aguiar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Fernández Pérez José Manuel
Gomez Días Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro M.ª del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego Mª Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Gonzalez Castillo, Jesus Marco
Lopez Roman, Patricia
Marnotes González, Jose Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Mendez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

Con motivo do estado de alarma decretado polo Presidente do Goberno, o día 14.03.2020, este Pleno realízase por vídeo conferencia.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e sete de maio do ano dous mil vinte, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e a asistencia presencial dos Tenentes

de Alcalde Sres. e Sras., Silva Rego, Pardo Espiñeira, Espinosa Mangana e Caride Estevez, así como os voceiros dos grupos municipais, Sres. Lopez Font, Marnotes González, Perez Correa e Pérez Igrexas, e os demais concelleiros presentes na video conferencia, Sres. e Sras., Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Roman, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Mendez Fuentes, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda (tamén presente na Sala), constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente na Sala o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días señoras/es concelleiros, iniciamos Pleno número 6, con medios telemáticos a efectos de gardar as distancias oportunas e evitar aglomeración de persoas, polo tanto, quero saudar aos que estamos presenciais hoxe pero tamén saudar aos nos seguen a través de medios telemáticos que ignoro pola forma de aparecer na pantalla cal é o quórum que neste momento dispoñermos, só de conteo aproximado temos quórum, quero ter confirmación do número de persoas que están conectadas a traveso das redes, eu teño aquí 5 persoas conectadas telematicamente, significa que falla un número importante e ignoro sr. Secretario se por defectos telemáticos ou porque non se conectaron, pero somos 16.

SECRETARIO: Teño contabilizado 22, en algún momento estiveron conectados 22 membros, a parte dos presentes. Hai 5 membros que non vin, e nalgún momento o resto si.

PRESIDENCIA: Significa polo tanto, que conectaron 22 e que polo tanto, temos quórum.

Eu non teño este enfoque neste ordenador, está montado deficientemente. Se o Presidente non pode ver aos asistentes esta conexión é defectuosa.

SECRETARIO: A Sra. Abelairas está, o Sr. Gómez Díaz véxoo tamén, a Sra. Rodríguez Calviño si, a Sra. Rodríguez Rodríguez tamén e Sra. López Román tamén.

PRESIDENCIA: Constatada polo tanto a conectividade, iniciamos o Pleno.

Primeiro quería advertir como unha cuestión de orden que as 12 faremos o protocolo dun minuto de silencio en termos de loito oficial que acabo de decretar do que se dará conta, se repartirá agora entre os voceiros pero se dará conta nun Pleno como corresponde, aparecendo na orde do día, seguindo a nosa norma habitual dende que se iniciou este proceso, imos a gardar agora un minuto de silencio en memoria das vítimas de violencia de COVID-19, con independencia de que as 12 nos sumemos ao minuto de silencio global decretado polo goberno de España para todo o territorio español.

Polo tanto iniciamos se lles parece aos concelleiros/as cun minuto de silencio en memoria das vítimas da pandemia de COVID-19.

Gárdase un minuto de silencio en memoria das vítimas da pandemia de COVID-19.

PRESIDENCIA: En relación aos debates, entendo que hai un acordo entre os diferentes grupos de facer un debate conxunto dos puntos 2, 3, 4, 5, 6 e 7.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: En relación ao punto 7 penso que ía aparte.

PRESIDENCIA: Queremos o punto 7 separado? Eu entendía que para efectos de debate eran do 2 ao 7 ambos inclusive, se queremos separación faremos de 2 a 6 e despois debate e votación do 7, á presidencia lle da exactamente igual. Dariamos un tempo de 10 minutos contados con folgura.

Facemos entón os 7 primeiros e someteremos a votación ao rematar o debate o punto 7.

Polo tanto, iniciamos primeiro coa orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1(47).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA DE 29 DE XANEIRO 2020)

Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta ordinaria do 29 de xaneiro de 2020.

PRESIDENCIA: Puntos do 2 ao 7 dez minutos por grupo contados de forma folgada.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2(48).- DAR CONTA DA MEMORIA DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO DO EXERCICIO 2019. EXPTE. 5069/550 (2381/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 11 de marzo de 2020, o Presidente do Tribunal Económico Administrativo, emite o seguinte informe,

MEMORIA DO ANO 2019

Cumprimentando o disposto na Disposición adicional terceira do Regulamento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo (RTEACV), aprobado por acordo plenario de 14 de xuño de 2004, elabórase a presente Memoria correspondente ó ano 2019, en base ós datos que obran no arquivo do Tribunal, da que se da conta ó Pleno da Corporación.

Despois de 15 anos de funcionamento, o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo tense consolidado como un órgano técnico e independente na garantía dos dereitos dos cidadáns de Vigo, na súa condición de contribuintes, coa resolución das reclamacións económico-administrativas interpostas, en relación ós tributos e outros ingresos de dereito público que nutren a facenda municipal.

Ademáis, o Tribunal seguiu exercendo funcións de colaboración e asesoramento ós distintos órganos de xestión do Concello en relación coas normas e procedementos de xestión, recadación e inspección dos ingresos municipais de dereito público. Todo isto tense traducido nunha mellora da actividade municipal e nunha diminución da conflictividade fiscal.

No ano 2019 segue a consolidación e o coñecemento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, tanto por parte das persoas físicas, como por parte das persoas xurídicas.

As reclamacións presentadas teñen unha mellor e individualizada fundamentación xurídica, tendo diminuído as presentadas baixo un mesmo modelo ou tipo sen ter en conta as peculiaridades de cada unha. Tamén apréciase non só un aumento dos motivos de impugnación, tanto de dereito substantivo (suxeito pasivo, contribuínte, responsabilidade solidaria e subsidiaria, exencións, bonificacións, etc.), como de dereito procedimental (carencia ou notificacións defectuosas, caducidade, prescrición, etc.), senón tamén que a maioría das reclamacións presentadas baseáanse en varios motivos.

No exercicio 2019, celebráronse 21 sesións do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo; nas que tratáronse un total de 179 asuntos. Estes datos reflicten unha continuidade e normalidade da actividade do Tribunal.

A xurisprudencia constitucional relativa á Plus Valía Municipal cobrou nos anos 2017, 2018 e 2019 unha gran importancia na actividade dos órganos tributarios municipais, xunto coas modificacións referentes a notificacións e á Administración Electrónica en xeral que supuxeron xa dende o ano 2016 unha ardua laboura de adaptación dos procedementos do TEA (que, lembremos, funciona có seu rexistro propio).

Ó longo do exercicio 2019 tiveron lugar as sesións que se citan no seguinte cadro; que reflicte o número da Sesión, a súa data e o número de asuntos tratados en cada unha delas.

Sesión	Data da reunión	Asuntos
2019/01	vintecinco de xaneiro de dous mil dezanove	13
2019/02	trinta e un de xaneiro de dous mil dezanove	11
2019/03	once de febreiro de dous mil dezanove	21
2019/04	catorce de febreiro de dous mil dezanove	5
2019/05	vintecinco de febreiro de dous mil dezanove	10
2019/06	catorce de marzo de dous mil dezanove	1
2019/07	doce de abril de dous mil dezanove	16
2019/08	vinteséis de abril de dous mil dezanove	12
2019/09	vintecinco de xuño de dous mil dezanove	10

2019/10	dezasete de xullo de dous mil dezanove	1
2019/11	trinta de xullo de dous mil dezanove	13
2019/12	trinta e un de xullo de dous mil dezanove	10
2019/13	nove de agosto de dous mil dezanove	9
2019/14	trinta de agosto de dous mil dezanove	16
2019/15	vintetrés de setembro de dous mil dezanove	6
2019/16	vintetrés de setembro de dous mil dezanove	1
2019/17	nove de outubro de dous mil dezanove	1
2019/18	trinta de outubro de dous mil dezanove	1
2019/19	vinte de novembro de dous mil dezanove	9
2019/20	vinte de novembro de dous mil dezanove	1
2019/21	once de decembro de dous mil dezanove	12

TOTAL

Expressio
n is faulty

Reclamacións económico-administrativas

Pendientes 1/1/2019	163
Interpostas 2019	227
Resoltas 2019	178
Pendientes 31/12/2019	212

Tramitación por órganos

Sala	60
<i>Informes</i>	5
<i>Dictames</i>	13
<i>Reclamacións</i>	40
Estimadas	4
Desestimadas	30
Inadmitidas	2
Satisfacción extraprocesal e outras	3
<i>Recursos contra resolucións do TEA</i>	1
Estimados	

Desestimados	
<i>Outros</i>	1
Organos unipersoais	118
<i>Reclamacións e recursos</i>	118
Estimadas	6
Desestimadas	99
Inadmitidas	8
Outros	1
Total	178

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

3(49).- DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTOS NAS LEIS, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO ANO 2020 E PERÍODO MEDIO DE PAGO DOS 3 MESES DO ANO 2020. EXPTE. 18/543 (REXISTRO PLENO 2385/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 13 de abril de 2020, o tesoureiro municipal co conforme do concelleiro de Facenda, emite o seguinte informe,

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as

condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

INFORME.-

I Ámbito subxectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, as que teñen causa nunha relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiadora ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del periodo medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.

(.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)”

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a proveedores.

Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón o

registro automático no registro contable de facturas, empezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no registro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, compútase desde a aprobación da conformidade. Na interpretación da aprobación da conformidade, hai que considerar a conformidade técnica ata o pago ou ata o último día do período de cálculo. Non se pode interpretar outra data do dies a quo, xa que a propia guía do Ministerio, aclara que si non é necesaria a conformidade, a data de cómputo é dende a recepción da factura no registro administrativo. En consecuencia, non se pode interpretar como data de aprobación da conformidade a de aprobación da factura polo órgano competente, xa que de ser esta, quedarían fora do cálculo do PMP, todas as facturas que se atopasen rexistradas e conformadas pendentes de aprobación. Polo tanto, conformaría o Período Medio Pendente de Pago, as facturas aprobadas pendentes de pago ao final do período. Ademais do anterior, para aquelas facturas pagadas no período, a Administración pública podería manipular o PMP, aprobando as facturas cando fose a facer efectivo o pagamento, é dicir, acomodaría a aprobación das mesmas as disponibilidades da tesourería.

Sobre a interpretación que se está a facer do cómputo de días e o dies a quo, elevouse consulta informal ao Ministerio de Facenda, cuxa contestación ratifica o criterio aquí amosado.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á aprobación da factura, ademais, deberá aprobar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

IV.- Estructura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(www.minhafp.gob.es/Documentacion/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de registro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información está totalmente integrado e garante o estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores.
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, modificado polo Real Decreto 1040/2017, informando sobre os pagos, e o pendente de pago e o PMP.

V.- Datos correspondentes ao 1º trimestre do ano 2020.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, remítese ao Pleno da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 1º trimestre do exercicio 2020 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de

Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU e FAIMEVI), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco, Convention Bureau e FAIMEVI.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	X. M. Urbanismo	F. MARCO	C. BUREAU	F.FAIMEVI
Pagos feitos no trimestre					
<i>Dentro do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	1.858	85	39	50	14
Importe dos pagos	31.778.516,20	208.122,88	64.955,94	856,53	1.340,83
<i>Fora do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	7	1	129	0	0
Importe	79.763,42	1.488,83	151.526,64	.00	.00
PMP (período medio de pago do trimestre)	16,58 días	28,54 días	73,10 días	16,00 días	0,88
Intereses de demora pagados no trimestre					
Nº de pagos	.00	.00	.00		.00
Importe	.00	.00	.00		.00
Pagos pendentes ao remate do trimestre					
<i>Dentro do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	87	19	33	0	0
Importe dos pagos	2.135.014,26	120.799,55	60.090,70	.00	.00
<i>Fora do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	16	0	30	0	11
Importe	142.415,97	.00	32.498,93	.00	11.454,44
PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)	21,18 días	12,50 días	35,88 días	0,00 días	330,71 días

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FAcE ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

Resumo por trimestres de morosidade, en días

Trimest.	Entidade	Entidade	Entidade	Entidade	Entidade
----------	----------	----------	----------	----------	----------

	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. FAIMEVI	
	Días		Días		Días		Días		Días	
	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP
Primeiro	16,58	21,18	28,54	12,50	73,10	35,88	16,00	0,00	0,88	330,71
Segundo										
Terceiro										
Cuarto										

En contías e nº de pagos

Trimest.	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. FAIMEVI	
	Importe		Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
Primeiro	31.858.279,62	2.277.430,23	209.611,71	120.799,55	216.482,58	92.589,63	856,53	,00	1.340,83	11.454,44
Nº pagos	1.865	103	86	19	168	63	50	0	14	11
Segundo										
Nº pagos										
Terceiro										
Nº pagos										
Cuarto										
Nº pagos										

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

No trimestre dáse cumprimento ao prazo legal de pago

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 635/2014.

Días de pago para o grupo de consolidación conformado pola Entidade Local Concello de Vigo, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación, FAIMEVI e Fundación CONVENTION BUREAU

Por **días** de pago para o grupo de consolidación, conformado polo ratio de pago e o pendente de pago

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2020												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maiο	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	16,73	11,85	11,22									
FAIMEVI	216,88	254,92	299,61									
MARCO	88,77	76,78	31,26									
XMU	18,76	6,27	12,25									
V. C.BUR.	,00	24,00	24,00									
PMP Global	17,60	13,08	11,63									

Por **contías** pagadas e pendentes de pago ao remate do período, ano 2020

Mes	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. FAIMEVI	
	Importe		Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt.pago	pagado	pt.pago	pagado	pt.pago	pagado	pt.pago	pagado	pt.pago
Xaneiro	10.897.421,15	1.852.435,55	117.858,21	27.094,61	24.897,81	93.113,87	327,14	0,00	1.244,03	11.454,44
Febreiro	8.931.103,78	3.164.297,95	2.343,43	73.097,06	161.413,84	34.418,81	172,44	0,00	48,70	11.454,44
Marzo	11.990.236,68	2.255.736,33	89.410,07	120.799,55	30.170,93	92.589,63	356,95	0,00	48,40	1.454,44
Abril										
Maiο										
Xuño										
Xullo										
Agosto										
Setemb.										
Outubro										
Novemb										
Decemb										
TOTAL	31.818.761,61		209.611,71		216.482,58		856,53		1.341,13	

Por contías pagadas e pendentes de pago ao remate do período.

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións e pagos parciais,

nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura ata o pago ou ata o último día do período de análise.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

4(50).- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO 2020, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS . EXPTE. 147/143 (2386/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 12 de abril de 2020, a Dirección Superior Contable e Orzamentación co conforme do concelleiro de Facenda, emite o seguinte informe,

“Normativa

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004.
-
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.
-
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Bases de Execución Orzamentaria para o ano 2020.

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2020, normativa que regula a periodicidade de remisión

de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, e artigo 4.2 do RD 128/2018, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao PRIMEIRO trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 31 de marzo de 2020.

Estados consolidados

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

Axúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos.

Tamén forma parte da liquidación ao 31/03/2020, a recadación e pagamentos de corrente e de pechados.

Achégase as anulación e cancelacións de dereitos de corrente e pechados, así como as devolucións de ingresos.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítense o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final.

Achégase o estado de Remanente de tesourería consolidado.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final dos estados consolidados

Incorpórase o estado de Tesourería da Entidade e o do Organismo Autónomo. As modificacións orzamentarias dos estados consolidados.

Resultado orzamentario consolidado.

Outra información:

En relación co estado de situación da débeda financeira bancaria, non se remite información por non existir a esta data operación algunha pendente de amortizar. A información enviada é comprensiva de todo o desenvolvemento orzamentario tanto de corrente como de pechados.

A mesma será incorporada ao portal de transparencia.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

5(51).- DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN DO RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO DO EXERCICIO 2019. EXPTE. 102768/140 (REXISTRO PLENO 2408/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 6 de maio de 2020, o interventor municipal emite o seguinte informe,

“I. Introducción.

O órgano interventor deberá elaborar, con carácter anual e con ocasión da aprobación da conta xeral, o informe resumo dos resultados do control interno sinalado no artigo 213 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O informe deberá conter os resultados máis significativos, a xuízo do órgano de control, que se deduzan de todas as actuacións de control realizadas durante o exercicio anterior, na propia entidade local e nas súas entidades dependentes, tanto derivados do exercicio da función interventora, como dos informes emitidos sobre as actuacións de control permanente e auditoría pública.

Como actuacións de control realizadas deben entenderse todas aquelas que desen lugar á emisión e remisión dun informe definitivo de control ao órgano controlado.

a) Normativa.

A normativa en base á cal se elabora o informe é a seguinte:

- Artigos 213 e 218 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, modificados pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Artigo 37 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.
- Resolución do 2 de abril de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se establecen as instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura e formato do informe resumo, así como a solicitude do

informe previo á resolución de discrepancias e a remisión de información contable e informes de auditoría de contas anuais das entidades do sector público local.

b) Réxime de control.

Os actos da entidade local e da Xerencia Municipal de Urbanismo atópanse sometidos ao réxime de control ordinario, non resultando de aplicación o réxime de control interno simplificado que regula o título V do Real Decreto 424/2017, ao ser o Concello de Vigo un Municipio de Gran Poboación.

Dentro deste réxime ordinario, non se acordou para ningún tipo de expediente de gasto o réxime de requisitos básicos a efectos de fiscalización e intervención limitada previa, polo que resulta aplicable o réxime xeral de fiscalización e intervención previa.

Pola súa banda, a fiscalización previa dos dereitos e ingresos da Tesourería da Entidade Local e a dos seus organismos autónomos substituíuse polo control inherente á toma de razón en contabilidade e o control posterior mediante o exercicio do control financeiro.

II. Alcance do informe resumo.

a) Actuacións de control realizadas no exercicio.

a.1) Función interventora.

De acordo cos datos obtidos da aplicación informática de xestión de expedientes, durante o exercicio 2019 realizáronse pola intervención xeral municipal un total de 36.009 actuacións no exercicio da función interventora, ben como fiscalización previa ben como intervención previa.

Fiscalización previa (fases A e D)

Do total de actuacións realizadas, 1.526 correspóndense con actuacións de fiscalización previa de actos polos que se autorizaron ou comprometeron gastos (fases A e D), e que se realizaron mediante a emisión de informes individuais por escrito para cada un dos expedientes.

Estas actuacións de fiscalización previa poden distribuírse do seguinte modo, tendo en conta as áreas de control máis relevantes:

Área de control	Trámites	N.º actuacións de control
Contratación	Aprobación expediente, Adxudicación,	330

		Modificación contratos, Revisión de prezos, Certificacións de obra, Anticipos por acopios	
Subvencións e Convenios		Convocatorias en concorrencia competitiva, Subvencións directas, Subvencións nominativas, Convenios de colaboración	200
Recursos Humanos		Selección dos empregados públicos (convocatorias), Nomeamento de persoal funcionario de carreira ou interinos, Contratación de persoal laboral, Provisión dos postos de traballo (libre designación, concurso ordinario ou específico, comisión de servizos voluntaria, adscrición provisional), Recoñecemento de trienios, Gratificacións, horas extraordinarias e produtividade, Nóminas, Anticipos, Axudas de acción social, Prolongación na permanencia da situación de servizo activo	409
Facenda e Orzamentos		Aprobación do orzamento, modificacións orzamentarias, liquidación e conta xeral, modificación das ordenanzas	150
Patrimonio		Cesións, compra de bens, responsabilidade patrimonial	67
Garantías		Devolución de avais e outras garantías	170
Outros expedientes de gasto		Pagamentos de arrendamentos, cotas comunidades de propietarios, sentenzas e outros	200
			1.526

Outras actuacións: Intervención previa e outras

Ademais realizáronse as seguintes actuacións no exercicio da función interventora:

Fase ou actuación	Descrición	N.º actuacións de control
Intervención previa da liquidación do gasto ou recoñecemento de obrigas (fase O)	Comprobar, antes de que se dite a resolución, que as obrigas axústanse á lei ou as negocios xurídicos subscritos polas autoridades competentes e que o acredor cumpriu ou garantiu, no seu caso, a súa correlativa prestación	9.248
Intervención formal da ordenación do pago	Verificar a correcta expedición das ordes de pago	12.010
Intervención material do	Verificar que dito pago dispúxose polo	9.884

pago	órgano competente e se realiza en favor do perceptor e polo importe establecido	
Intervención da comprobación material da inversión	Verificar materialmente a efectiva realización das obras, servizos ou adquisicións financiadas con fondos públicos e a súa adecuación ao contido do correspondente contrato	52
Devolución de ingresos indebidos	Fiscalización dos actos de ordenación e pagamento material derivados de devolucións de ingresos indebidos	3.289
		34.483

Estas actuacións realizáronse normalmente mediante una dilixencia de fiscalización de conformidade asinada sen necesidade de motivación adicional.

a.2) Control financeiro.

En cumprimento do disposto no artigo 31 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril , polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, elaborouse pola intervención un Plan Anual de Control Financeiro (en diante, PACF 2019) recollendo as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o exercicio, dando conta ao Pleno na sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2019.

No PACF 2019 incluíronse, ademais das actuacións cuxa realización polo órgano interventor deriva dun deber legal, tamén as seguintes actuacións seleccionadas sobre a base dunha análise de riscos: Control financeiro posterior mediante técnicas de mostraxe ou auditoría de determinados dereitos e ingresos municipais, o control financeiro das subvencións e axudas públicas de conformidade co disposto nos artigos 44 a 51 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e 41 ao 49 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, así como o control financeiro sobre os contratos menores realizados durante o exercicio 2018.

Conforme ao disposto na Disposición transitoria única do RDCI, no exercicio 2019 non se realizaron auditorías de contas anuais, auditorías de cumprimento nin auditorías operativas de ningunha das entidades dependentes.

Xa que a Intervención Xeral Municipal non dispón dun Servizo propio ou Oficina de Control Financeiro, nin persoal destinado a esta modalidade de control, o Concello aprobou a contratación de firmas privadas de auditoría para colaborar nesta tarefa coa Intervención Xeral.

Unha vez aberta a única proposición presentada a este procedemento, constatouse que o único licitador presentouse ao lote 2 "Control financeiro de subvencións", polo que non se presentou proposición ningunha ao lote 1 "Control financeiro posterior de ingresos municipais".

Así, na actualidade están a desenvolverse os traballos relativos ao control financeiro das subvencións concedidas no ano 2018.

Pola contra, non se realizou ata a data o control financeiro dos ingresos. Na actualidade está a valorarse a posibilidade de licitar un novo contrato así como o procedemento de licitación, de ser o caso.

a.3) Medios.

Aínda que o Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, contempla a posibilidade da Entidade Local de contratar para colaborar co órgano interventor a firmas privadas de auditoría que deberán axustarse ás instrucións ditadas polo órgano interventor, resulta recomendable a creación dun Servizo ou Oficina de Control Financeiro na Intervención Xeral Municipal tendo en conta do carácter permanente das funcións para desenvolver e a súa transcendencia para garantir un modelo de control eficaz, e para a mellora na xestión e na transparencia.

III. Conclusións e recomendacións.

- Función interventora.

Durante o exercicio 2019 non se formularon reparos. En consecuencia, non se adoptaron resolucións ou acordos contrarios a reparos nin existiron procedementos para a resolución de discrepancias entre as opinións do órgano interventor e as dos órganos de xestión.

Nos supostos nos que o órgano interventor observase defectos no expediente derivados do incumprimento de requisitos ou trámites considerados non esenciais, devanditos defectos foron emendados con anterioridade á aprobación do expediente.

Recoméndase desenvolver a aplicación de xestión de expedientes, previa a elaboración de guías de tramitación da totalidade dos expedientes co maior nivel de detalle posible a nivel de trámite e usuario autorizado, como instrumento imprescindible para garantir un modelo de control eficaz.

- Control permanente.

Como regra xeral, durante o exercicio 2019 realizáronse as actuacións de control financeiro cuxa realización polo órgano interventor deriva dunha obrigaón legal. Como resultado das devanditas actuacións elaboráronse informes escritos co contido establecido no artigo 35 do RD 424/2017.

Con carácter xeral non se detectaron deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, sen prexuízo daquelas recomendacións puntuais realizadas sobre determinados aspectos que non

resultan especialmente significativos pola súa escasa relevancia cualitativa ou cuantitativa.

- Auditoría pública.

Dadas as limitacións para o exercicio de auditorías derivadas da falta de persoal e consecuente necesidade de contratar a firmas privadas, recoméndase a creación dun Servizo ou Oficina de Control Financeiro na Intervención Xeral Municipal tendo en conta do carácter permanente das funcións para desenvolver e a súa transcendencia para garantir un modelo de control eficaz, e para a mellora na xestión e na transparencia.

IV. Deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción.

Non se sinalaron deficiencias que requiran a adopción de medidas correctoras a través do plan de acción.

V. Valoración do plan de acción formalizado polo Presidente da Corporación como consecuencia das deficiencias sinaladas no anterior informe.

Non procede.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

6(52).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA DE 11.03.20 POLO QUE SE APROBA O PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN E OS MARCOS ORZAMENTARIOS PARA O PERÍODO 2021-2023. EXPTE. 143/143 (2382/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 11 de marzo de 2020, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte Resolución,

“O artigo 6 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, modificado polo artigo Único. 2 da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, establece que antes do quince de marzo de cada ano, de acordo coa información sobre o obxectivo de

estabilidade orzamentaria e de débeda pública que previamente fixe o Estado, remitiranse os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos seus Orzamentos anuais.

O marco orzamentario da entidade local deberá elaborarse a nivel consolidado para todos aqueles entes que formen parte do subsector S.1313 Corporacións Locais de Contabilidade Nacional dentro da entidade local.

O perímetro que conforma o grupo de Consolidación establecido polo MINHAC para o Concello de Vigo, está delimitado polas seguintes institucións:

Entidade Local
Xerencia Municipal de Urbanismo
Fundación: MARCO
Fundación: C.BUREAU
Fundación: FAIMEVI, esta sin orzamento en fase de liquidación.

O Marco orzamentario está previsto para o período 2021-2023, sendo a base de partida a Liquidación do Orzamento consolidado do ano 2019 e a previsión da liquidación do ano 2020.

Sobre a precitada base, tendo en conta as variacións tendenciais e os convenios vixentes sobre a variabilidade do orzamento, que foron estudadas e coordinadas pola Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda, polo Director Superior Contable e Orzamentario e pola Intervención Xeral, formouse o Marco orzamentario previsto para o devandito período, baseado nas variacións tendenciais contidas no informe asinado polos responsables que non son obxecto de reprodución. No entanto, quedan reflectidos nas táboas dos marcos orzamentarios que forman parte desta Resolución que será incorporada aos modelos de remisión telemática que están na páxina web do MINHAC e que terán que ser remitidos antes do día 14/03/2020.

De conformidade co previsto no art. 168.1 do TRLRHL, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e art. 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación. Neste caso, é un documento marco, sobre o que se aprobará, se é o caso, o Orzamento do ano 2020 e seguintes, seguindo os trámites e competencias previstos no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Lei de Bases de Réxime Local.

Vistas as avaliacións e cálculos para a obtención dos marcos orzamentarios para o período 2021-2023.

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar o Marco Orzamentario de Medio prazo do Grupo consolidado Concello de Vigo, conformado por: Entidade Local, Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións sectorizadas: MARCO, CONVENTION BUREAU e FAIMEVI (esta última sin orzamento por estar en liquidación), para o período 2021-2023 que servirá de base para a elaboración dos

Orzamentos futuros cuxos datos figuran detallados no informe técnico, que en síntese son os seguintes:

ESTADO DE INGRESOS E GASTOS DO GRUPO DE CONSOLIDACIÓN

INGRESOS POR CAPÍTULO (Entes con Orzamento Limitativo)

Detalle sobre as porcentaxes de execución, previsión de liquidación do orzamento do ano 2020 en porcentaxes en en contía, e marco orzamentario 2021-2023.

PORCENTAXE DE EXECUCIÓN DE INGRESO E PREVISIÓN 2020-2023								
Capítulos	Sobre definitivo				Previsto%	ANOS		
	2017	2018	2019	2020	Liqui.prev 2020	Marco orzamentario previsión inicial		
						2021	2022	2023
1	105,38%	102,42%	104,37%	103,00%	116.695.104,47	114.429.180,19	115573472,31	115804618,48
2	108,37%	107,84%	110,73%	107,00%	9.300.000,00	8.795.987,81	8.883.947,69	8.910.599,53
3	116,82%	107,95%	112,38%	108,65%	45.197.997,01	45.649.976,98	46.106.476,75	46.290.902,66
4	98,09%	98,75%	98,72%	100,00%	82.208.672,36	83.030.759,08	83.861.066,67	84.699.677,34
5	79,87%	109,85%	85,90%	100,00%	2.687.980,00	2.687.980,00	2.687.980,00	2.687.980,00
R.CO.NF					256.089.753,84	254.593.884,06	257.112.943,42	258.393.778,01
6	95,39%	79,60%	0,00%	0,00%	0,00	0,00	0,00	0,00
7	150,96%	26,93%	65,11%	60,00%	11.126.954,09	17.744.369,98	5.497.617,69	6.000.000,00
R.CA.NF					11.126.954,09	17.744.369,98	5.497.617,69	6.000.000,00
R.NF					267.216.707,93	272.338.254,04	262.610.561,11	264.393.778,01
8	63,49%	73,59%	58,48%	70,72%	479.450,00	678.000,00	678.000,00	678.000,00
9	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00	0,00	0,00	0,00
Total	104,91%	95,24%	101,14%	102,17%	267.696.157,93	273.016.254,04	263.288.561,11	265.071.778,01

Ingresos co detalle dos impostos e a cesión dos ingresos do Estado por IRPF, IVE e II.EE, así como a contía do Fondo Complementario de Financiamento.

INGRESOS CO DETALLE DOS IMPOSTOS (Entes con Orzamento Limitativo)

DETALLE POR IMPOSTOS, CESIÓN e FCF				
Capítulos	Liqui.prev 2020	Marco orzamentario previsión inicial		
		2021	2022	2023
1+2	125.995.104,47	123.225.168,00	124.457.420,00	124.715.218,01

IBI		73.758.300,00	72.326.100,00	73.049.361,00	73.195.459,72
IAE		13.500.000,00	12.950.000,00	12.950.000,00	12.950.000,00
IVTM		15.015.000,00	14.948.000,00	15.097.480,00	15.127.674,96
IIVTNU		7.500.000,00	7.474.000,00	7.548.740,00	7.563.837,48
ICIO		2.068.446,71	1.818.000,00	1.836.180,00	1.839.852,36
IMP.CEDIDOS		14.153.357,76	13.709.068,00	13.975.659,00	14.038.393,49
	3	45.197.997,01	45.649.976,98	46.106.476,75	46.290.902,66
	4	82.208.672,36	83.030.759,08	83.861.066,67	84.699.677,34
FCF		65.442.500,04	66.096.925,04	66.757.894,29	67.425.473,23
RESTO		16.766.172,32	16.933.834,04	17.103.172,38	17.274.204,11
	5	2.687.980,00	2.687.980,00	2.687.980,00	2.687.980,00
R.Corr.NF		256.089.753,84	254.593.884,06	257.112.943,42	258.393.778,01
	6				
	7	11.126.954,09	17.744.369,98	5.497.617,69	6.000.000,00
R.CAP.NF		11.126.954,09	17.744.369,98	5.497.617,69	6.000.000,00
RNF		267.216.707,93	272.338.254,04	262.610.561,11	264.393.778,01
	8	479.450,00	678.000,00	678.000,00	678.000,00
	9	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL		267.696.157,93	273.016.254,04	263.288.561,11	265.071.778,01

GASTOS POR CAPÍTULOS (Entes con Orzamento Limitativo)

EXECUCIÓN DE GASTO E PREVISIÓN 2020-2023									
Capítulos	PORCENTAJE REAL				ANOS				
	2017	2018	2019	Previsto%	Liqui.prev	Marco orzamentario previsión inicial			
				2020	2020	2021	2022	2023	
1	90,20%	93,16%	89,69%	91,00%	68.660.902,07	76.206.056,15	76.968.116,71	77.737.797,88	
2	92,72%	92,09%	94,70%	95,50%	124.234.504,96	132.362.826,00	134.745.356,87	136.092.810,44	
3	0,00%	0,00%	0,00%		0,00	3.530,48	3.530,49	3.529,98	
4	96,49%	93,20%	93,33%	95,50%	26.790.178,81	28.473.331,41	28.957.378,04	29.391.738,71	
5					0,00	600.000,00	600.000,00	600.000,00	
E.CO.NF					219.685.585,84	237.645.744,04	241.274.382,11	243.825.877,01	
6	54,71%	60,01%	48,80%	66,50%	32.318.006,91	33.452.589,00	20.491.735,00	19.717.901,00	
7	94,58%	27,57%	63,16%	94,00%	1.624.182,10	1.239.921,00	844.444,00	850.000,00	
E.CA.NF					33.942.189,01	34.692.510,00	21.336.179,00	20.567.901,00	
E.NF.					253.627.774,85	272.338.254,04	262.610.561,11	264.393.778,01	
8	64,92%	73,56%	58,89%	70,72%	479.450,00	678.000,00	678.000,00	678.000,00	
9	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00	0,00	0,00	0,00	

Total	86,54%	82,83%	83,83%	89,45%	254.107.224,85	273.016.254,04	263.288.561,11	265.071.778,01
-------	--------	--------	--------	--------	----------------	----------------	----------------	----------------

Entidades con orzamento empresarial

CONTABILIDADE EMPRESARIAL, FUNDACIÓN LOCAL MARCO				
	2020	2021	2022	2023
	Liqui.prev.		PREVISIÓN	
1.- Recursos op. Non F.	951.047,00	856.145,00	878.268,00	890.733,00
2.- Emplegos op.Non F.	947.000,00	856.145,00	878.268,00	890.733,00
7.- Saldo operacións Non F. (3+6)	4.047,00	0,00	0,00	0,00

CONTABILIDADE EMPRESARIAL, FUNDACIÓN LOCAL CONVENTION BUREAU				
	2020	2021	2022	2023
	Liqui.prev.		PREVISIÓN	
1.- Recursos op. Non F.	477.000,00	486.540,00	496.270,00	506.196,00
2.- Emplegos op.Non F.	466.712,00	486.540,00	496.270,00	506.196,00
7.- Saldo operacións Non F. (3+6)	10.288,00	,00	,00	,00

CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO E DÉBEDA VIVA (Grupo consolidado, Entidade Local, Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación Convention Bureau).

CAPACIDADE/NECESIDADE DO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN				
Magnitude	2020	2021	2022	2023
1.- Recursos op.Correntes Non F.	257.390.800,84	255.936.569,06	258.487.481,42	259.790.707,01
2.- Emplegos op.Correntes Non F.	221.099.297,84	238.988.429,04	242.648.920,11	245.222.806,01
3.- Saldo op.Correntes Non F.(1-2)	36.291.503,00	16.948.140,02	15.838.561,31	14.567.901,00
4.- Recursos op.Capital Non F.	11.253.954,09	17.744.369,98	5.497.617,69	6.000.000,00
5.- Emplegos op.Capital Non F.	33.942.189,01	34.692.510,00	21.336.179,00	20.567.901,00
6.- Saldo op.Capital Non F. (4-5)	-22.688.234,92	-16.948.140,02	-15.838.561,31	-14.567.901,00
7.- Saldo operacións Non F. (3+6)	13.603.268,08	0,00	0,00	0,00

Magnitude	CAPACIDADE/NECESIDADE DO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN			
	2020	2021	2022	2023
1.- Recursos op.Correntes Non F.	257.390.800,84	255.936.569,06	258.487.481,42	259.790.707,01
Axustes				
Liquidación negativa PIE	5.189.418,02	2.654.066,52	2.654.066,52	2.654.066,52
Diminución conta 41310	559.504,27	0,00	0,00	0,00
Axustes de recadación	-4.323.981,42			
Total Axustes	1.424.940,87	2.654.066,52	2.654.066,52	2.654.066,52
CAPACIDADE	15.028.208,95	2.654.066,52	2.654.066,52	2.654.066,52
Débeda	0	0	0	0
Ratio de endebedamento	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%

SEGUNDO. Remitir os datos relativos ao devandito Marco Orzamentario do Grupo Concello de Vigo conformado pola Entidade, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU ao Ministerio de Facenda polos medios telemáticos habilitados ao efecto.

TERCEIRO. Notificar ao Sr. Interventor aos efectos de asinar a remisión.

CUARTO. Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación aos efectos do previsto no artigo 123.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.”

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

7(53).- CONVALIDACIÓN DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 26/2020 EN CUMPRIMENTO DO PREVISTO NO ART. 20.2 DO RD-LEI 11/2020. EXPTE. 146/143 (REXISTRO PLENO 2404/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 20 de abril de 2020, a Dirección Superior Contable e Orzamentación co conforme do concelleiro de Orzamentos e Facenda emiten a seguinte proposta,

“Antecedentes

O artigo 3 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, establece o destino do superávit das entidades locais correspondente a 2019 e

aplicación en 2020 da disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O superávit orzamentario das entidades locais correspondente ao ano 2019 poderase destinar para financiar gastos de investimento incluídos en a política de gasto 23, «Servizos Sociais e promoción social», recollida no anexo I da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais, previa aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Dentro de referida política de gasto, consideraranse, con carácter excepcional aos exclusivos efectos do precitado artigo, incluídas as prestacións sinaladas no punto 2 do artigo 1 deste Real Decreto-lei.

Así mesmo, será de aplicación o réxime de autorización recollido no último parágrafo do apartado 1 da disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

O artigo 3.1 do RD-lei 8/2020, delimita a aplicación, sendo os empregos do 20% do superávit SEC-2010 correspondente á Liquidación orzamentaria do ano 2019, os seguintes:

- Financiamento de investimentos incluídos na política de gasto 23.
-
- Reforzar os servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia, compensando así o peche de comedores, centros de día, centros ocupacionais e outros servizos similares, considerando o maior risco que asumen estas persoas en caso de contaxio. Estes servizos comprenden a axuda a domicilio en todas as súas modalidades e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa usuaria.
-
- b) Incrementar e reforzar o funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria de maneira que incrementen o ritmo de contactos de verificación e a vixilancia da poboación beneficiaria do devandito servizo.
-
- c) Trasladar ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, os servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares, considerando a suspensión de atención diúrna en centros.
-
- d) Reforzar os dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados, asegurando que tanto elas como quen as atenden estean debidamente protexidas, e posibilitar a ampliación, tanto no tempo de estancia como en intensidade, dos mesmos.
-
- e) Reforzar os persoais de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario realizar substitucións por prevención, por contaxio ou por prestación de novos servizos ou sobrecarga do persoal.
-

- f) Adquisición de medios de prevención (EPI).
-
- g) Ampliar a dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.
-
- h) Reforzar, con servizos e dispositivos adecuados, os servizos de respiro a persoas coidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monoparentais) que contén con baixos ingresos e necesiten acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes.

Expediente que se tramita

En execución da Resolución do Sr. Alcalde-Presidente da data que se reflicte na sinatura electrónica, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (26/2020), que está conformado da seguinte documentación:

Memoria xustificativa da Área de Política de Benestar Social, na que se motiva a necesidade de recursos para facer fronte á situación extraordinaria xerada pola situación de alarma vixente, especificando cales son as aplicacións que conformarán os empregos, e constancia de que os mesmos son de aplicación á política de gasto 23.

Resolución de incoación do expediente da data indicada na mesma.

Análise da proxección da Liquidación do Orzamento do ano 2020 na que se avalía o cumprimento do obxectivo de Estabilidade orzamentaria e da Regra de gasto, engadindo os axustes relacionados coa situación de alarma e o seu impacto orzamentario.

Acreditación do superávit SEC-2010 correspondente á Liquidación do ano 2019.

Acreditación de que non hai endebedamento financeiro.

Acreditación da Existencia dun Remanente Líquido de Tesourería positivo suficiente para facer fronte ao financiamento da modificación orzamentaria.

Acreditación dun PMP por debaixo dos prazos legalmente establecidos.

Acreditación de que non hai débedas con TGSS, AEAT e ATRIGA.

En canto ao cumprimento dos requisitos para a utilización do superávit avaliado en termos do SEC-2010 correspondente á Liquidación consolidada do ano 2019, así como o destino do mesmo, estarase ao informe que emita o Sr. Interventor Xeral en exercicio das súas funcións.

Para a aplicación do superávit, o Concello de Vigo ten que cumprir todos e cada un dos requisitos esixidos pola modificación que incorporou a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro á DA sexta da Lei Orgánica 2/2012: que a Conta 413 do PGCP adaptado a entidade local, non teña contías pendentes de aplicar ao orzamento, así como non ter préstamos concertados para facer fronte ao financiamento de pago a provedores FFPP ou outros fondos, en todo caso dando cumprimento ao previsto no apartado 1.a) e b) da DA da precitada Lei Orgánica 2/2012. Nese caso, o destino do superávit, sempre

dando cumprimento ao obxectivo de estabilidade orzamentaria previsto para a Liquidación do Orzamento do ano 2020, pódese destinar a facer fronte aos empregos que regula o artigo 3.1 do RD-lei 8/2020.

De acordo á memoria xustificativa que figura no expediente, estes empregos, non van a por en perigo a estabilidade orzamentaria nin a sustentabilidade financeira nin a curto nin a longo prazo, sempre e cando se cumpran as hipóteses que se tiveron en conta para a súa proxección, e os axustes extraordinarios se manteñan nos termos avaliados.

Cumprimento dos requisitos

- No hai débedas pendentes con cargo a fondos outorgados pola normativa seguinte: Real Decreto-lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais, Real Decreto-lei 7/2012, de 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o financiamento dos pagos a provedores, Real Decreto-lei 8/2013, de 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros, Real Decreto-lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, regulándose: o Fondo de Impulso Económico, Fondo de Ordenación, Fondo en liquidación para o Financiamento dos Pagos aos Provedores de Entidades locais.
-
- Non hai endebedamento financeiro, pechándose o ano 2019 con débeda financeira CERO, non estando previsto no orzamento do ano 2020 a concertación de ningunha operación, non se computa, por ser unha operación de tesourería a débeda da Fundación MARCO.
-
- A Liquidación do orzamento do ano 2019, pechouse cun Remanente de Tesourería positivo da Entidade de 92.057.012,48 euros e 99.902.443,49 euros nos estados consolidados, polo que a contía é superior ao Superávit total e evidentemente maior que o 20% do mesmo, que é o límite máximo a utilizar que regula o artigo 20 do Real Decreto-lei 11/2020 .
-
- O Aforro neto Consolidado foi de 34.394.145,71 euros na Entidade e de 35.986.579,53 euros nos estados consolidados.
-
- A Conta 413, no ten saldo pendente de aplicar ao peche do primeiro trimestre do ano 2020.
-
- O Superávit SEC-2010 da Entidade e grupo correspondente á Liquidación Orzamentaria 2019 é o seguinte:

INSTITUCIÓN	Ingreso N.Financ.	Gasto N. Financiero	Axustes		Capacidade/Nec
			INTERNOS	Axust.C Nacional	
ENTIDADE	263.105.822,40	245.055.062,05	-134.435,70	-719.742,71	17.196.581,94
XERENCIA.M DE	9.231.280,57	7.283.676,49	35.686,04	0,00	1.983.290,12

URBANISMO					
MARCO	819.649,95	829.222,49	0,00	0,00	-9.572,54
CONVENTION BUREAU	475.000,00	454.217,78	0,00	0,00	20.782,22
FAIMEVI	18.711,61	10.061,29	0,00		8.650,32
TOTAL	273.650.464,53	253.632.240,10	-98.749,66	-719.742,71	19.199.732,06

- Hai cumprimento da Regra de gasto para o perímetro de consolidación, Liquidación 2019

Entidade	GCLiq.2018 (1)	(2) = (1) * (1+TRCPIB)	A/D(art. 12.4) Pto.2 019 (3)	G/ IFS (4)	Límite Reg. Gasto (5)=(2)+(3)+(4)	G.Liq. 2019 (6)	AXUSTES (7)	G.C. Liqui. 2019 (8)	G.legal- G.Real
F. Marco	757.094,27	777.535,82	,00		777.535,82	829.222,49		829.222,49	-51.686,67
Concello de Vigo	227.418.307,6 7	233.558.601,9 8		8.059.683,1 0	233.558.601,9 8	245.055.062,0 5	24.860.664,5 1	212.134.714,4 4	21.423.887,5 4
O. Aut. M.xerenci a M. Urb.	579.169,20	594.806,77	,00	,00	594.806,77	7.283.676,49	-2.041.116,74	5.242.559,75	-4.647.752,98
FAIMEVI	12.608,36	12.948,79			12.948,79	10.061,29		10.061,29	2.887,50
CONVENTION BUREAU	443.671,64	455.650,77			455.650,77	454.217,78		454.217,78	1.432,99
Total gasto computable	229.210.851,1 4	235.399.544,1 2		,008.059.683,10	235.399.544,1 2	253.632.240,1 0	26.901.781,25	- 218.670.775,7 5	16.728.768,3 8

- Hai cumprimento do período de pago a provedores 2020.

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2020												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	16,73	11,85	11,22									
FAIMEVI	216,88	254,92	299,61									
MARCO	88,77	76,78	31,26									
XMU	18,76	6,27	12,25									
V. C.BUR.	,00	24,00	24,00									
PMP Global	17,60	13,08	11,63									

- Hai cumprimento de estar ao corrente nas obrigas coa Tesourería da SS, AEAT e ATRIGA.

- Certificados da TGSS de 03/04/2020, da AEAT, de 05/03/2020 e da ATRIGA de 14/11/2019 .
- Superávit correspondente ao orzamento consolidado do grupo do ano 2019: 19.199.732,03 euros.
- Superávit correspondente á Entidade no ano 2019: 17.196.581,94 euros.
- 20% do superávit que reflicte o artigo 20 do RD-lei 11/2020: 3.439.316,39 euros.
- O gasto proposto ten a súa aplicación aos capítulos, 1, 2 e 4 do estado de gastos do programa 2310.
- Achégase a memoria dos empregos proposta pola Área de Servizos Sociais.
- Nas proxeccións orzamentarias para avaliar o cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e da Regra de Gasto, non se está a ter en conta os efectos dos empregos, xa que aos efectos de verificar o cumprimento do obxectivo de estabilidade, o resultado ten que ser dun superávit superior que o 20% do mesmo, en todo caso, maior que os empregos que son obxecto da modificación orzamentaria. En canto á Regra e Gasto, ao amparo do previsto na DA sexta da Lei Orgánica 2/2012, o financiamento con cargo ao superávit, non computa na regra de gasto.

En relación co anterior, achégase ao expediente avaliación da proxección dos gastos e ingresos ao peche do ano 2020, que permite a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra de gasto para o período, dando cumprimento ao previsto no apartado 6 da DA décimo sexta do TRLRFL.

Excepcionalidade de prazos que regula a Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020

O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no apartado 4 da Disposición Adicional terceira, establece que, sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, desde a entrada en vigor do presente real decreto, as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

A modificación de crédito que se está a tramitar, da resposta ao previsto no artigo 3 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, establece o destino do superávit das entidades locais correspondente a 2019 e aplicación en 2020 da disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O superávit orzamentario das entidades locais correspondente ao ano 2019 poderase destinar para financiar gastos de investimento incluídos en a política de gasto 23, «Servizos Sociais e promoción social»

O interese xeral está máis que xustificado, atender as situacións das necesidades extraordinarias que xurdiron do estado de alarma e os acordos adoptados en relación cos empregos de recursos que se están a acordar polo órgano competente para facer fronte. Polo tanto, o expediente de modificación de crédito que se tramitar e que se exceptiona da suspensión de termos e prazos que regula a DA terceira do RD 463/2020, ten causa inequívoca no actual estado de alarma, no artigo 3 do RD-lei 8/2020 e no artigo 20 do RD-lei 11/2020.

A excepcionalidade está acordado na Resolución de inicio do expediente.

Órgano competente

Dada a situación extraordinaria na tramitación de este tipo de expedientes, o artigo 20 do RD-lei 11/2020, no seu apartado 2, establece que para a aplicación do superávit á política de gasto 23 nos termos regulados no artigo 1 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, a modificación orzamentaria de crédito extraordinario para habilitar crédito ou de suplemento de créditos que deba aprobarse, tramitárase por decreto ou resolución do Presidente da corporación local sen que lle sexan de aplicación as normas sobre reclamación e publicidade dos orzamentos a que se refire o artigo 169 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo. Tales decretos ou resolucións serán obxecto de convalidación no primeiro Pleno posterior que se celebre, esixíndose para iso o voto favorable dunha maioría simple e a posterior publicación no Boletín Oficial correspondente.

A vista da documentación, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 20, apartado 2) do Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formúlase ao Alcalde Presidente, a adopción do seguinte acordo:

Proposta

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 26/2020, Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito, correspondente ao expediente 146/143 por unha contía de 870.000 euros, para facer fronte aos empregos que mais abaixo se relacionan.

A xustificación da súa tramitación está motivada na memoria que se achega da Área de Política de Benestar Social, na proxección orzamentaria que garante o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de regra de gasto e na Resolución de inicio do expediente.

Os empregos e recursos que conforman a modificación orzamentaria son os seguintes:

- Empregos do superávit SEC da Liquidación do Orzamento do ano 2019.
-

Área Xestora, Benestar Social	Programa	Partida economica	C. Extraordinario	S. Crédito
Gastos de persoal	2310	1310010	160.000,00	

Seguridade Social	2310	1600010	60.000,00	
Prestación Servizos	2310	2279910	350.000,00	
Axudas de emerxencia	2310	4800000		300.000,00
BubTotal			570.000,00	300.000,00
Total				870.000,00

- Recursos financeiros

Concepto	Partida	Importe
Remanente de Líquido de Tesourería para gastos xerais	87000	870.000,00

SEGUNDO.- Unha vez aprobada a modificación orzamentaria nº 26/2020, en cumprimento do previsto no art. 20.2 do RD-lei 11/2020, deberá someterse á convalidación polo Pleno da Corporación, que requirirá a maioría simple para a súa aprobación.

A excepcionalidade en relación cos termos e prazos que regula a Disposición Adicional Terceira do Real Decreto 463/2020, modificado polo 465/2020, xa foi acordada na Resolución de inicio do expediente.

TERCEIRO.- Unha vez convalidado o expediente, farase a publicación no Boletín Oficial da Provincia, non quedando supeditado a publicidade nin reclamacións que regula o artigo 169 do TRLRFL.

O Interventor Xeral en data 20.04.2020, emite informe de fiscalización.

Con data 21 de abril de 2020, a Alcaldía-Presidencia dita a seguinte Resolución,

“O artigo 20 do Real Decreto-lei 11/2020, no seu apartado 2, establece que para a aplicación do superávit á política de gasto 23 nos termos regulados no artigo 1 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, a modificación orzamentaria de crédito extraordinario para habilitar crédito ou de suplemento de créditos que deba aprobarse, tramitarse por decreto ou resolución do Presidente da corporación local sen que lle sexan de aplicación as normas sobre reclamación e publicidade dos orzamentos a que se refire o artigo 169 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo

O Expediente 146/143 de modificación orzamentaria de crédito extraordinario e suplemento de crédito nº 26/2020-, por un importe de 870.000,00 euros, ten causa na situación extraordinaria xerada polo estado de alarma e queda sometido ao trámite previsto no artigo 20.2 do RD-lei 11/2020.

Vista a proposta formulada,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 26/2020, Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito , correspondente ao expediente 146/143 por unha contía de 870.000 euros, para facer fronte aos empregos que mais abaixo se relacionan.

A xustificación da súa tramitación está motivada na memoria xustificativa da Área de Política de Benestar Social e na proxección orzamentaria que garante o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de regra de gasto.

Os empregos e recursos que conforman a modificación orzamentaria son os seguintes:

- Empregos do superávit SEC da Liquidación do Orzamento do ano 2019.

Área Xestora, Benestar Social	Programa	Partida economica	C. Extraordinario	S. Crédito
Gastos de persoal	2310	1310010	160.000,00	
Seguridade Social	2310	1600010	60.000,00	
Prestación Servizos	2310	2279910	350.000,00	
Axudas de emerxencia	2310	4800000		300.000,00
SubTotal			570.000,00	300.000,00
Total				870.000,00

- Recursos financeiros

Concepto	Partida	Importe
Remanente de Líquido de Tesourería para gastos xerais	87000	870.000,00

SEGUNDO.- Unha vez aprobada a modificación orzamentaria nº 26/2020, en cumprimento do previsto no art. 20.2 do RD-lei 11/2020, someter o expediente á convalidación polo Pleno da Corporación, que requirirá a maioría simple para a súa aprobación.

A excepcionalidade en relación cos termos e prazos que regulamenta a Disposición Adicional Terceira do Real Decreto 463/2020, modificado polo 465/2020, foi acordada na Resolución de inicio do expediente.

TERCEIRO.- Unha vez convalidados os actos, farase a publicación no Boletín Oficial da Provincia, non quedando supeditado a publicidade nin reclamacións que regula o artigo 169 do TRLRFL.”

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación que a constitúen de dereito e feito, ratifícase a Resolución da Alcaldía transcrita nos antecedentes deste acordo.

DEBATE DOS PUNTOS DO 2 AO 7:

SR. ANEIROS PEREIRA: Temos nesta agrupación de puntos que agrupar unha serie de cuestións, en primeiro lugar referireime ás relativas ao ano 2019 para abordar a continuación as referidas a este exercicio 2020.

Brevemente polo que respecta ás actuacións de control interno no ano 2019 facer referencia que na memoria, no informe que se elaborou constan reflectidas máis de 36.000 actuacións de control interno, iso significa actuacións para garantir a legalidade, a seguridade xurídica e tamén para garantir a transparencia nas actuacións de xestión económica deste Concello, e polo tanto, para reflectir como así o fai o informe que no exercicio do 2019 non houbo ningún reparo á actuación municipal, non hai deficiencias estruturais e hai destacar que se comprobaron tódalas fases de execución do orzamento, dende a autorización do gasto ao compromiso de gasto, ás ordes de pago e á realización dos propios pagamentos, polo tanto, control dos cartos de tódolos vigueses por parte da Intervención Municipal en garantía da legalidade, da seguridade e tamén da transparencia.

O mesmo que moi brevemente facer referencia a ese informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, hai que sinalar como xa saben que é un órgano que teñen só as grandes cidades, polo tanto, un órgano que dispón Vigo como gran cidade que é, dentro do contexto de Galicia tamén do contexto do Estado, e que nas súas actuacións en garantía dos dereitos dos contribuíntes, hai que dicir que no ano 2019 se celebraron 21 sesións deste órgano económico administrativo para resolver 178 reclamacións dos cidadáns fronte ás actuacións, como garantía tamén dos dereitos destes cidadáns. Polo tanto, considero dada a conta xa destes temas.

Corresponde tamén, entrando xa neste exercicio 2020 dar conta das actuacións económicas realizadas neste senso, centrareime principalmente nalgunhas delas. Hai que dicir que de acordo coa información orzamentaria que tiñamos a 31 de marzo, prazo de referencia para render contas neste Pleno, tiñamos en fase de compromiso de gasto a esa data, hoxe xa temos máis, pero a esa data tiñamos en fase de compromiso de gasto, polo tanto, xa comprometidos máis de 130 millóns de euros dos orzamentos municipais para adicar ás satisfaccións das necesidades da cidade, polo tanto, para garantir ese nivel de prestación de servizos públicos de calidade, co servizo de recollida de lixo, por exemplo, de servizo de seguridade tamén e de vixilancia, servizo contra incendios e servizo de funcionamento das actividades normais da cidade. Quero destacar que só nese primeiro trimestre do ano, as axudas tamén se adicaron a cuestións ordinarias direi, sen prexuízo das extraordinarias que reflectirei pois foron un número destacado, as axudas as persoas para o transporte superaron o 1.800.000 euros, tamén axudas para rehabilitación de edificios e para atender ás necesidades das familias por importes destacados e polo tanto, con relativa normalidade antes da declaración do estado de alarma.

Hai que destacar tamén que neste primeiro trimestre os pagos a provedores incluíndo polo tanto, tamén xa unha vez declarado o estado de alarma se fixeron con estremada rapidez para eliminar esa tensión de tesourería que poden ter os provedores de servizos e de obras a este Concello, e os prazos son breves como así acostumamos a facer, hai que dicir que no mes de marzo o prazo de pago a provedores foi 11 días, no mes de febreiro de 13 días, e no mes de abril é de 9 días, polo tanto, prazos extraordinariamente rápidos se nos comparamos co contexto das cidades de Galicia, onde Santiago de Compostela paga en 29 días, A Coruña con 23 días ou Ourense 74 polo tanto, ante a xestión económica que facemos do Concello de Vigo queremos evitar esas tensións de Tesourería para as empresas, para os nosos provedores para que se sintan pagados cando cumpren coa prestación de servizos que se lles encarga, pero tamén hai que destacar que neste período hai que dicir que o protagonismo dos gastos do Concello de Vigo é a atencións as persoas, se unha administración, se un estado, se unha administración neste caso local serve para defender as condicións de vida das persoas, isoponse de manifesto neste período no que prestamos especial atención ás familias, hai que dicir que non só no ámbito ordinario de atención ás necesidades das persoas, non só por exemplo, co Servizo de Axuda no Fogar, co servizo de Teleasistencia, coas axudas ás persoas desfavorecidas senón que tamén coas axudas extraordinarias, hai que dicir que neste período se concederon máis de

1.200 becas de libros, máis de 3.000 persoas beneficiadas por becas de comedor e máis de 7.500 axudas de emerxencia. Polo tanto, atendendo ás necesidades das persoas que máis o necesitan.

Con carácter extraordinario derivado do COVID-19, tamén se fixeron determinados gastos para atender ás necesidades das persoas, unha primeira necesidade é a de satisfacer digamos ás necesidades de alimentación dun grupo de persoas, de colectivos de persoas que así o precisaban, así se concederon axudas de emerxencia nos meses de marzo, de abril e de maio, por importes considerables, tamén se conseguiu un servizo de catering para levar alimentos aos domicilios das persoas que así o necesitaban e por suposto para tamén satisfacer, cumprir as necesidades da aloxamento de determinadas persoas, acondicionando determinados espazos tanto municipais como o servizo dos intereses municipais como pode ser o pavillón do Berbés municipal ou o Seminario Maior tamén posto a disposición deste Concello, pero tamén garantindo a seguridade das persoas, estremando as medidas de seguridade e de limpeza na cidade, se repartiron máis de 100.000 mascarillas, comprouse xel hidroalcohólico para satisfacer esas necesidades de seguridade nos contactos persoais e se compraron tamén EPIs para os distintos servizos municipais, hai que destacar tamén a extraordinaria limpeza da cidade a través da disposición dun camión de desinfección que circula polas rúas da cidade desinfectando esas rúas para matar os xermes e as baterías e tamén a compra de cañóns para desinfección o ozonificadores que tamén limpan a cidade. Tamén por suposto atendemos ás necesidades das persoas especialmente daquelas que neste época de confinamento tamén lamentablemente sofren o maltrato, principalmente a violencia machista adicando unha partida moi importante ao aloxamento das mulleres vítimas de violencia machista. Polo tanto adicando os recursos da cidade a garantir a seguridade e a vida persoal das persoas que viven nesta cidade.

Polo tanto, sendo unha administración que presta eses servizos a cidade que cumpre a súa función de atender aos cidadás/ás que viven nesta cidade.

Neste sentido tamén hai que dicir que se aprobou unha Modificación do Orzamento que é a que someteremos á convalidación posto que se trata dunha modificación do orzamento municipal feito por decreto do Alcalde, no ámparo do Decreto Lei 8/2020 e aprobado polo goberno de España que permite adicar unha parte do superávit a atender precisamente esas necesidades sociais, decreto do Alcalde que derivou digamos cartos do noso superávit a atender os servizos domiciliarios das persoas

maiores e con discapacidade, á Teleasistencia, á hixiene domiciliaria, a atención ás persoas sen fogar, á contratación de servizos sociais para o reforzo persoal daquelas persoas que así o necesitan para a adquisición de equipos de protección individual, para as persoas que fan servizos por parte dos orzamentos municipais, polo tanto, hai que dicir que esta actuación extraordinaria dentro do amparo legal, faise para satisfacer tamén de novo esa necesidade da cidade de contar con protección e faise tamén, hai que dicilo, porque temos superávit que queremos adicar ás necesidades das persoas, polo tanto, se cumpren tódolos requisitos, primeiro ter superávit e segundo adicar ese superávit a eses destinos que se fan para atender ás persoas que máis o necesitan especialmente nesta situación de pandemia, nesta situación de crise. Polo demais, para rematar dicir que continuamos coa tramitación ordinaria da nosa actividade económica, cumprimos coas contas que tiñamos que cumprir co Ministerio de Facenda presentando antes do 15 de marzo eses Marcos Orzamentarios plurianuais e polo tanto, cumprindo tamén coas nosas obrigas para facer fronte a esta situación do ano 2020, dos anos vindeiros que se aproximan nesta administración municipal. Termino solicitando ese voto favorable para esa convalidación da Modificación de Orzamento feita polo decreto da Alcaldía, no amparo do Decreto Lei 8/2020, para adicar unha parte do superávit a atender ás necesidades das persoas.

SR. PÉREZ IGLESIAS: En primeiro lugar, recoñecer que efectivamente hai unhas boas cifras, uns bos datos no que ten que ver cos prazos de pago desta administración e creo que sempre é un elemento positivo e unha tendencia que haberá que manter tamén precisamente nos vindeiros meses, manter e en todo caso incrementar, hai unha cuestión importante deste debate conxunto de varios puntos da orde do día, que é o que ten que ver coa execución orzamentaria do primeiro trimestre deste ano, do 25% do ano 2020, dunha carta parte deste exercicio onde o goberno municipal nestes datos volve a demostrar non ser capaz de executar os seus propios orzamentos, cun nivel de execución de apenas do 12,79%, será a metade do que correspondería si fixéramos un promedio estadístico para este momento do ano e con algúns datos especialmente graves como o feito do que ten que ver no capítulo de investimentos, hoxe teñen executado algo máis dun 2%, dende logo o goberno municipal son unha máquina de fabricar remanentes, é positivo na medida en que iso pode xerar pois certas folgoras económicas pero ten unha lectura moi negativa no sentido de que aqueles cartos que están orzamentados e non se gasta é porque non se están atendendo debidamente as necesidades que ten a cidade e polo tanto, tampouco se

están a desenvolver os proxectos que se comprometen, que se anuncian e que se propagan para a cidade. Pero non é só o capítulo de investimentos, hai algunhas partidas concretas que en opinión do Bloque Nacionalista Galego pois son especialmente preocupantes, no que vai neste primeiro trimestre do ano 2020, o seu goberno executou exactamente cero euro do Plan municipal de Emprego, sobre un total 1.200.000 euros desa partida, cero euro do Plan de Emprego xuvenil sobre unha partida xa cativa de apenas 100.000 euros, ou gastaron unicamente 567 euros dunha partida de 13.000 para o desenvolvemento de campañas de sensibilización contra a violencia machista. Menos do que se gastan cada día nunha páxina de publicidade nalgún xornal da cidade, e nese sentido nós o que queremos subliñar e que neste contexto de crise vai ser fundamental que o goberno municipal que goza dunha maioría absoluta, que o fai non depender de ninguén para executar os seus propios orzamentos, é fundamental un maior esforzo por executar os seus propios orzamentos, política keynesiana que moitas veces se invoca neste salón de Plenos non é poñer moitos números no papel, senón que é entre outras, facer unha aposta por incrementar a intervención económica da administración gastando, non dicindo que se vai gastar, facendo, non dicindo que se vai facer, e por iso nós si que entendemos que neste momento de crise de coronavirus é máis necesario que nunca poñer todo en marcha, tódolos recursos dos que conta esta administración municipal.

Sobre a modificación orzamentaria o BNG imos a votar a prol, entendemos que é necesario incrementar partidas que nas emendas que nós formulamos ao orzamentos en vigor xa era insuficientes, mais si que quixéramos subliñar que na nosa opinión o alcance desta modificación é insuficiente e non está en proporción ao esforzo que sabemos que está a desenvolver o departamento de Política Social desta administración, esta situación excepcional si que fixo algo moi importante, é que fixo emerxer á superficie a realidade social da cidade que moitas veces algúns quixeron negar, a insuficiencia do albergue municipal co que contaba a cidade, ese número importante de persoas empobrecidas e que agroman por exemplo, en datos terroríficos de necesidades mesmo de acceso á alimentación, moitas veces cando aquí algúns grupos falamos dese índice AROPE de case 60.000 persoas en Vigo en risco de pobreza, algúns ridiculizaban este indicador, esta realidade golpeounos na cara e dende logo, o que si que entendemos que é necesario tamén unha revisión integral dos orzamentos municipais e que non vaimos unicamente a modificacións parciais

senón que se acometa unha revisión das contas do Concello tendo en conta o novo contexto e para iso conten coa colaboración do BNG.

SR. PÉREZ CORREA: Quizais propoñer que o debate agrupado de todos estes puntos tamén é unha oportunidade para ver o orzamento e como nós dixemos sempre que ten que verse un orzamento senón que non é outra cousa que a súa dimensión política, moitas veces aquí se nos propón os orzamentos, se nos propoñen as cuestións que teñen que ver coa súa fiscalización como unha cuestión exclusiva de grandes números ou de grandes declaracións de intencións, nos cremos que agrupando estes grupos poidamos ver o orzamento na súa complexidade, na súa realidade, porque se ben foi unha tónica xeral, polo menos deste voceiro, propoñerlles que vostedes sempre tiveron un problema de execución e ademais un problema de execución que non ten nada absolutamente que ver co equilibrio político ou coa estabilidade dun grupo senón cun problema de xestión municipal, é certo, que estamos ante unha liquidación do primeiro trimestre que como adiantaba xa o concelleiro de Facenda xa vai polo 130.000 millóns, aquí vai polos 37 millóns, é dicir, nós sabemos que hai cousas que se executan no segundo trimestre do ano habitualmente, como por exemplo é o Plan de Emprego ou algunhas cuestións que sabemos que se fan en determinado momento, nós sempre dixemos que ao final gran parte dos investimentos que é o capítulo que nos preocupa non se fan, computan superávit e ao ano seguinte se volven a anunciar ou se volven a incorporar ao expediente dos orzamentos como se foran inversións novas, antonte se anunciaban 51.000 millóns de euros de investimento actualmente en marcha e é certo, é real pero son investimentos moitas delas anunciadas hai tres anos, e aínda moitas delas nin sequera executadas no exercicio 2020. Nos seguimos dicindo que é unha execución que corre o mesmo risco de seguir pola mesma senda do resto das execucións e que vostedes ademais recoñecen na planificación dos marcos orzamentarios que a execución de investimentos está nos exercicios anteriores na contorna do 50% e que para este exercicio ademais se opoñen no documento pois espera un pequeno incremento para chegar ao 66%, pode ser que entremos no bucle da discusión de cando se executan, se son dereitos recoñecidos, se realmente temos meses do ano 2021 para executalo e imos a estar así seguramente nese debate permanentemente pero o certo é que gran parte diso acaba nos superávit e polo tanto, por desgracia e por unha decisión do Partido Popular nunha Lei do ano 2013, acaba nun saco do Remanentes de Tesourería que tamén queríamos falar precisamente o valor dos usos económicos que se poden facer. Pero nós en vez de dicir que isto é un

problema de planificar, en vez dicir que isto é un problema de demasiado anuncio, bombo mediático e moitas veces pouca capacidade de levar a cabo esa planificación nós imos a ver isto como unha ventá á oportunidade, para nós é unha oportunidade que hoxe so teñamos executados 1.000.000 dos 50 millóns de euros de inversións propostos, e por que dicimos que é unha ventá de oportunidade? Porque que nos viu unha situación económica que obriga a repropoñer o orzamento municipal e gran parte desa proposta vostedes o están trasladando xa aquí, facendo un uso inédito neste Concello que nós felicitamos, un uso inédito do superávit para precisamente completar o catálogo ou aumentar os importes que teñen que ser agora mesmo priorizados nas cuestións de cobertura social, nós estamos de acordo, é máis nos gustaría, vostedes van utilizar unha parte sensible pero pequena dese 20% do superávit que podería chegar aos 3.400.000 euros, nós gustaría que todo ese 20% do superávit que xa se poda empregar pero que esperemos que se desbloquee polo goberno do estado español para poder utilizar unha porcentaxe maior dese 20% e acabar dunha vez por todas por ese secuestro orquestrado polo Partido Popular e que en tres meses de goberno, dende logo un goberno como o actual foi incapaz de cambiar e que ademais agora vai custar agora polo trámite administrativo parado por esta situación, pero que sabemos que está na axenda política do goberno, poder utilizar 3 millóns de euros de maneira directa do superávit xa en aumentar o nivel de coberturas sociais que sabemos que hai un esforzo pero sabemos como está a pasar na maior partes das cidades deste país que é insuficiente. Por que dicimos que é unha oportunidade porque nós fixemos unha emenda á totalidade ao Orzamento no seu día, non é unha cuestión de oportunismo político, pero nós na emenda dicíamos que era necesario duplicar o gasto social desta cidade en axuda directa porque había unha pobreza latente e había unha exclusión social latente que explotounos a todos/a diante da cara precisamente porque tiñamos unha dependencia dun sector servizos que está completamente esa teoría de que xa non existen contratos en negro na hostalería, o primeiro día que comezou a hostalería, as poucas inspeccións que puideron facer por parte de Inspección de Traballo demostraron que se segue utilizando os contratos en negro e as medias xornadas para facer xornadas completas, viu enriba a mesa un motón de xente que nunca fora usuario de servizos sociais e polo tanto, quizais eses 800.000 euros que agora cunha modificación orzamentaria se introducen no capítulo de gasto social e que seguramente xa nos quitará dese furgón de cola das cidades que estamos por debaixo dos 100 euros de gasto social por habitante e un dato do Ministerio de Facenda, e

quizais sexa insuficiente e a nós nos gustaría poder utilizar xa de maneira inmediata os 3 millóns de euros dese 20% do superávit, imos a falar ao longo do 2020 de que hai que facer co orzamento municipal e creo que é unha evidencia, este grupo municipal propúxoo o mes de marzo porque entendíamos que pola progresión da crise no conxunto dos países da Unión Europea era imposible propoñer o programa de actividades do verán e determinadas cuestións que estaban no orzamento, como as subvencións directas ás liñas aéreas, pois nós entendiamos que as modificacións orzamentarias eran un mecanismo de protección social, para crear un escudo de ámbito municipal que puideramos empregar cunha cuestión fundamental, que eu creo que é a primeira vez que son capaz de detectar a absoluta inoperancia dunha administración como a Xunta de Galicia na cuestión da cobertura social, non están nin se lle espera a Xunta de Galicia para a protección social, ten case 60 millóns de euros transferidos polo goberno central para axudar a familias en risco de exclusión social a través do Plan estatal de Vivenda que poderían agora mesmo estar sendo vehiculizadas axudas a alugueiros e non sabemos absolutamente nada que se vai facer con eses recursos, houbo un ingreso no inicio da pandemia, precisamente para reforzar comedores escolares directamente ademais entendido como un ingreso aos concellos para evitar as situacións de exclusión social e de problemas incluso de carácter alimentario nos mozos/as e nos nenos escolarizados, que aínda non sabemos que se vai a facer, aquí funcionou un goberno e aquí funcionaron os concellos, e no medio estamos por testar cal é a utilidade da Xunta de Galicia ante unha crise sanitaria e unha crise económica, estamos por testalo e máis con datos obxectivos porque reiteradamente se lle pide no Parlamento de Galicia saber cales van a ser os empregos de determinados recursos que xa teñen transferidos doutras administracións e o único que se fai é propoñer cuestións como é o secuestro precisamente deses recursos económicos que veñen transferidos directamente do estado pero que ademais imos a falar abertamente de que isto ten que cambiar, que ten que cambiar a perspectiva que as administracións teñen con respecto aos concellos, porque se non ano 2013 se decidía que para que o déficit do conxunto das administracións públicas deran números cando menos salvables, había que secuestrar os Remanentes de Tesourería e gran parte dos usos do superávit do concellos para equilibrar as contas do estado, agora mesmo nunha situación na que os concellos están asumindo, xa estábamos ano 40% do gasto impropio seguramente estaremos moi por enriba, creo que ten que haber un consenso o mesmo consenso que se da Federación Española de Municipios e Provincias que o Concello de Vigo que ao final

deste exercicio terá na contorna de 80 millóns de euros nas contas bancarias, poder utilizar ese Remanente de Tesourería, eu aí estou de acordo co Presidente da FEMP, co Alcalde de Vigo, no que queiramos os concellos, se está a dicir que o Ministerio de Facenda quere secuestrar eses recursos, que o Ministerio de Facenda o primeiro que di é que haberá que financiar eses recursos impropios, e eu estou de acordo, teremos que buscar un mecanismo de financiar os gastos impropios que estamos asumindo os concellos, pero eu xa escoitei ás comunidades autónomas que queren que eses recursos vaian transferidos ás comunidades autónomas sen dicir para que, polo menos o Ministerio de Facenda, eu discrepo, creo que a xestión ten que ser directa dos concellos pero polo menos di que é para financiar esa parte de gastos impropios que gastamos os concellos pero que non recadamos, pero hai algunha comunidade autónoma que di que quere ese recursos e non explica por que, e comunidades autónomas con déficit, con débedas inasumibles, por enriba nalgúns casos, como por exemplo a Xunta de Galicia por enriba dos 9.000 millóns de euros que é o equivalente a un exercicio orzamentario e creo que eses debates son os que imos a ter confrontar nesta ocasión, eu que sempre fun relativamente duro e que sempre foi moi crítico co grado de execución, quero ver o grado de execución como unha oportunidade que nos pode servir para repensar determinadas cuestións, hai algunhas cousas nas execucións que non nos gustan, se retiraron case 470.000 euros dun programa de 500.000 e pico para precisamente fomentar o emprego nos mozos/as, xa está retirado, é dicir, xa non o poden executar ao final de ano, non sabemos moi ben, hai un programa exactamente igual de 470.000 euros de fomento a actividade de maiores, pero creo que é unha oportunidade que deberíamos aproveitar, creo que unha boa axenda utilizar eses remanente, esa parte do superávit do 2019 en coberturas sociais e ademais sabemos algunhas delas terán que ser permanentes pero creo que ese debate hai que afrontalo xa e niso xa digo, e ademais é unha tónica que este grupo municipal propuxo durante toda esta crise, a colaboración da Marea de Vigo para que sexa eses usos ao inicio de completar o catálogo de servizos sociais e de cobertura sociais do Concello vai a contar co apoio da Marea de Vigo.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Veñen aquí diversos asuntos de índole económica, algúns deles xa claramente pois sobrepasados pola situación da crise do COVID-19, pero en calquera caso hai certo fío condutor en todos eles que convén e que vou a destacar aquí. Vou a comezar por unha cousa que parece inocua que é o Tribunal Económico

Administrativo que nos presenta que resolveu 178 reclamacións, desestimando 129, tres de cada catro e que ten pendente 212 asuntos para resolver, fora dese dato non podemos ir máis alá nin facer unha valoración cualitativa porque o que se nos presenta é unha folla cunha memoria e outra folla cos datos dun excell, pois se cadra o Alcalde máis os corporativos que estamos aquí, merecíamos unha explicación un pouco mais completa, detallada da actividade do Tribunal no que de boa fe os reclamantes que teñen contra o Concello algo que dicir en materia fiscal pois poñen as súas esperanzas de ter algún viso de que se lles estime a súa alegación. Digo que non temos ningún dato cualitativo que nos permita intuír se este Tribunal ten medios, se ten suficiente persoal, se precisaría ou non de máis persoal de apoio, se os expedientes se lle remiten en prazo, se remiten completos, cales son por exemplo e moi importante, cales son tributos máis impugnados e cales son os motivos de impugnación máis recorrentes, cales son en definitiva os motivos das queixas dos vigueses/as que de boa fe acoden a el.

E digo que ven ao caso porque constatamos que somos neste Concello implacables coa execución dos ingresos, rigorosos, e esta rigorosidade, implacabilidade contrasta moi forte coa execución dos gastos que fai o propio goberno, efectivamente constatamos tamén que se paga ben e se paga en prazo porque no Concello se ingresa moito e se paga bastante menos do que se ingresa, sabemos que temos un superávit de 20 millóns de euros, sabemos que temos un resultado orzamentario axustado de 31 millóns de euros, e que destes orzamentos definitivos, desta montaña de incorporacións de remanentes xa vai polos 293 millóns de euros, temos pagado 27 millóns de euros, pouco máis do 12%.

E constatamos tamén o informe que ven a Pleno que temos na Tesourería do Concello a primeiros de xaneiro 95 millóns de euros, pois penso que non é complicado pagar 27 millóns cando se ten na Tesourería 95 millóns de euros, e hai que dicilo así, 95 millóns de euros na caixa, o produto do traballo das viguesas/es, das empresas, que se recadaron no seu día para pagar uns investimentos e unhas medidas que se orzamentaron, porque non se executaron, aí están eses cartos e aí seguirán, dan para indemnizar a moitas concesionarias Sr. Alcalde, porque está claro que ao mellor para axudas a comerciantes e hostaleiros aínda non. A ver como lle explicamos aos miles de viguesas/es señor concelleiro de Marea que di que a Xunta de Galicia non fai nada e o Estado si, como lle explicamos aos miles de vigueses que están sen cobrar nun ERTE porque o Estado non ten liquidez e nos temos 95 millóns de euros na caixa sen mover e 20 millóns de euros de superávit. Curiosamente a este fío temos aquí pois nos

trasladan como marzo orzamentario algo que foi elaborado antes da crise do COVID-19, nos entendemos que este marco orzamentario foi preparado no mes de febreiro e aprobado por resolución de Alcaldía, presentado ao Ministerio moito antes de que viñera esta desgracia, esta calamidade, pero é sintomático, é paradoxal que se previñera daquela para o ano 2020 pois un incremento do PIB dun 60, unha pequena contracción no ano 2022 dun 50 e que volvemos a crecer no ano 2022 e 2023 a un ritmo de 60 ou 70, pois FUNCAS xa nos informou que neste primeiro trimestre do ano 2020 o PIB caeu un 5,2%, segundo eses avance provisional, e tamén temos un informe do Banco de España que di que o PIB caeu un 6,6% nun ano que pode caer neste ano entre un 6,6% e 13,6%, comprenderán vostedes que con este escenario e coa que está a caer nós non podemos estar aquí falando do período medio de pago, do Tribunal Económico Administrativo e deste escenario de antes da pandemia; veñen aquí efectivamente cunha modificación orzamentaria, que nós imos apoiar o uso deste 870.000 euros que son dentro do superávit permitido polo Real Decreto Lei que aprobou este goberno de 3,7 millóns de euros, efectivamente pois hai unha diferenza moi grande entre o que goberno de España permite ao Concello gastar en gasto social para as medidas do COVID-19 e o que o Concello está disposto a facer, a carta parte, é grave porque estamos a solucionar unha parte do problema, temos dito en moitas ocasións que a pobreza que existe nesta cidade xa existía antes do COVID-19 e que agora aflora, entón non estaba atendida debidamente polo Concello, non tiñamos un gasto suficiente por persoa en gasto social para un Concello que tiña ao comezar o ano, 95 millóns de euros para gastar, agora efectivamente aflora ese problema e se agrava pero arrastramos un déficit destrutural de falla de investimento social, dunha cidade precaria en gasto social, de pouco persoal e efectivamente houbo que facer un esforzo tremendo para poder afrontar os retos da crise do COVID-19 porque viñemos dun eido no que se investiu bastante pouco, un déficit destrutural que fixo que afrontar isto por parte do Concello fora algo traumático, un esforzo titánico porque non había suficientes medios, se atoparon cunha realidade que había xente durmindo na rúa, se atoparon cunha realidade que os comedores sociais repartían e facían 400 comidas diarias, iso xa se estaba a facer e loxicamente atoparon ese escenario, tiveron que facer fronte á pobreza que había e á que xera o COVID-19 e as axudas son un paliativo momentáneo, necesario, insuficiente pero vai a ter que ter máis percorrido e un carácter estrutural, por iso a nós nos sorprende que veña aquí esta modificación e todos estes asuntos económicos cando o que tiñan que vir aquí era unha revisión

completa dos orzamentos, primeiro polo escenario orzamentario que decaeu e que temos outro enriba, vai haber unha caída dos ingresos que imos a ter que compensar esa caída de ingresos que sen dúbida vaise a producir, vamos a ter que compensala cos Remanentes de Tesourería imos a ter que acudir que eses cartos e imos a ter que decidir tamén que gastos imos afrontar e que gastos non, hai que facer unha revisión realista, sobre un orzamento que prevía un incremento dos ingresos sobre o ano pasado de 10 millóns de euros e que non vamos a ser os vigueses capaces de pagalos, esa caída de ingresos que se vai a producir hai que compensala como digo co Remanente de Tesourería e hai que adoptar non unha modificación orzamentaria de 870.000, hai que facer unha revisión completa, realista do orzamento e investir o que Estado nos deixa investir e por suposto, hai que executar o orzamento que se ten, haberá que ver que partidas se poden executar e cales non, pero insisto que temos cartos de abondo, hai que adoptar xa medidas concretas porque hai que actuar, isto non pode seguir así, non podemos seguir tendo reunións por videoconferencia facendo unha análise da situación e poñer enriba da mesa medidas económicas para comerciantes, hostaleiros, para micropemes e nalgúns casos Sr. Alcalde, xa chegaron tarde, xa estamos vendo como moitos dos establecementos que había na cidade no mes de marzo agora xa teñen o cartel de "se alquila", non podemos estar sen facer nada durante este tempo e dende logo o que non podemos facer é dous meses e medio despois dar conta aquí dunha situación que é absolutamente superada e traer unha modificación de crédito de 870.000 euros que sendo necesarios imos votar a favor pero é que son insuficientes incluso para o propio goberno de España que permite gastar catro veces máis, o primeiro son as persoas e despois veñen os cartos, hai que atendelos, nós temos primeiro os cartos, a prioridade do Concello parece que é ter a caixa a bo recado e os cartos nela, iso non pode seguir así.

SR. ANEIROS PEREIRA: Despois de escoitar a réplica da oposición hai que dicir que é unha mistura de cegueira, descoñecemento e mentira porque miren, se algo fai este goberno municipal é executar o orzamento e atender ás necesidades das persoas, voume poñer en plan didáctico, o representante do Partido Popular ese que defende tanto á Xunta de Galicia do Sr. Feijóo e pon unicamente o ollo nunha data, 31 de decembro do ano pasado, parece que viven pensando no pasado porque con eses remanentes que son unha foto fixa a 31 de decembro e co que precisamente arrincamos a execución dos seis primeiros meses do ano fundamentalmente de todo o ano, vou a dicir tamén que a execución dun orzamento ten sempre catro fases, hai que

primeiro autorizar, despois comprometer e aquí di unha cifra, máis de 130 millóns de euros comprometidos xa a 31 de marzo, polo tanto, case que a metade do orzamento comprometido no primeiro trimestre, polo tanto, despois haberá que executar, haberá realizar eses compromisos de gasto, esas obras, servizos, que por certo pagamos cando se nos presentan, e polo tanto, pagamos nun prazo rápido porque se executan tamén nun prazo rápido, hai que dicir tamén que teñen unha certa cegueira porque non hai máis que saír á rúa para ver os investimentos que se fan nesta cidade, por certo, só cos fondos municipais, a Xunta de Galicia non inviste en Vigo, non inviste, polo tanto, todo o que se fai nesta cidade, faino este goberno cos orzamentos deste Concello e faino cos cartos que administramos de tódolos vigueses para garantir as condicións de vida dos vigueses/as, para mellorar condicións de vida dos vigueses/as, e para atender si ás necesidades das persoas que viven en Vigo, si porque así como a Xunta de Galicia, o dicía o Sr. Pérez Correa, recibe cartos dos orzamentos do estado para política social, cartos que non executa, cartos que non adica a benestar, que non adica a satisfacer as necesidades das persoas, cartos que non adica porque nos fai que cofinanciar centros de día, nos fai cofinanciar escolas infantís, nos fai atender ás mulleres vítimas de violencia de xénero, aloxándoas por exemplo en establecementos hostaleiros para garantir a súa seguridade durante esta época de confinamento, fainos atender ás persoas sen recursos, sen achegar nin sequera un euro, tamén é significativo que esa Xunta de Galicia tampouco apoie os sectores que algún de vostedes din, non sei, eu non sei onde está a execución dos orzamentos da Xunta de Galicia en política de emprego, non o sei, cando chegamos a este goberno no ano 2007 ás políticas de emprego deste Concello eran mínimas, crecemos máis dun 100% nas políticas de emprego neste período, polo tanto, adicamos os recursos a axudar as persoas, aos mozos, ás persoas desempregadas máis de 45 anos, aos autónomos, á creación de sociedades por parte de emprendedores, á atención ao emprego das persoas que así o necesitan, polo tanto, adicamos eses orzamento a emprego, igual que a política social con axudas de libros a Xunta de Galicia aquí non axuda a comprar libros ás persoas que necesitan libros para estudar nos colexios, a Xunta de Galicia tampouco axuda aquí a comprar ou a satisfacer as necesidades do comedor das familias que teñen pequenos en idade escolar, non axuda, a Xunta de Galicia ten un prezos de escolas infantís máis altos que os que ten este Concello de Vigo, temos 9 escolas infantís cos prezos máis baixos, cun alto número de persoas bonificadas nesas escolas infantís, iso é política social, non me negarán que iso non é política social, igual

que as mais de 7.500 axudas de emerxencia que levamos concedidas, iso tamén é política social, a Xunta de Galicia aquí non concede ningunha axuda, son os orzamentos deste Concello os que conceden esas axudas ás persoas que así o necesitan, pero miren, teñen que saír máis á rúa, temos que ver o número de rúas que levamos humanizadas neste período, os grandes investimentos que se están a facer nos quilómetros e quilómetros de beirarrúas, de rúas que están sendo asfaltadas e remodeladas neste Concello, nos grandes investimentos que se están a facer cos cartos públicos, Gran Vía, Porta do Sol, Porto Beade, e miles e miles de rúas nesta cidade, iso é política de investimento nesta cidade. Polo tanto, miren, cando se executa o orzamento saían das súas casas, das súa mesa camilla, deixen e criticar por criticar e circulen por estas rúas, por estas maravillosas rúas, paseen polas nosas magníficas praias e gocen desta cidade porque estamos executando correctamente o orzamento.

Insisto, hai que ver tamén onde executa a Xunta de Galicia, o IGAPE non apoia a autónomos, menos do 50% de execución dos orzamentos do IGAPE, menos do 50% de execución na Axencia Galega de Innovación e polo tanto, axudas da Xunta de Galicia aquí cero, todo o Concello de Vigo, todo este goberno.

8(54).- DAR CONTA DA CONTRATACIÓN MEDIANTE TRÁMITE DE EMERXENCIA DO SUBMINISTRO DE EQUIPOS PORTÁTILES PARA TELETRABALLO NO ORGANISMO AUTÓNOMO DA XERENCIA. EXPTE. 12431/407 (REXISTRO PLENO 2398/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 15 de abril de 2020, a técnica de admón. xeral co conforme do xefe dos Servizos Centrais e da vicepresidenta da Xerencia informa:

“ANTECEDENTES

Redáctase o presente informe-proposta de conformidade co establecido na Lei 9/2017 de contratos do sector público, xunto co Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e subscribindo, pola súa sinatura, a declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses nos termos establecidos no modelo aprobado para o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo na súa sesión de data 3 de marzo de 2020.

Con data 13 de marzo de 2020 procedese á publicación no Boletín Oficial del Estado, do Real Decreto-ley 7/2020, de 12 de marzo polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19, cuxo artigo 16 establece a tramitación de emerxencia para a adopción de calquera medida directa ou indirecta por parte das entidades do sector público.

Con data 14 de marzo de 2020, mediante Real Decreto 463/2020 procedeuse á declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 en todo o territorio nacional.

Ante a declaración do estado de alarma, con data 13 de marzo de 2020, o Consello da Xunta de Galicia declaraba a situación de emerxencia sanitaria no territorio da comunidade autónoma e activaba o Plan territorial de emerxencias de Galicia, no seu nivel IG, debido a evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Por Real Decreto-lei 7/2020 de 12 de marzo polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19, establece no seu artigo 16 a contratación mediante tramitación de emerxencia das medidas necesarias, directas ou indirectas por parte das entidades do sector público para facer fronte ao COVID-19.

Con data 15 de marzo de 2020, polo Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, dítase Resolución relativa as medidas excepcionais adoptadas para conter o COVID-19, na procura de protexer adecuadamente aos empregados públicos, minimizando o risco de contaxios, e manter o funcionamento da Xerencia, cumprindo as medidas de prevención e contención adoptadas polas autoridades sanitarias. Entre as medidas establecidas, no punto oitavo da dita resolución, habilítase a Vicepresidenta da Xerencia á adopción dos procedementos de urxencia, emerxencia ou extraordinarios contemplados na lexislación vixente, así como a ampliación ou suspensión de prazos e procedementos afectados por esta situación excepcional.

Na dita resolución, e en cumprimento das medidas adoptadas ante a declaración do estado de alarma, sinalase que todos os traballadores/as e funcionarios/as que prestan os seus servizos na Xerencia de Urbanismo de Vigo con función que permitan o seu desenvolvemento a distancia, prestarán o seu servizo dende o seu domicilio na modalidade de traballo non presencial, polo que faise necesaria a dotación aos traballadores do Organismo Autónomo dos medios adecuados para a prestación.

O cumprimento da resolución ditada revelou a insuficiencia dos recursos existentes á hora de facer fronte ás necesidades detectadas nos diferentes departamentos da Xerencia para o teletraballo do seu persoal, sendo preciso sumar aos equipos xa adquiridos anteriormente, os suficientes para cubrir unha necesidade de carácter imprevisto e non programable.

Ante a dificultade e urxencia de obter os necesarios ordenadores portátiles que permitisen a dotación aos empregados de esta Xerencia Municipal de Urbanismo,

dos medios de traballo adecuados para levar a cabo o cumprimento da Resolución do Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 15 de marzo de 2020 e acadar o correcto funcionamento e non paralización da actividade a desenvolver no organismo autónomo municipal, foron solicitados presupostos ao efecto a diferentes entidades, que ante a falta de material existente, aos requisitos que debían reunir os equipos a achegar, e segundo a dispoñibilidade, aportaron presupostos en diferentes momentos permitindo a súa adquisición, segundo consta nos arquivos informáticos desta Xerencia Municipal, priorizando a dispoñibilidade e rapidez na entrega a fin de non interromper o desenvolvemento das funcións correspondentes ao Organismo Autónomo.

A realización das diferentes adquisicións non supoñen fraccionamento, tal e como recolle a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Aragón, no seu Informe 1/2017 de 1 de febreiro, ao non consistir nun intento de diminución da cuantía e eludir os requisitos procedimentais e de publicidade, que lle corresponden, tendo en conta que o importe total e os aspectos definitorios da contratación suporían, en caso de tramitación ordinaria, a aplicación do procedemento simplificado abreviado por lotes, con sometemento ao principio de concorrencia e eficiente utilización dos fondos públicos, e que o artigo 120 LCSP permite na contratación por emerxencia da non tramitación do correspondente expediente de contratación.

Con data 17 de marzo de 2020, a entidade "INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA S.L.", en contestación á solicitude de presuposto formulada, comunica a dispoñibilidade de 50 equipos portátiles, achegando presuposto para á adquisición de 50 equipos portátiles Acer TravelMate P2 TMP259-M-316S e un prazo de garantía de 3 anos.

Con data 24 de marzo de 2020, no expediente número 12384/407, á vista do informe-proposta emitido pola técnica de administración xeral, co conforme do xefe dos Servizos Centrais, pola Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo ditouse a seguinte resolución:

"PRIMEIRA.- Subscribir a declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo na súa sesión de data 3 de marzo de 2020.

SEGUNDA.- Autorizar a contratación mediante tramitación por emerxencia da adquisición de 50 portátiles para posibilitar o teletraballo do persoal da Xerencia Municipal de Urbanismo de acordo co presuposto achegado en data 17 de marzo de 2020, por importe de 22.530,50 euros máis 4.731,41 euros en concepto de IVE, adjudicando a entidade "Internacional Periféricos y Memorias España, S.L." con CIF. B-62758602 á dita subministración conforme ao presuposto achegado e con suxeición ao establecido no artigo 120 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

TERCEIRA.- Aprobar o gasto relativo a contratación do subministro de 50 portátiles por un importe de 27.261,91 euros (IVE engadido), de acordo co disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do Texto refundido a Lei Reguladora das

Facendas Locais.

CUARTA.- Notificar a presente resolución aos interesados facendo constar que contra a mesma, que pon fin a vía administrativa poderá interpoñer potestativamente, recurso de reposición no prazo dun mes, a contar dende o seguinte ao da recepción da presente notificación ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da recepción desta notificación. Todo isto sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.”

Con data 7 de abril de 2020, pola entidade “OPCON INFORMÁTICA” con CIF B36858512, comunicase a dispoñibilidade de 13 equipos portátiles LENOVO V130-151KB 81HN, achegándose presuposto por importe de 6.802,44 euros (IVE engadido).

Á vista do presuposto achegado e do informe-proposta asinado pola técnica de Administración xeral co conforme do xefe dos Servizos Centrais, no expediente 12410/407, en data 13 de abril de 2020 a Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo ditou a seguinte resolución:

“PRIMEIRO.- Aprobar a tramitación do presente procedemento administrativo de adquisición de equipos portátiles para a Xerencia Municipal de Urbanismo, ao abeiro do establecido no Decreto do Presidente do 15 de marzo de 2020 e na Disposición adicional terceira do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, ao ser o seu obxecto necesario para o funcionamento básico dos servizos públicos.

SEGUNDO.- Subscribir a declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo na súa sesión de data 3 de marzo de 2020.

TERCEIRO.- Autorizar a contratación mediante tramitación por emerxencia da adquisición de 13 equipos portátiles para posibilitar o teletraballo do persoal da Xerencia Municipal de Urbanismo de acordo co presuposto achegado en data 7 de abril de 2020, por importe de 5.621,85 euros máis 1180,59 euros en concepto de IVE, adxudicando a entidade “OPCON INFORMÁTICA S.L.” con CIF. B-36858512 á dita subministración conforme ao presuposto achegado e con suxeición ao establecido no artigo 120 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

CUARTO.- Incoar a oportuna modificación orzamentaria para dotar á aplicación orzamentaria 1510.6260000 do estado de gastos do vixente orzamento, do crédito necesario para facer fronte ó gasto que se deriva da subministración de equipos portátiles na Xerencia Municipal de Urbanismo.

QUINTO.- Dar conta da presente contratación ao Consello da Xerencia na primeira

sesión que se celebre.

SEXTO.- Notificar a presente resolución aos interesados facendo constar que contra a mesma, que pon fin a vía administrativa poderá interpoñer potestativamente, recurso de reposición no prazo dun mes, a contar dende o seguinte ao da recepción da presente notificación ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da recepción desta notificación. Todo isto sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente."

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Normativa de aplicación

- Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.
- Real Decreto 8/2020 de 17 de marzo de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.

2.- Tramitación de emerxencia

A tramitación de emerxencia está regulada no artigo 120 da LCSP que a limita a aqueles contratos que veñan determinados pola necesidade dunha actuación inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional. Caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

Os supostos nos que cabe a tramitación de emerxencia son os seguintes:

- 1) Acontecementos catastróficos.
- 2) Situacións que supoñan grave perigo
- 3) Necesidades que afecten á defensa nacional.

Tal como sinala o artigo 16 do Real Decreto-lei 7/2020 de 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19, a

crise xerada polo coronavirus COVID-2019 podería cualificarse como unha situación que supón grave perigo, o que permitiría aplicar a tramitación de emerxencia (artigo 120.1 LCSP).

Este réxime excepcional caracterízase polas seguintes notas:

1. O órgano de contratación, sen obrigación de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na presente Lei, incluso o da existencia de crédito suficiente. No caso de que non exista crédito adecuado e suficiente, unha vez adoptado o acordo, procederase á súa dotación.
2. O prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción do acordo. Si excedécese este prazo, a contratación de devanditas prestacións requirirá a tramitación dun procedemento ordinario.
3. Executadas as actuacións obxecto deste réxime excepcional, observarase o disposto na lei sobre cumprimento dos contratos, recepción e liquidación da prestación.
4. As restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación ordinaria.

Nos mesmos supostos, o artigo 117 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local faculta ó Presidente da Corporación a “ordear a directa execución das obras” ou a contratalas libremente, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais legalmente establecidos”, recollendo o no seu apartado primeiro a necesidade de dar coñecemento ao Pleno da Corporación das actuacións realizadas.

De conformidade co recollido na disposición adicional segunda da LCSP e co establecido no artigo 10º.2. h) dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo (na súa versión consolidada publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 6 de outubro de 2010), a competencia para a aprobación da contratación do subministro de ordenadores portátiles na Xerencia correspondería ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo ao superar o limite establecido para a contratación menor no artigo 118 da LCSP.

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, como consecuencia da situación de crise sanitaria e posterior declaración do estado de alarma, contempla na súa Disposición Adicional Terceira, como regra xeral, a suspensión automática da totalidade dos trámites e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, podendo excepcionarse, segundo o seu apartado 4, en aqueles procedementos administrativos indispensables para a protección de interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos, mediante acordo motivado.

Dita suspensión afectaba no momento da contratación aos procedementos de convocatoria e celebración de sesións do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, nos que non consta adoptado acordo expreso nos termos indicados no parágrafo anterior.

De igual xeito, pola Disposición adicional segunda, do Real Decreto-lei 11/2020 de 31 de marzo procedeuse a modificación do artigo 46.3 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permitindo a celebración de sesións e adopcións de acordos dos órganos colexiados das Entidades Locais, mediante medios electrónicos e telemáticos sempre que ditos medios cumpran determinadas garantías, non constando, nesa data, establecida esta posibilidade no referente ás sesións do Consello da Xerencia.

Á vista do punto oitavo do Decreto do Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo de data 15 de marzo de 2020 habilítase á Vicepresidenta da Xerencia para a adopción dos procedementos de urxencia, emerxencia ou extraordinarios contemplados na lexislación vixente, así como a ampliación ou suspensión de prazo e procedementos afectados por esta situación excepcional.

3.- Dación de conta ao Consello.

Á vista do exposto nos antecedentes e normativa sinalada entendese que resulta procedente a elevación ao Consello da Xerencia, da contratación realizada por mor do subministro de equipos informáticos para o desenvolvemento do teletraballo polo persoal da Xerencia Municipal de Urbanismo, de conformidade co artigo 120.1 LCSP dándose conta dos acordos de contratación de emerxencia levados a cabo, ao efecto, pola Vicepresidenta da Xerencia, en virtude da Resolución do Alcalde do Concello de Vigo e Presidente do organismo autónomo de data 15 de marzo de 2020.

En base aos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, propónse ao Consello da Xerencia a adopción do seguinte acordo:

Dar conta ao Consello da Xerencia e ao Pleno da Corporación da tramitación e actuacións realizadas consistentes na contratación por emerxencia do subministro de equipos portátiles a fin de posibilitar o teletraballo do persoal pertencente á Xerencia Municipal de Urbanismo, en cumprimento das medidas adoptadas para facer fronte ao COVID-19.”

Toma de coñecemento do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na sesión do 21 de abril de 2020.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

9(55).- MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INICIAR A ELABORACIÓN DUN PLAN GALEGO DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2421/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de maio de 2020, número 2421/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“A crise económica e social que xa estamos a vivir como consecuencia da pandemia da Covid-19, vai ter unha virulencia especial na Galiza, cunha situación económica xa moi debilitada e dependente.

Na cidade de Vigo, os datos do paro rexistrado, con 24.742 persoas paradas en abril, así como o enorme impacto dos ERTE que afectan a moitos millares de traballadoras e traballadores, a situación límite que atravesan a meirande parte dos 18 mil traballadores e traballadoras autónomas e as graves dificultades que padece o tecido comercial e as PEME, son indicadores do risco real de que a crise sanitaria do coronavirus acabe por se traducir nun aumento exponencial do desemprego, da precariedade, do empobrecemento e na desertización do tecido empresarial e produtivo. Aliás, as dificultades que xa estaban a atravesar actividades estratéxicas da nosa industria, como a construción naval ou a automoción, poden verse agravadas de maneira fatal de non mediar unha intervención pública que garanta a continuidade da actividade e do emprego.

Nesta situación é imprescindible facer políticas atrevidas, valentes e decididas que rachen coa dinámica de parcheo que o único que fai é sustentar o sistema e rebota os efectos da crise sobre os sectores máis desfavorecidos, sobre as clases

populares. Os grandes beneficiados, se non o remediamos serán a banca e as grandes corporacións económicas.

As decisións que poidan adoptar os concellos para facer fronte á crise dende o ámbito local van depender, en grande parte, das medidas legislativas e executivas que se adopten polo Estado español e pola Xunta de Galiza. Emporiso, para que a administración local poida despreparar a súa capacidade de actuación nesta situación é fundamental a derogación da lei de Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (lei Montoro), xa que esta lei recolle tres regras fiscais -estabilidade, regra de gasto e débeda- para priorizar o pago da débeda aos bancos. Esta lei deriva da modificación do art. 135 da Constitución española en 2011. Sen a derogación desta norma as posibilidades de actuación das diferentes administracións, e singularmente dos concellos, veríanse moi minguadas e quedarían reducidas a actuacións de asistencialismo de moi escaso alcance.

Resultan moi preocupantes as informacións en distintos medios de comunicación da intención do Ministerio de Facenda de utilizar os depósitos remanentes municipais, no canto de permitir que sexan utilizados polos concellos. Esta decisión deixaría á administración local sen ningunha capacidade de acción.

Nunha situación como a que estamos a vivir é fundamental a elaboración de mecanismos de solidariedade social a nivel galego, con claridade dos recursos dispoñíbeis en cada nivel de intervención pública, a priorización no emprego colectivo destes recursos para que cheguen a quen os precisa e o exercicio responsábel das competencias de cada administración, evitando duplicidades, solapamentos e baleiros inadmisíbeis.

Para isto faise preciso a elaboración dun Plan galego de reactivación económica e social, consensado entre as distintas administracións, forzas políticas, sectores e axentes sociais. Este proceso debe estar dirixido polo Goberno galego e referendado polo Parlamento de Galiza.

A FEGAMP, como asociación dos concellos e deputacións galegas, debe xogar un papel fundamental, sen delegar na FEMP a representación dos concellos galegos. Os concellos galegos van ver máis diminuída a súa capacidade de intervención, investimento e gasto se a interlocución municipal ten como referencia o mapa municipal estatal sen atender as particularidades do noso territorio e da administración local galega.

Dada a estrutura da economía galega, cunha elevadísima porcentaxe de traballadores e traballadoras por conta propia e pequenas empresas, o plan galego debe ter especialmente en conta a súa situación e establecer axudas directas, complementarias das do estado, para que podan seguir a desenvolver a súa actividade. Debe haber unha actuación urxente do goberno galego a estes sectores da economía, como xa aprobaron outras comunidades autónomas.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1 Instar a Xunta de Galiza a iniciar a elaboración dun Plan galego de reactivación económica, consensuado con todas as administracións, forzas políticas, axentes e sectores sociais, no que se delimiten claramente as competencias das distintas administracións, para evitar duplicidades e baleiros no emprego dos recursos públicos.
- 2 Instar a Xunta de Galiza á elaboración con urxencia dun Plan galego de axudas, que complemente as medidas do Estado, a traballadores e traballadoras autónomas e as PEME.
- 3 Instar a FEGAMP e a Xunta de Galiza a esixir a derogación da Lei Montoro para permitir que os concellos poidan desenvolver toda a súa capacidade de investimento e gasto, dispoñendo dos seus excedentes orzamentarios e dos remanentes de tesourería.
- 4 Manifestar a firme oposición da Corporación Municipal a calquera pretensión do Ministerio de Facenda, ou de calquera outra administración, de incautar ou bloquear fondos e recursos municipais.

DEBATE:

SR. PÉREZ IGLESIAS: Se houbo un elemento constante durante o que xa levamos de crise derivada do COVID-19, foi a incomparecencia da Xunta de Galicia, a ausencia permanente do goberno galego na principal cidade deste país, para alén da propaganda, para alén das fotos da delegada da Xunta de Galicia, a ausencia foi esa constante.

A crise do coronavirus está a provocar xa importantes efectos sociais e económicos na nosa cidade, xa somos preto de 25.000 parados/as, millares de traballadores/as afectados por ERTE, 18.000 autónomos nos que na súa maior parte están a atravesar moitas dificultades, a situación límite das PEME e do tecido comercial ao que se engade as dificultades que xa existían en actividades estratéxicas como son a industria, construción, naval ou o sector do automoción. E por iso que dende o Bloque Nacionalista Galego con esta moción o que queremos é trasladar a mensaxe de que é momento de que a Xunta de Galicia actúe, que é momento de que o goberno galego exerza nas súas competencias, e para iso queremos trasladar unhas serie de propostas instando en primeiro lugar a que se poña en marcha un plan galego de reactivación económica elaborada co consenso das forzas políticas tamén das diferentes administracións e os axentes

sociais, un Plan Galego de reactivación económica que ten que incluír tamén un plan de axudas urxentes que complementen as doutras administracións e singularmente as que poña en marcha o goberno do estado.

Entendemos que é o momento de que tanto a FEGAMP, en nome de tódolos concellos galegos e a Xunta de Galicia esixan a derogación da Lei Montoro pero tamén entendemos que é o momento de que esta Corporación municipal exprese eu creo que o sentir unánime ao rexeitamento diante de calquera tentación por parte do Ministerio de Facenda ou de calquera outra administración de incautar os recursos dos concellos. Queremos que o Concello de Vigo poida utilizar os recursos que ten.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: A situación actual de emerxencia porque incido nun momento obsesivo do sector servizos como único motor económico na ausencia dunha política industrial que sosteña os sectores produtivos estratéxicos, incido na entrega dos nosos recursos naturais ó servizo das grandes multinacionais e por suposto, inciden no continuísmo en algo que xa se regulou como fatal. Os recortes e privatizacións dos servizos públicos, sociais, de coidados, da educación o anuncio por certo que recentemente fixo a Xunta de Galicia da privatización das universidades galegas, e que tivo que retirar en menos de 24 horas pola acollida, digamos pouco amigable, son medidas que nos afunden, son todo o contrario a un Plan de recuperación ou pode ser tamén que as medidas do Sr. Feijóo si constitúan un determinado Plan de recuperación económica, os dos seus amigos, o que prioriza os beneficios para as grandes empresas ou do Camiño de Santiago de Compostela mentres afonda na precariedade laboral e na emigración a única alternativa para mocidade. Urxe ao sector un Plan de reactivación económica que despegue políticas públicas en favor das necesidades das maiorías sociais e moi especialmente como esta crise sanitaria medidas que fortalezan e non vendan a sanidade pública, onte confirmouse o que moitas levabamos anos reclamando, a empresa privada debe pagar impostos, e o hospital Álvaro Cunqueiro é unha empresa privada, a Xunta de Galicia sempre o negou, de aí a súa negativa de pagarlle ao Concello de Vigo o IBI do hospital Álvaro Cunqueiro, a xustiza deu a razón a máis de 200.000 vigueses/as, veciños da contorna e saímos á rúa en Vigo, no ano 2015 denunciando a privatización do hospital, porque o hospital é privado,

sempre o foi e seguimos pagando cada ano ese hospital a prezo de ouro, en definitiva, compre un Plan Galego de reactivación económica, estamos totalmente de acordo e compre tamén superar a xestión que fixo o Sr. Feijóo durante esta crise, a súa metodoloxía adoptando medidas mentres evitaba en todo o posible o control institucional, iso impediu a participación de organismos como o do Consello Económico-Social e Consello Galego de Relacións Laborais na avaliación das saídas á crise social e económica derivadas desta pandemia, cando nestes organismo participan axentes socio-económicos con participación sindicais e entidades civís de acordo coa súa representatividade do presidente da Xunta de Galicia efectivamente debería escoitar e respectar, non me vou a estender máis, nós votaremos a favor desta moción.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: A verdade que eu cando o Bloque Nacionalista Galego presenta a súa moción e ten dous minutos para facer a proposta, e eu 5 para contestar dáme pudor o que pasa é que logo véndolle falar e vendo como se retorce, como se contorsiona para poder chegar a unha crítica coa Xunta de Galicia se me quitan as ganas e vou a empregar os 5 minutos, vostedes vanme desculpar. Porque vostede presente unha moción ao Concello sobre reactivación económica na que non pide ningunha medida de reactivación económica ao Concello, porque vostede presenta unha moción para derrogar a Lei Montoro, moi ben e llo piden o goberno ás Cortes Xerais, non, lle pide que o Concello de Vigo é máis a FEGAMP, aí retorcendo o argumento lle pidan á Xunta de Galicia a derogación da Lei de Montoro, por iso digo que cando se fai política en vez de falar das necesidades reais dos cidadáns, pasan estas cousas que se presente unha moción ao Concello sen pedir ningunha medidas económica ao Concello, que se presento unha moción ao Concello non pedindo que o Concello se dirixa a ninguén pedindo que se derogue algunha lei, senón que se dirixa á Xunta de Galicia e a FEGAMP para esta leve o recado a non sabemos onde. E tamén se fai ocultando unha realidade, nós estamos de acordo en calquera medida económica que teña que facer a Xunta de Galicia, o Estado e demais, no que se nos estraña é que nesta moción que se van a dirixir ao Estado a través da Xunta de Galicia, mediante intermediario, non pidan tampouco ningunha medida do estado mais alá de que non se incaute do superávit do Concello a que nos aferramos con toda as nosas forzas pero que como

acabamos de ver no punto anterior, non executamos posto que como digo, ven a corta parte do 20%, dito isto, é sabido que a xunta de Galicia por exemplo, a través das entidades bancarias paga, anticipa os cartos dos ERTes, que o estado, o SEPE, non paga, sabemos tamén que a Xunta de Galicia puxo a disposición das pequenas empresas e dos autónomos 250 millóns de euros, unha liña de préstamos que avalía ata 200.000 euros a cada negocio para as súas necesidades, como pago salarios, facturas, alugueres ou impostos, impostos como os nosos que aprazamos pero que non eliminamos, nin reducimos, outorgamos 4 anos dende a Xunta de Galicia para amortizar eses préstamos e a Xunta de Galicia faise cargo dos xuros, se inxecta liquidez en 250 millóns de euros, dos cales xa se executaron 240 millóns, fíxense nos comezamos o ano nun trimestre executando o 12 %, a Xunta de Galicia nesta liña xa leva 80% e se incrementará, se aprazan as cotas de amortización de xuros, etc. Nestas medidas se suman 275 millóns de euros e tamén son para os autónomos, se fixo tamén axudas sectoriais, como un programa para entidades sociais de inclusión o máis grande da historia de Galicia, 18,3 millóns de euros, ao Alcalde non lle gustou porque eran para entidades sen ánimo de lucro, se subiu a esa montaña dos 95 millóns de euros da tesourería e desde enriba desa montaña lle dixo á Xunta de Galicia quero cartos eu tamén, que vergoña impedindo que cheguen 18,3 millóns de euros ás entidades de inclusión social de Galicia que son as que están traballando no ámbito social. Se fixeron públicas as axudas extraordinarias a alugueiros destinadas a persoas en situación de vulnerabilidade, 8 millón de euros, existen esas axudas aos alugueiros, xa se publicaron, si chegaron e se publicaron, se acordou prolongar ata finais de 2020 a axuda extraordinarias ás familias galegas beneficiarias do bono de alugueiro social o que non sabemos é o que vai pasar cos 16.000 millóns de euros que o estado vai a repartir ás comunidades autónomas, vai a repartir ás comunidades autónomas precisamente para facer fronte a crise do COVID-19, pero si sabemos unha cousa, que no criterio de reparto que se fixo público novamente se volve a discriminar a Galicia, e hai outras comunidades autónomas que tamén teñen partidos que sustentan o seu goberno e o goberno do Estado que perciben máis curiosamente, criterios que veremos, tamén sabemos si, efectivamente con esa proposta a rexeitaron ata comunidades socialistas, esa proposta de reparto dende entón non se puido saber nada, haberá que facer un consenso.

En calquera caso, nós imos nesta moción que ten cousas que vemos que son positivas como a creación dun Plan recuperación económica, vemos que lle fallan moitas outras, que hai xente que non esta, que hai administracións que non están e por iso nós imos abster.

SR. LÓPEZ FONT: A Verdade é que moción para contestar é ao membro adscrito pero tal e como introduciu o debate o Sr. Marnotes, a verdade é que tódolos datos que facilita aquí Sr. Marnotes temos que facer ver porque claro cando se enche a boca de falar de grao de execución e IGAPE o ano pasado só executou o 62% e nega 53, Axencia Galega de Innovación 65% e o Instituto Galego de Vivenda o 49%, non son vostedes ninguén para dar clases e non comecemos porque non interrompín a ninguén ata este momento.

Mire Sr. Pérez Iglesias, a súa moción a verdade é que está chea de boas intencións, o que pasa é que xa o comprobamos polo voceiro da Xunta de Galicia neste Pleno que está dirixida a unha administración que non deu probas de que o que aquí se propón poida saír adiante. A mellor proba a tivemos aquí, neste Pleno, nos dous Plenos anteriores todo coincidimos en que na situación excepcional na que estamos, fomos os concellos os que realmente atacamos as necesidades que teñen os cidadáns, e neste sentido creo e así foi recoñecido que a actuación do Concello de Vigo foi absolutamente inmellorable, non houbo ningunha medida da Xunta de Galicia nesta cidade con respecto á situación do COVID-19, ningunha é ningunha, por moito que se queira dicir e ata agora tivemos que abordar unha política de choque en actuacións de política social. Este Concello se diga o que se diga que era a mellor política social de España e se confirmou o que precisamente nunha situación excepcional e logo a miña compañeira a Sra. Aguiar seguro que ten ocasión para dicilo con detalle, actuamos.

O que pasa Sr. Pérez Iglesias nós e noso modelo en relación coa situación na que nos atopamos e coa que se avexia noso modelo é absolutamente oposto ao que vos propoñen aquí. O noso modelo é o da FEMP, é o modelo de defender de municipalismo, de reivindicar o que o municipalismo significa co goberno do Estado o primeiro, independentemente de quen governe que neste momento goberno o Partido Socialista con Unidas Podemos, pero tamén en comunidades autónomas, e polo tanto, o noso modelo, como lle dicía, é o modelo que imos a ver

na próxima moción, e é certo que se fala de competencias nesta moción e imos a falar moito de competencias seguro a partir de agora, pero nós precisamente onde nos queremos centrar é no que temos que facer na cidade de Vigo co coñecemento da realidade que temos aquí e polo tanto, que a Xunta de Galicia debe de abordar un plan de reconstrución, pois é obvio que debe actuar en aquilo que lle competa, é obvio independentemente que non o fixera ata o momento, o que pasa é que tal como se propón esta moción entendemos máis que é un debate do Parlamento de Galicia porque o que aquí se reclama debería de ser obxecto de debate no Parlamento de Galicia e para toda Galicia, o que ocorre é que nós, e verémolo na seguinte moción, o que cremos é que a Xunta de Galicia debe axudar ao municipalismo, xa debería habelo axudado, pero debe de axudar aos concellos, e ademais temos toda a autoridade moral para dicilo dende este Concello, primeiro porque o fixemos nestas actuacións de choque que eran absolutamente necesarias para cubrir as necesidades básicas de aqueles que máis o necesitaban. Segundo, porque dixemos que os nosos propios aforros os poñemos a disposición o que pasa é que non nos fiamos do goberno da Xunta de Galicia e como queira que non nos fiamos do goberno da Xunta de Galicia queremos centrar o debate no que aquí nos corresponde, nas actuacións que podemos facer certamente nós e polo tanto, reivindicamos o que reivindicamos na moción seguinte.

Nós non queremos apoiar esta moción, tampouco queremos votala en contra porque seguro que lle serviría ao goberno do Sr. Feijóo como escusa para dicir que o queremos todo, un Plan de Galicia, un Plan municipal e demais e nós sabemos moi ben o que queremos, polo tanto, nesta moción chea de boas intencións como lle dicía ao principio nós para non evitar a súa aprobación nos absteremos dado que o noso modelo é o da seguinte moción.

SR. PÉREZ IGLESIAS: En primeiro lugar, a decisión do grupo municipal do Partido Popular de asistir neste salón de Plenos como subdelegación da Xunta de Galicia non é imputable a este concelleiro, eu entendo que estean incómodos/as con esta cuestión como o tema a Lei Montoro, que van dicir da Lei Montoro, se reprochaba a ausencia de medidas concretas, o Bloque Nacionalista Galego dende o inicio da crise trasladamos a nivel galego un paquete de máis de 150 medidas concretas, máis si que entendemos que o fundamental será que ese Plan de reactivación non

sexa só resultado das propostas do BNG, senón que sexa resultado do acordo de todas as forzas políticas, dos diferentes administracións, das diferentes tamén axentes sociais. Se reprochaba o voceiro do Partido Popular de que non traíamos reclamacións ao nivel municipal, o BNG formulamos a demanda de maneira pública, notoria e se abordou nunha sesión plenaria, dunha estratexia local de promoción económica e do emprego e a coñece ben o Sr. Marnotes porque dous días despois de que a presentarmos publicamente a mal fusilaron, a mal copiaron para presentala como un paquete propio, entón non se trata diso, en todo caso esta moción o que pretende é que a Xunta de Galicia actúe.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Alcalde-Presidente).

VOTACIÓN: Con tres votos a favor do concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e vinte e tres abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.05.2020 (Rex. Nº 2421/1101), polo concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

10(56).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA Á CREACIÓN DUN “FONDO DE ACCIÓN LOCAL” DESTINADO AOS CONCELLO E DEPUTACIÓNS POR UN TOTAL DE 300 MILLÓNS A APROBAR NO PRAZO DUN MES. REXISTRO PLENO 2423/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de maio de 2020, número 2423/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Desde o inicio da crise da COVID19 o Concello de Vigo tivo que asumir uns importantes gastos sociais en actuacións de política de choque para atender ás necesidades máis básicas daqueles que non podían dispoñer das mesmas.

Pero tamén se tomaron decisións obrigadas polo estado de alarma que repercutiron de forma inmediata nas arcas municipais e que van repercutir de forma moi notable no inmediato futuro desequilibrando o orzamento municipal.

A paralización de actividades de empresas concesionarias que darán lugar ás oportunas compensacións futuras forman parte dun gasto que deberemos afrontar e que, por suposto, non tiña previsión nin cobertura. O incremento do gasto social, a necesidade de apoio na reactivación da economía local e outras medidas que se deberán adoptar forman un conxunto que afectará á política orzamentaria.

Nesta situación extrema, todas as administracións deben establecer plans de axudas para paliar estes efectos.

Un exemplo para imitar é a decisión do Goberno do Estado de destinar 16.000 millóns de euros ás Comunidades Autónomas. Por iso entendemos que a Xunta de Galicia debe seguir este exemplo de apoio á administración máis próxima aos cidadáns e ás cidadás, os Concellos. Porque asumimos competencias cos cidadáns e coas cidadás que nos son propias e inclusive moitas que son impropias e que debería de asumir a Xunta de Galicia desde hai xa tempo por formar parte do Estatuto de Autonomía de Galicia, cuestión amplamente demandada no tempo.

É hora de que o Goberno de Galicia, nesta situación histórica, apoie de forma decidida a todos os galegos a través dos Concellos para cubrir polo menos unha parte da incidencia económica que vai ter esta crise.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia á creación dun "fondo de acción local" destinado aos Concellos e Deputacións por un total de 300 millóns, a aprobar no prazo dun mes."

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: A incidencia do COVID-19 sobre as arcas municipais é evidente que vai a ter unha transcendencia moi importante, nos imos a ver necesariamente obrigados a tomar moitas decisións nunha carencia determinada e como xa dicía anteriormente o primeiro foi abordar a política social, o impacto sobre aqueles que se atoparon dun día para outro nunha situación precaria, isto foi absolutamente fulminante e apareceron máis persoas vulnerables e con necesidades inmediatas que as que tiñan anteriormente, este Plan de choque, de subsistencia é o que tivo un percorrido máis preto pero vemos lóxicamente que esta situación vai a ter un alcance certamente maior. Para preservar a saúde das viguesas/es se deberon de tomar decisións, a sabendas de que tiñan un impacto económico que ía ser importante e o estricto confinamento ao que nos tivemos que someter todos deixou paralizada a actividade e por exemplo o transporte é un deles, pero tamén tivemos que paralizar toda a actuación e actividade da XER, polo tanto, isto é evidente que vai a ter unha repercusión económica importante. O Concello de Vigo por moito que se diga é un exemplo de boa administración, e é certo que o seu superávit ten que axudar nestas actuacións cando oio ao Partido Popular falar da Lei Montoro e falar de incautación, teremos tempo pero certamente me sorprenden porque son vostedes os culpables de que esteamos falando desta cuestión. Dicía que fomos os primeiros en dar exemplo, dixemos de gastar os nosos aforros en aquilo que sexa necesario pero tamén outras administracións deben de realizalo, e aquí é onde entro na contundencia de que é momento de que as administracións, todas, teñan que axudar ao mundo local, o Alcalde de Vigo e presidente da FEMP está nunha defensa en rigor, nunha defensa moi seria de que o goberno do Estado ten que axudar aos concellos e de feito a FEMP, Sr. Pérez Correa, se refería a elo, acordou de forma unánime de solicitar do goberno do Estado un fondo de 5.000 millóns e un fondo de 1.700 millóns de euros para atender o tema o transporte, polo tanto, aquí non hai aquilo de goberno amigo ou goberno non amigo, esa autoridade moral é a que nos fai propoñer aquí o que a Xunta de Galicia ten obrigacións, o

que a Xunta de Galicia ten que dar un paso adiante tal e como dicimos na nosa moción coa creación dun fondo de actuación municipal, precisamente porque son moitas as cuestións que imos a ter que abordar, precisamente porque aínda queda moita política social por diante, é por isto que a Xunta de Galicia debe de adoptar unha decisión neste sentido e debe de ser unha decisión urxente. Nós aquí propoñemos a creación dun fondo de acción municipal de 300 millóns de euros e este fondo debe de ser repartido evidentemente entendemos así con criterio poboacional porque como dicía debemos de atender as moitas necesidades que se van a propoñer a partires de aquí. E creo que neste sentido non estamos a dicir nin nada novo nin nada en contra nin a favor de ninguén, o goberno do estado deu un paso decisivo, un paso que significa a liña a que nós cremos coa constitución dun fondo de 16.000 millóns de euros para as comunidades autónomas, a Xunta de Galicia non fixo isto por agora coa administración que por debaixo, que somos nós os concellos, lle corresponde axudar. Polo tanto, tendo en conta que aquí ao Concello de Vigo e aos concellos non chegou neste momento nin euro da Xunta de Galicia, nin para o ámbito social, nin para ningún dos ámbitos é polo que insisto, propoñemos esta creación, constitución deste fondo de acción local de 300 millóns para atender ás necesidades que imos a ter os concellos e é evidente que a xunta de Galicia lle corresponde realizalo e lle corresponde atender a tódolos cidadáns de Galicia.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O Bloque Nacionalista Galego imos votar a prol desta moción coa que concordamos na súa proposta e claro que os concellos tiveron que enfrontar nunha evidente soidade e con moitas limitacións o Concello goza dunha determina solvencia económica financeira pero non todas as administracións locais deste país a teñen, os retos e as necesidades inminentes que presentou a crise do coronavirus. Nisto si que hai algunha discusión de fondo, apuntaba o voceiro do Partido Socialista no debate da moción anterior, é evidente que non compartimos a mesma concepción de municipalismo ou como debe desenvolverse a política local, a administración local neste país, pero en todo caso nós o que dicimos é que non é un problema de deseño competencial, é un problema de execución dese modelo competencial, é un problema de aplicación política, un problema de actuación política, dun goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia que non exerce

sistematicamente a súas competencias. Nós obviamente non imos concordar con adelgazar, con reducir á mínima expresión o papel da administración autonómica en beneficio dos concellos e de centralizala na administración central do Estado, pero ese sería un debate máis de fondo, máis dende logo si que entendemos que a Xunta de Galicia como mínimo nesta situación ten que asistir económica e financeiramente ás administración que están a facer o que debera facer a administracións galega.

Mais dito isto, o BNG apoiamos esta moción e estamos de acordo coa constitución de ese fondo de 300 millóns de euros destinados aos concellos pero como medida paliativa, que ninguén o tome e menos o Partido Popular como unha carta branca, como patente, para seguir a non exercer as competencias que lle corresponde á xunta de Galicia, nós o que queremos é que o Goberno galego governe, precisamente para iso se cadra non poden estar os mesmos xestores que están na actualidade, nós o que queremos é que a Xunta de Galicia asuma os compromisos que ten e que dende logo se adique a atender as necesidades sociais e atender as necesidades do conxunto do territorio galego.

SR. PÉREZ CORREA: Nós obviamente concordamos cunha cuestión que é debate precisamente antes referíame a el, cal é a función e o papel da administración autonómica nesta crise, e non so desta, non quero pecar de “jacobino”, dicindo que como algún partido vai formulando de que desaparezan as comunidades autónomas e que entre os estado e os concellos non exista nada, ou cando menos a figura do rexedor rexional, nós estamos a propoñer que é unha evidencia que nesa batalla competencial a administración autonómica, a maioría das administracións autonómicas porque outras non o fixeron así, hai outras como o País Vasco decidiu dar unha man importante non só da cuestión nomeadamente dos concellos senón tamén nunha parte importante das deputacións vascas que si teñen algún tipo de utilidade non como as deputacións provinciais no conxunto do Estado, cremos que ese debate o que lle facilitou ao goberno, sobre todo aos gobernos do partido Popular, é lavarse as mans con respecto ás responsabilidades e deixar en mans dos concellos porque sabían ademais como sempre é así que os cidadáns van antes a pedir axuda aos seus concellos que a outras ventanillas doutras administracións e iso significou que da noite á maña miles de solicitudes

de axudas se tramitaban a través dos concellos porque moita xente xa estaba acostumada, por exemplo a tramitar RIGAs ou tramitar axudas directamente nas administración locais, e estamos de acordo ademais que ese fondo e aí coincidimos co expresado, non só na cuestión que expresa o BNG de que non sexa tomado como unha cuestión para evitar responsabilidades doutras administracións, senón que non sexa tomado tampouco como que cunha cuestión dun fondo, dunha transferencias solventamos un debate que hai volver a poñer enriba da mesa que é o financiamento e a autonomía das como dicía o tristemente falecido Julio Anguita “os irmas pobres da democracia que son os concellos”, os grandes esquecidos nos debates e practicamente cada vez que se aborda a necesidade de financiar con recursos as administracións pois se fala de transferencias cando realmente temos que participar dunha maneira máis activa na carga impositivo e os concellos teñen que ter capacidade fiscal para ter máis autonomía.

Estamos de acordo de que sexa un fondo de 300 millóns como estamos tamén de acordo que obviamente o maior fondo ou o maior favor que se lle pode facer ás administracións locais agora mesmo é que eses máis de 30.000 e pico, case 40.000 millóns de euros que están en contas bancarias, se abriera un debate creo que era unha alcalde recentemente que eses recursos cando menos en vez estar en contas bancarias de entidades bancarias privadas estiveran pois postos en letras do Tesouro polo menos para ter un investimento ou un retorno público, porque eses 40.000 millóns de euros agora mesmo o que fan é provocar incentivos económicos á entidades bancarias privadas, cando menos que buscáramos un debate sobre esa cuestión, por si que queríamos entrar nalgunha aseveración que se fai nesta moción e fala de paralización da actividades das empresas concesionarias que deron ou que van a dar lugar a determinadas compensacións económicas e se poñía o exemplo da ORA, de Dornier, espero que na empresa concesionaria da recadación executiva que fixo un ERTE de 20 traballadores, que Dornier que fixo un ERTE tamén de 30 e pico de traballadores cando menos se lle descuenten os salarios porque llos estamos a pagar tódolos cidadáns do estado español a través de ERTEs nos que se aforra, no caso de Dornier o 80% do custe de explotación do servizo e o caso do Dornier é extremadamente grave porque a Dornier se lle fixo unha suspensión dos servizo polo tanto, tiña garantido os pagos

por parte do Concello como lle paga regularmente a través do canón de explotación do servizo, pero curiosamente Dornier decide meter ao cadro de persoal nun ERTE de ámbito estatal e por iso este grupo municipal antes de aseverar o que nos vai a custar a paralización de determinadas concesións municipais queremos todos e cada un dos informes que xustifiquen o que se vai a dar concesionarias municipais, algunhas delas para nós absolutamente irregular que non teñan unha suspensión de facto como é a concesionaria de recadación executiva cando tódolos procesos administrativos de recadación estaban suspensos e polo tanto, non tiña sentido propoñer os ERTes e cando digo que non tiña sentido porque o propio Real Decreto dicía que para que as concesionarias públicas non xeralicen as figuras dos ERTes os concellos deberán garantirlle a través obviamente dos recursos dos propios concellos cando menos os salarios, ás cotizacións, os alugueiros e as cuestións de explotación do servizo digo porque iso non é un tema menor cando se nos di por exemplo que hai que dar 10 millóns de euros de indemnización a Vitrasa, metendo 50% do cadro de persoal nun ERTE e no caso de Vitrasa creo que teríamos cando menos coñecer cales van ser esos importes, estamos de acordo pero pedimos auditora pública das indemnizacións que se lle van facer ás concesionarias e se algunhas teñen cláusulas abusivas que lle permiten como o caso de Vitrasa que no caso de non ter 20 millóns de pasaxeiros o no caso de non alcanzar unha progresión que pedir indemnización que a futuro non as volvan a ter.

SRA. LÓPEZ ROMÁN: Pero creo que debemos de ser conscientes tamén de que a Xunta de Galicia estea sendo referente a nivel nacional en canto a xestión desta crise, vostedes están solicitando a creación dun fondo social destinado aos concellos e eu lle digo que esta labor social que están a reclamar xa se puxo en marcha na Xunta de Galicia dende o 13 de marzo do ano 2020, o goberno fixo un Plan Social de continxencia para atender ás necesidades existenciais da sociedade galega durante este situación de urxencia sanitaria. Este plan presenta as seguintes medidas das que están se está a beneficiar o Concello de Vigo e vostedes están dicindo constantemente que non, reforzouse a renda de inclusión social en Galicia, en concreto se tomaron tres medidas, en paga, se flexibilizou a súa tramitación e se permite que as persoas que superen os 65 anos segan

cobrando esta percepción mentres dure esta situación, en Vigo foron 2.397 persoas o número de perceptores no mes de abril, o servizo de Axuda de Fogar extraordinario para axudar as persoas maiores nas tarefas diarias, se asignaron ao Concello de Vigo 23.293 horas ao mes para ofrecer este servizo, axuda económica para os nenos que teñen unha renda de comedor nunha escola infantil, nun colexio ou nun instituto, esta medida están sendo beneficiadas 300 familias de Vigo, usuarios das escolas infantís, teléfono social de emerxencia aquelas persoas con rendas básicas da vida cotiá, persoas que necesitan atención psicolóxica especializada e persoas que están nunha situación de vulnerabilidade, se ampliou o servizo de Xantar na Casa en Vigo, na actualizada hai 65 novas incorporacións, se puxo a disposición das persoas un correo electrónico para a detención rápida das persoas de risco e resolvela sempre da man dos servizos sociais de base, en Vigo tablets e teléfonos a centros residenciais de maiores, menores e discapacitados de toda Galicia, en Vigo se entregaron ao redor de 40 móbiles e tablets. Estase a facer un seguimento telefónico diario destinado ás 14.400 persoas maiores ou con discapacidade que son usuarios dun centro residencial. A maior orden de axudas a entidades sociais de inclusión da historia de Galicia, 18,3 millóns de euros, ademais disto a Xunta de Galicia está a preparar unha liña extraordinaria de axudas ás entidades que desenvolven programas de inclusión para facer fronte a esta emerxencia sanitaria, dotada 1,5 millóns de euros, a Xunta de Galicia investiu en Vigo, incluso moito máis que noutros concellos galegos, é importante lembrar que a Xunta de Galicia inviste en Vigo 55,8 millóns de euros en política social. Tódolos concellos, incluído Vigo, estanse beneficiando tanto de fondos estatais como de fondos propios da Xunta de Galicia a través das medidas que o goberno galego está sacando adiantes fronte a crise do COVID-19, Galicia foi unha comunidade pioneira no establecemento dun instrumento financeiro estable para entidades locais, o Fondo de Cooperación Local, que o ano pasado o total do fondo incluso aumentou un 3%, alcanzando un total de 128,7 millóns de euros para os municipios galegos, en concreto a cidade de Vigo recibiu dende o ano 2009, ao redor de 71 millóns de euros que puido gastar libremente. Ao finalizar gustaríame recalcar que Galicia recibiu ata o momento só 17 millóns de euros en materia de políticas sociais do goberno de España.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. López Román laméntoo non tela aquí e ter que dirixirme a vostede por vía telemática pero a verdade quen lle facilitara eses datos non sei se confundiu os desexos coa realidade porque non se axusta a nada do que aquí ocorreu. Me di a miña compañeira, concelleira de Benestar Social, que determinadas axudas das que vostede mencionou aínda despois de 75 días han recibido un correo electrónico o outro día pedíndolles documentación para poder asegurar a teórica axuda esta á que vostede fai mención, pero mire, basicamente despois de dicirlle que todos estes datos son inexactos e que non se corresponden coa realidade, aquí estamos a falar do que necesitamos, non vimos a facer un dar conta do que fixo a Xunta de Galicia ou no que no seu momento fixo coa constitución de non sei cantas historias porque agora xa me acaba de matar cando fala do fondo Cooperación social ao que asisto en representación da Deputación de Pontevedra e o 75% dos fondos dese Fondo de Cooperación é dado dixitalmente e a dedo por parte da Xunta de Galicia aos concellos amigos, unha pequena cantidade só vai en concorrencia competitiva, polo tanto, quíxose vostede desmarcar da moción, a moción, Sra. López Román e concelleiros/as do Partido Popular, é moi concreta, é a necesidade que ten o Concello de Vigo na situación actual e ante o que ven, para abordar economicamente, o seu compañeiro o Sr. Marnotes en parte do debate desta mañá, está a dicir que hai que dar un paso adiante, que hai facer algo máis, que hai que axudar, que 800.000 euros eran poucos, precisamente para saber todo o que queremos facer, é onde hai que posicionarse de se a Xunta de Galicia vai a crear un fondo para a acción local si ou non, e isto é o que teñen que dicir vostedes, o que teñen que dicir vostedes como concelleiras/os defensores do Concello de Vigo e si se posicionan a favor deste fondo, porque este fondo é absolutamente necesario, non sei o que van a votar pero o que é evidente é que do que estamos tratando é disto, de que cando saibamos a achega do estado, a achega da Xunta de Galicia e ás nosas posibilidades saberemos o que poderemos facer xa en contestación ao Sr. Marnotes.

Sr. Pérez Correa por suposto apuntaba o meu compañeiro o concelleiro de Facenda que se van a facer tódolos descontos e todo o que proceda cando haxa que facer esas liquidacións, primeiro porque está na lei e así o faremos e en relación cos informes íntegros, pois sabe perfectamente que todo o que se aproba en Xunta de

Goberno teñen acceso vostedes a tódolos informes e xa garanto aquí que seremos absolutamente rigorosos e escrupulosos na defensa dos euros deste Concello.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Alcalde-Presidente, atópanse tamén ausentes as Sras. Silva Rego e Caride Estevez)

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.05.2020 (Rex. Nº 2423/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

11(57).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ABONAR AO CONCELLO 2,7 MILLÓNS DE EUROS DO FONDO RECIBIDO DO GOBERNO DO ESTADO PARA CUBRIR AS NECESIDADES DE GASTO SOCIAL QUE O CONCELLO XA ABONOU E QUE SE SEGUEN A PRODUCIR. REXISTRO PLENO 2424/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de maio de 2020, número 2424/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A situación provocada pola COVID 19 desde o pasado mes de marzo tivo unha incidencia moi especial no gasto social do Concello de Vigo.

Desde o primeiro momento adoptáronse todas as medidas necesarias para que, na situación de confinamento e perdas temporais do emprego e de ingresos, as viguesas e os vigueses que máis o necesitasen estivesen cubertos nas súas necesidades básicas.

As coberturas supuxeron importantes gastos en apoio a maiores, axudas para familias, comedores sociais, bolsas de comedor para nenos, aloxamentos, etc.

Neste momento, o gasto extraordinario do Concello de Vigo sitúase en 2,4 millóns de euros dos cales 1,3 corresponden exclusivamente ao departamento de política social. O Alcalde manifestou de forma reiterada que non haberá tope no gasto social para atender ás necesidades de emerxencia que se produzan como consecuencia da COVID19.

O Goberno de España impulsou no mes de marzo un fondo de 300 millóns para atender o gasto social que se abonou ás Comunidades Autónomas. É evidente que as necesidades primeiras foron atendidas polos Concellos, e a Xunta de Galicia, ata o momento, non procedeu á repartición deses 300 millóns entre os Concellos de Galicia.

Seguramente o Goberno de España pensa que esta repartición aos concellos realizouse pero no caso de Galicia non é así.

Sendo urxente que as arcas municipais accedan a eses fondos que o Goberno de España articulou, propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a abonar ao Concello de Vigo 2,7 millóns de euros dese fondo recibido do Goberno do Estado ao obxecto de cubrir as necesidades inmediatas de gasto social que este Concello xa abonou e as que día a día se seguen producindo.”

DEBATE:

SRA. AGUIAR CASTRO: Nesta moción queríamos abordar a situación da política social durante esta crise COVID-19 propiciada polo traballo feito dende o Concello de Vigo. O concello de Vigo puxo en marcha durante a crise sanitaria e social un paquete con máis de 1.000 medidas extraordinarias para tentar paliar os graves efectos desta pandemia, a día de hoxe estas medidas xa tiveron un impacto económico nas arcas municipais de máis de 2,7 millóns de euros e que é previsible ademais que deberemos seguir asistindo, atendendo situacións durante moito tempo máis. No tocante ao aspecto social desta crise en 75 días, a concellería de Política Social consciente das necesidades dos vigueses/as puxo en marcha un importante paquete de medidas e que sen ánimo exhaustivo vou relatar, case 900.000 euros en axudas de emerxencia para máis de 8.097 familias, 35.500 comidas a domicilio para familias vulnerables, 800 tarxetas de alimentos en apenas dous meses, 160 persoas sen fogar e realoxadas en hoteis, hostais, albergues e outros dispositivos, máis de 260.000 euros en becas de comedor para 2.601 nenos/as desta cidade, por certo, xa ingresados dende o primeiro día no mes de marzo, non como as becas da Xunta de Galicia, que como insisto, aínda non recibiron nin un euro da Xunta de Galicia os nenos becados pola Xunta de Galicia; 600 ordenadores e conexións a internet para evitar a fenda social e dixital dos nenos máis vulnerables, programa de acompañamento para persoas maiores que viven soas, incremento de teleasistencia ata chegar a 780 usuarios; servizo de axuda para a realización de compras e adquisición de medicamentos, anticipo do pagamento de subvencións ás entidades do terceiro sector para que tiveran liquidez, programa de estimulación cognitiva para evitar o deterioro cognitivo das persoas máis vulnerables durante o confinamento; centro de illamento para persoas positivas, programa socio-educativo de apoio á infancia e á familia para os nenos/as desta Cidade máis vulnerables con máis de 923 intervencións durante o confinamento, e reforzo dos servizos sociais con contratación de persoal, poderase comprobar que o esforzo realizado polo Concello de Vigo ten sido enorme, e Sr. Marnotes, non foi nin tráxico nin traumático, fixémoslo como un reloxo poñendo en valor estas medidas dende o primeiro día, nin tráxico nin traumático, cun funcionamento exemplar da concellería e dous seus funcionarios, exemplar dos seus funcionarios. O impacto económico para as arcas municipais deste paquete de medidas ascende a 1,5 millóns de euros e coa previsión de que estas medidas

deberán continuar vixentes durante unha etapa longa e despois da volta á nova normalidade.

O pasado 24 de marzo, o goberno de España aprobaba o Fondo Social extraordinario para o financiamento de prestacións básicas dos servizos sociais comunitarios, é dicir, os concellos e as deputacións, pois ben, dese fondo de 300 millóns de euros e outro adicional para axuda á alimentación de 25 millóns de euros, a Xunta de Galicia recibiu do goberno de España, 18,9 millóns de euros, isto foi no mes de marzo, pois ben, 75 días despois este Concello e ningún concello de Galicia, ten coñecemento de a onde foron a parar eses cartos, non temos coñecemento de que se fixo con eses cartos, polo tanto, incumprindo por certo o mandato do Real Decreto 8/2020 que dicía que o destino dos cartos tiña que ser precisamente ás corporacións locais e as deputacións provinciais. Estamos a ser por tanto ás entidades locais a administración máis próxima aos cidadáns os que estamos adoptar medidas que evitan a exclusión social e a pobreza extrema das familias, e o exemplo do Concello de Vigo non hai máis que velo, e da Deputación de Pontevedra que chega aqueles concellos que non teñen os recursos que ten o Concello de Vigo e que polo tanto, non poden tirar de superávit.

Por outra banda teño que dicir unha cousa, son moitos os concellos de España, moitos, de todo signo político e de toda cor política que xa recibiron eses fondos das súas respectivas comunidades autónomas, por certo, con luz e taquígrafo Sr. Marnotes, Boletín Oficial da correspondente comunidade autónoma con publicación dos criterios con transparencia que sen van aplicar no reparto dos cartos, con un listado exhaustivo de tódolos concellos e as contías que perciben e porque as perciben, pois nós queremos pedirlle á Xunta de Galicia que con esa mesma transparencia e cun pouco máis de dilixencia, transfira os fondos ás corporacións locais que somos as que estamos asistindo en primeira liña de praia á dramática situación das familias viguesas, somos os concellos e as deputacións, porque a Xunta de Galicia está ausente.

SR. PÉREZ IGLESIAS: En primeiro lugar, no nome do Bloque Nacionalista Galego non temos inconveniente en recoñecer mais unha vez o esforzo feito por parte da concellería de Política Social, singularmente neste contexto. Non entanto, e eu fico

convencido de que a propia concelleira é consciente disto, segue sendo necesario máis recursos, máis medios para poder atender o alcance da dimensión da situación social que está atravesar a cidade e que infelizmente vai atravesar nos vindeiros meses. Neste sentido dende o Bloque Nacionalista Galego si que queremos trasladarlle ou reiterarlle un primeiro paso nesa dirección que é o reclamar o compromiso por parte do goberno municipal de estender no tempo todas estas medidas extraordinarias que foron adoptadas durante o desenvolvemento da crise da COVID-19 para en moitos casos facela permanentes, hai unha realidade que como xa se comentou, agromou durante esta crise, por exemplo no que ten que ver coa atención á poboación sen teito, dende logo, nós entendemos que estes recursos extraordinarios hai que mantelos e facelos permanentes e nese sentido van poder contar coa man tendida do BNG.

O Bloque Nacionalista Galego imos apoiar esta moción, na certeza de algo que para nós é especialmente grave, o que é evidente é que a Xunta de Galicia do Partido Popular en política social limitouse a facer de tapón, nin exerce as súas competencias nin atendeu ás necesidades extraordinarias que sobreviviron con esta crise, nin tan sequera foron capaces de transferir os recursos a quen si o está a facer, e ese tapón hai que desbloquealo e dende logo o primeiro paso é que a Xunta de Galicia ten que como mínimo trasladar os recursos económicos necesarios para que as administracións locais que son que están a enfrontar sobre o terreo as necesidades sociais, teñan os medios necesarios para facelo e iso dende logo non admite discusión e por iso o noso apoio a esta moción.

SR. PÉREZ CORREA: É unha evidencia e podemos discutir ou meternos no debate eterno sobre as competencias a quen ten responsabilidades ou que a administración ten que abordar determinadas cuestións do gasto social pero é unha evidencia que cando esta situación se converteu nun problema máis aló do sanitario, coa paralización económica de gran parte da actividade, nunha cidade onde máis do 65% do emprego está nun sector que depende directamente do pequeno comercio, hostalería ou as pequenas empresas de servizo pois é unha evidencia que a administración que máis rápido actuou e dentro das administracións do seu rango como son os concellos, quizais o Concello do Estado español que máis rápido estivo en determinadas medidas para reconducir un

pouco a situación de moitas familias foi o Concello de Vigo e iso non é discutible porque naquel momento pois os concelleiros falamos con concelleiros de moitas cidades e creo que foi o concello de Vigo dos primeiros concellos que asumiu un ingreso directo ás familias precisamente ás familias becaadas dos comedores que dependían do Concello de Vigo, logo podemos resolver a posteriori pois determinados criterios de avaliación social que hai que facer pero naquel momento era perentorio e unha evidencia que a Xunta de Galicia a pesares de recibir ese fondo, que ese fondo económico que aquí se reclama estaba pensado precisamente para que si pecharan os centros educativos, os nenos que comían e tiñan garantidos cando menos unha comida equilibrada, unha comida quente en moitos casos, e a traveso do sistema de comedores escolares, que tiveran esa garantía independentemente de que os centros educativos estiveran pechados e este concelleiro chamou á Xunta de Galicia e preguntou ata en tres semanas cales ían ser as medidas que ía facer neste caso a Xunta de Galicia analogamente nos comedores que dependían da Xunta de Galicia, entre outras cousas porque eu son usuario a través do comedor da miña filla e que depende da Xunta de Galicia, tres semanas tardou a Xunta de Galicia en responder e é certo que agora se está pagando, e discrepo si que se está pagando nos comedores que depende da Xunta de Galicia, pero que o debate é que eses recursos eran para financiar obviamente os comedores que dependen da Xunta de Galicia e para financiar os comedores que dependen dos concellos ou dunha xestión indirecta a través de federacións de ANPAS e se o Concello de Vigo puxo recursos, ese fondo económico era tamén para compensar aos concellos que gastan en comedores escolares, non só para pagar os comedores da Xunta de Galicia e que na cidade de Vigo son os menos, a maioría está xestionado directamente polas ANPAS con subvención directa do Concello. Onde está a celeridade en traspasar eses fondos que o goberno lle trasladou á Xunta de Galicia, aos concellos e para unha función, ademais unha función que naquela altura a xente dicía tremendismo, saía o Sr. Pablo Iglesias dicindo “para garantir que os nenos coman”, tremendismo, xa está vostede coas súas solucións bolibiaranas, efectivamente temos un problema cando pechan os colexios, que hai moitos nenos que teñan garantidas a comida gracias a que hai comedores escolares e por que o sabemos, porque miles de pais foron aos servizos sociais e dixeron que só podían garantir unha comida equilibrada e digna aos seus

fillos nos comedores escolares, e non pais que eran usuarios dos servizos sociais anteriormente, e non pais que eran usuarios de Risga, pais que vivían na económica somerxida ou vivían non día a día da economía familiar que tamén é un problema serio da supervivencia diaria de moitas familias, polo tanto, ese fondo non é que só sexa urxente telo e que é un insulto que a Xunta de Galicia non tramitara de maneira urxente como fixo o Concello de Vigo a cuestión dos comedores, en moitos centros educativos houbo pais que tivemos que deixar cartos a outros pais para determinadas cuestións cando tiña que estar garantido a cuestión do comedor, e é unha cuestión menor, imaxinemos o que supón tramitar a renda mínima de inserción se a tramitación é a través da Xunta de Galicia cousa coa que eu radicalmente me opoño, e quero que sexan os concellos os que non só tramiten senón os que paguen, transferencia directa deses recursos aos concellos para evitar o desfase que hai entre tramitación administrativa e social dunha RISGA e o pago que efectúa outra administración, espero que o venres nos debates que me constan están sendo moi profundos pero obviamente son unha cuestión que vai de maneira inmediata a abarcar a máis de 800.000 familias neste país, espero que sexan os concellos os que xestionen directamente e os que reciban a transferencia directa do estado, dos recursos para a renda mínima de inserción porque vista a celeridade e a capacidade da Xunta de Galicia a abordar os servizos sociais, creo que imos a ter un problema. E remato cunha cuestión, este concelleiro chamou moitas veces á porta de Xunta de Galicia para preguntar na situación, nos primeiros días da crise, como estaban as axudas de aluguer, para que as familias non tiveran problema de pago de alugueiros, se dicía directamente dende o programa da Xunta de Galicia que non existen axudas, cando sabiamos que había transferencias directas e polo tanto, é unha evidencia que non funcionou a administración autonómica nesta crise.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: A verdade que eu tiña preparada unha intervención para esta moción pero escoitando o debate, como vai a cousa no lugar no que estamos e no momento no que estamos que non podemos esquecer que ás doce os que estades aí ides gardar o minuto de silencio diante do Concello, toda España garda un minuto de silencio polas mais de 20.000 vítimas, nos sabemos porque vostedes falan aquí alleos a un goberno central que agora ten o mando único e

reivindican o municipalismo, as competencias das comunidades autónomas cando realmente o que está a facer o goberno socialista con Unidas Podemos como vostedes din, é eliminar ás competencias das administracións. O que temos que facer neste momento como fixemos nos en debates anteriores cando estábamos confinados todos na casa, porque agora xa podemos, respiramos algo aliviados, é ter un pouco de altura de miras, e saber que a administración ten as súas competencias e ten o seu ámbito de traballo e economicamente ten acción con respecto aos vigueses neste caso, porque vostedes son moi galegos para pedir pero son moi pouco galegos para cumprir. Eu quero dicir que a Sra. López Román xa falou antes de moitas medidas que tomou a Xunta de Galicia, a xente desta cidade tamén sabe quen estivo ao carón dende os primeiros días e segue agora ao carón das persoas que o necesitaban, que administración colleu o toro polos cornos e puxo enriba da mesa a situación difícil e complicada na que estabamos, cando algúns estabamos moi agochados, eu quero dicirlle Sra. Aguiar que vostede si estaba no pe de praia e segue no pe de praia, estan no pe de praia ademais creo que fan algunhas cousas que non deberían facer, e dígolle moitas cousas si que é verdade que ademais mire, a Xunta de Galicia adiantou os trámites da RISGA, intentou flexibilizar todo iso que falou antes co Sr. Pérez Correa e que ademais agotou bastante tempo da súa intervención falando das axudas aos comedores escolares, das dificultades que había nesta cidade, evidentemente que vostede foi moi crítico sempre con este goberno municipal e coa xestión dos servizos sociais e agora de repente parece que non sei, houbo unha cortina de fume e non sei se parece que vostede agora cambiou totalmente o seu concepto. Era unha mala xestión que viña de atrás e emerxeu agora con este coronavirus, eu non que estar ademais permanentemente coa crítica, creo que neste momento teríamos que ser máis sensatos e si é verdade que este fondo que o goberno deu a Xunta de Galicia, eses case 70 millóns, son insuficientes, sabendo como é Galicia, son insuficientes, o Concello de Vigo tamén ten un fondo de acción municipal dende o ano 2009 que se contamos todo son 71 millóns, este ano son 6 millóns de euros, en que se gasta ese fondo de acción municipal Sra. Aguiar? Porque vostedes non teñen atados de pes e mans nada do gasto dese fondo, ese fondo pode ser directamente ao que vostedes están a reclamar. Eu quero aquí sinceramente, non nos fiamos do goberno central como Partido Popular, eu creo que falo en nome de todo o grupo

municipal, non nos fiamos do Sr. Sánchez, do Sr. Iglesias e non nos fiamos tampouco do Sr. Caballero, de ningún dos dous nin de o Sr. Gonzalo Caballero nin do Sr. Abel Caballero porque neste caso eu creo que cando a situación era moito máis complicada o Sr. Abel Caballero non estivo onde tiña que estar, e neste caso si que teño que ser crítica, vostedes o que veñen facer aquí a este Pleno é criticar á Xunta de Galicia e como sempre a polo Sr. Feijóo, a pola Xunta de Galicia cando realmente o Plan de Continxencia do que está a falar a Sra. López Román, fixo que tódolos recursos da Xunta de Galicia fosen destinados a tódolos galegos, incluídos aos vigueses, onde había necesidades relacionados co COVID-19, pode haber críticas, cometemos todos erros, foi unha situación que nós colleu a todos pois evidentemente nun momento complicado e tendo ademais algunha ameaza concreta pero que o goberno central puidera advertilo. Vostedes, é o que digo eu, son sempre moi partidarios da Xunta de Galicia pero para cumprir non, e digo unha cousa que reivindicaron aquí moito o municipalismo pero é que reivindicamos tamén as competencias das comunidades autónomas, eu creo que estamos vendo aquí porque nós estamos nun contexto global e que un goberno central que o está a facer é agravar a Vigo e neste caso estamos no Pleno municipal, agravar a Vigo en moitos dos sentidos. Polo tanto, eu creo Sra. Aguiar que vostede di que os perceptores de axuda social en Vigo non recibiron nada da Xunta de Galicia, tamén deu as cifras a Sra. López Román pero eu podo dicirlle e ademais temos cifras concretas, na cidade de Vigo 2.697 o número de perceptores e no mes de abril da RISGA, temos as horas exactas que se ampliaron ademais co Servizo de Axuda no Fogar, 23.293 horas máis para ofrecer este servizo, 11.000 becas de comedor nas escolas infantís en toda a área metropolitana, a Xunta de Galicia estivo preto da xente, con cousas máis importantes a nivel tamén económico, de comercio e autónomos e vostedes estiveron senón fora por estas axudas certamente estaríamos aquí afogando en moitas ocasións a persoas que non tiñan unha situación tan complicada senón que foi despois do confinamento e co COVID-19. Reclámanos aquí esa transferencia, imos absternos porque nós cremos que esta moción é oportunista porque vostedes saben que este fondo e que os concellos son moi importantes na xestión dos servizos sociais pero é que non poden acusar aquí nin de deslealdade nin de que a Xunta de Galicia non vai a cumprir co que ten que cumprir porque neste caso eu creo que ademais os vigueses e os galegos

saben perfectamente quen estivo ao carón. E falando tamén das deputacións que falaban vostedes, a Deputación de A Coruña, a de Ourense puxeron moitos medios enriba da mesa para colaborar coa Xunta de Galicia, cousa que non fixeron outras deputacións, así que non falen vostedes de desviar ou de entregar fondos con favoritismos porque creo que isto non vai de cores políticas.

SRA. AGUIAR CASTRO: Si en primeiro lugar, quería dicirles aos concelleiros tanto do BNG como de Marea de Vigo que a súa preocupación sobre a insuficiencia da modificación orzamentaria, non ten que ser tal porque vai haber sucesivas modificacións orzamentarias, é dicir non imos escatimar recursos, imos a utilizar os nosos aforros para dar a cara, para estar onde non estivo a Xunta de Galicia e estamos traballando en programas novos para tamén dar solución á nova normalidade e se utilizarán os fondos que sexan necesarios tal e como o Alcalde xa anunciou en reiteradas ocasións.

Á Sra. Egerique, lamentar que hoxe vostede confundira o seu papel neste Pleno que veña aquí de delegada da Xunta de Galicia en Vigo, en vez de ser concelleira do Partido Popular que defenda os intereses dos vigueses/as. Acusarme a min que durante esta crise eu non estivese traballando é cando menos, demostra o floxiño que é o seu discurso porque non ten onde amarrarse porque eu durante toda esta crise, Sra. Egerique traballei de luns a luns, mañá, tarde e noite co meu equipo, sábados e domingo e non me fixen nin unha soa foto, ao contrario que algúns que cada vez que entregan unha axuda o primeiro que fan é facer máis vulnerable a quen xa é vulnerable que é unha vergoña, iso si que é vitimizar unha vez máis á xente en pobreza extrema, e facerse fotos é o que vostedes fixeron durante esta crise, e a xente sábeo, Sra. Egerique. Polo tanto, o único que eu lle teño que dicir que nestes 75 días, eu non tiven ningunha comunicación da conselleira de Política Social para dicirme onde están os 19 millóns de euros que o goberno de España lle transferiu á xunta de Galicia para que reparta aos concellos e ás deputacións, e vostedes non foron quen neste Pleno de explicarlle aos vigueses onde están eses 19 millóns de euros, eu quero sabelo, eu quero con luz e taquígrafos, insisto, como fixeron outras comunidades autónomas aos poucos días de recibir a transferencia do goberno de España, de publicar uns criterios, por certo, públicos e transparentes, dicindo a que van a destinar os cartos e canto lle van a dar cada

concello e cada deputación, e iso é o que hoxe reclamamos neste Pleno e nesta moción, que nos digan onde están os cartos, cando os van a transferir e reclamamos ademais un pago único, unha transferencia de pago único e directa aos concellos e ás deputacións, non queremos achegarmos a eses fondos a través de subvencións rogadas, queremos uns criterios que teñan en conta pois o número de persoas maiores que hai nesta cidade, os número de persoas menores de 16 anos que hai nesta cidade, queremos que se teña en conta a taxa do AROPE para facer a cálculo e a distribución deses fondos, e polo tanto, esta moción o que pretende é que vostedes lle dean aos vigueses o que lles corresponde, que son os fondos que o goberno de España lle transferiu hai dous meses.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Alcalde-Presidente, atopase tamén ausente a Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.05.2020 (Rex. Nº 2424/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

12(58).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A NON OBSTACULIZAR AS OBRAS PENDENTES NA CIDADE DE VIGO. REXISTRO PLENO 2425/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de maio de 2020, número 2425/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Vigo experimentou un cambio decisivo na súa configuración urbana coa política de humanizacións iniciada polo Alcalde Abel Caballero no ano 2.007.

Mais de mil cales, en todas as contornas, supuxeron un incremento da calidade de vida.

Neste momento, a continuidade desa política de humanizacións, supón que estean en desenvolvemento obras na nosa cidade por un total de 42 millóns de euros. Algunhas desas actuacións son produto da consecución de fondos europeos o que significa que non lle custa un euro ás viguesas e vigueses. Sirvan de exemplo as actuacións en Gran Vía e Porta do Sol.

Hoxe, padecendo a grave crise sanitaria e económica derivada da COVID 19, é máis necesaria que nunca a realización de obra pública como inxección a un sector económico que xoga un papel decisivo no mantemento do emprego, de forma directa pero tamén de forma indirecta.

Por todo isto non se entende a obstaculización que vén practicando de forma reiterada polo goberno da Xunta de Galicia paralizando actuacións de forma incomprensible que afectan á economía da cidade e á calidade de vida.

O exemplo da obra de Gran Vía é o máis significativo. Unha actuación programada de forma completa vai quedar á metade polas dificultades incomprensibles que a Xunta pon. Realizar esa obra completa supoñería unha inxección adicional de investimento en obra pública e de emprego, imprescindible nestes tempos.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a non obstaculizar as obras pendentes na cidade de Vigo.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Dicía a Sra. Egerique e apelaba á altura de miras e esperemos que nesta moción se aplique o Partido Popular a altura de miras do momento no que nos atopamos e de que pode facer cada goberno.

Traemos unha moción dun acordo moi sinxelo no que evidentemente no camiño que levamos cara a normalidade tamén teremos que volver á normalidade da obra pública, creo que afirmar que a política de humanizacións que se levou a cabo nesta cidade polo Alcalde e o seu goberno dende o 2007 cambiou totalmente a cidade, é unha afirmación que comparten o 70% dos vigueses e eu creo que bastantes máis, pero evidentemente esta política de humanizacións cambiou a vida nesta cidade, a calidade de vida pero foi unha achega e o é directa á creación de emprego e á riqueza económica. Nos atopamos certamente en momentos difíciles tal e como vaiamos camiño desa normalidade que todos buscamos, a política en investimento público, a política de obra pública vaise facer máis necesaria que nunca, a inxección económica a un sector como o da construción vai ser absolutamente necesario e necesario porque crea emprego de forma directa pero tamén xera moita economía de forma indirecta.

Creo que o dicíamos anteriormente, estamos nun momento no que imos a ter que redefinir a nosa política orzamentaria, vamos a ter Sr. Marnotes que saber con que imos a contar para saber cara a onde viramos pero evidentemente neste momento as obras de humanización previstas no orzamento deste Concello, comportan unha cantidade importante para este ano insisto, orientada a esa xeración de riqueza e a esa creación de emprego.

E o que é evidente é que por iso apelaba á altura de miras que dicía a Sra. Egerique, é unha obviedade que nos atopamos con obstaculizacións, isto ven de atrás pero o goberno da Xunta de Galicia en relación coa obras desta cidade, sempre hai algunha obstaculización ou algunha terxiversación, agora están co debate da estación intermodal que dende logo lles debería de dar vergoña ao Partido Popular cando a estación de autobuses de A Coruña está presupostada en 80 millóns, cando á de Vigo só achegan 15 millóns e cando a achega da Xunta de Galicia neste conxunto é certamente escasa.

Miren, a lista de paralizacións de obras ás que nós apelamos é importante no económico e como dicía na calidade de vida. Como consecuencia destas obstaculizacións está paralizada a humanización da Gran Vía, o tramo que vai dende Urzaiz a María Berdiales e tamén o tramo que vai dende Venezuela a Praza de España, pero tamén está paralizada a humanización de Serafín Avendaño e polo tanto aqueles que viven na nosa cidade, no tramo que vai dende Rosalía-Areal estivo parado durante meses como consecuencia de decisións de Patrimonio, pero é que neste momento está paralizada a humanización de García Barbón dende o tramo de Rosalía de Castro ata Isaac Peral. Normalmente as escusas son absolutamente peregrinas pero tamén estivo paralizado e está a obra de accesos ao CEIP Párroco Don Camilo e a construción do Pavillón de Matamá, neste momento en Gran Vía se pode estimar que a obra paralizada supón un investimento de 7 millóns de euros, creo que non é necesario dicir o importante que sería isto na xeración de emprego pero tamén no cambio da cidade. Polo tanto, entendemos e volvo a apelar a esa altura de miras que a Sra. Egerique dicía, que é hora de abandonar esa confrontación política que as viguesas/es percibimos que tivo o Sr. Feijóo con esta cidade.

Se deben de axilizar e facilitar estes proxectos polo ben da economía e da xeración de emprego. Esperemos que a decisión nestes tempos tan diferentes sexa mellor para os intereses da nosa cidade e que os que aquí estamos, que estamos para defender a esta cidade vaiamos nese sentido.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Una primeira corrección dunha cuestión que se expón na moción do grupo Socialista, as humanizacións non comezan na cidade de Vig no ano 2007, toda a cidade sabe que foi o Bloque Nacionalista Galego dende a alcaldía de Lois Castrillo quen impulsamos a democratización do espazo público da cidade a través de actuacións revolucionarias como foron as penalizacións da Praza da Independencia, Praza da Constitución ou do Calvario. A historia da cidade non comeza con vostedes nin no 2007 é o ano 0 da cidade coa chegada do Sr Caballero á Alcaldía.

En todo caso dende a discrepancia con algúns proxectos e actuación concretas que se mencionan e singularmente coa decisión do grupo Socialista de soterrar 17 millóns de euros nun túnel innecesario na Porta do Sol, si que entendemos que hai

que poñer fin á violencia administrativa entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, e por iso nós o que trasladamos o BNG cunha emenda a súa moción, no sentido de concretar o acordo para poñer tamén termos concretos a como queremos poñer fin a ese pin-pan-pun político que logo se traslada a un pin-pan-pun na tramitación administrativa de algúns expedientes para que esta moción non acaba a unha redución a una especie de causa xeral, a un reproche algo demagórico ou algo forzado, porque é certo que hai dilacións nalgunhas tramitacións máis tamén non é menos certo que as actuacións e que algúns destes proxectos teñen afeccións dende o punto de vista patrimonial, ambiental etc. que motivan a necesidade que a Xunta de Galicia e outras administracións informen, nese sentido ten que haber un punto de equilibrio, nós concordamos con vostedes en que a Xunta de Galicia non pode adicarse a torpedear ou a entorpecer a actuación do Concello de Vigo sempre que se axuste á legalidade, pero tamén lle dicimos que ten que haber unha certa concreción e unha definición desta moción para que non quede en apenas pois nunha consigna que efectivamente como dicía soa algo a un reproche, a algo demagórico.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Calquera podería pensar que vostedes se atopan cómodos co actual reparto de poder en Galicia, un reparto que lles permite alimentar o discurso de Vigo versus Santiago de Compostela, o discurso co que pretenden identificar Vigo co goberno local e así vitimizarse cando lles interesa e eximirse das súas propias responsabilidades. Sinceramente escoitando e atendendo as intervencións dos concelleiros do Partido Popular agardamos que esta posición súa, señores do Partido Socialista cambie.

Nós estamos de acordo coa realización da obra pública, estamos de acordo ademais co impulso de obra pública como un elemento económico, decisivo no mantemento do emprego, pero vostedes mesmos incorren nunha contradición que deberían resolver, fan na súa moción alusión a crise sanitaria do coronavirus e a consecuente necesidade de obra pública, pero é que a obra da Gran Vía e vostedes defenden é unha estrutura pre-COVID-19, en primeiro lugar é unha obra que efectivamente foi freada por Patrimonio por non ser acorde coa preservación do conxunto urbano e gran valor social e cultural do que forma parte a Gran Vía, e ademais constitúe unha infraestruturas que como digo non responde co que di a

nova normalidade porque pecha aos transeúntes nun habitáculo cuberto porque levou á tala de árbores urbanas sen necesidade, porque non só non favorece á mobilidade sostible senón que produce carbono, pero non precisamente porque ningunha administración queira imitalos senón porque segundo din voces autorizadas as ramplas de Gran Vía emitirían a orde de 30 toneladas de CO2 cada ano. Nós estamos como digo de acordo coa realización de obra pública, por suposto, a cidade debe pórse en marcha, pero deber pórse en marcha para atender as necesidades da cidadanía e coa chegada desta crise viamos que era posible o que ata agora se estaba a negar, unha distribución máis racional e máis ecolóxica do espazo público, do espazo común, a limitación do tráfico rodado e a redución a mínimos históricos da contaminación sonora e atmosférica debe facernos reflexionar sobre que modelo de cidade queremos.

E celebramos as peonalizacións propostas dende o Concello e propoñemos como defendera o voceiro do meu grupo municipal o Sr. Pérez Correa na defensa da nosa moción, defendemos que estas peonalizacións sería sometidas a estudo para o seu mantemento no futuro, en definitiva, apoiaremos a planificación dun novo urbanismo para unha nova realidade, incluso unha mobilidade sostible con peonalizacións permanentes para cumprir coa obrigatoriedade de establecer zonas de baixas emisións nas cidades de máis de 50.000 habitantes, unha rede segura de carrís bici e co fomento da masa arbórea en tódolos barrios porque ao contrario da política de talas masivas o goberno debería defender ás árbores como unha infraestrutura e como un ben para a saúde pública, para todo isto estamos ao seu carón, para defender o invento, o triste invento mecanizado da Gran Vía non conte con nós.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Eu cando vin esta moción e saltou que o Ministro Abalos estaban repensando se vai asumir o financiamento ou non dos acceso da Intermodal, dixen haber que obstáculos se refiren, aquí porque é así, sabemos que a venda está sen asinar e o Concello non pode adxudicar os accesos á Intermodal a que se referíu vostede, non eu, non se poden facer, canto inviste o Estado na estación de Vialia, en todo o proxecto 14,6 millóns de euros porque a estación faina a concesionaria, Vialia, a concesionaria da estación do centro comercial vai a acometer esa obra, vaina facer a concesionaria, o Estado pon 14,6 millóns de

euros, cantos pon a xunta de Galicia? 18 millóns de euros, 3,4 correspondente aos accesos e o resto da estación intermodal de autobuses, A Coruña canto pon a Xunta de Galicia na estación pouco menos do que pon aquí, 17 millóns, aquí pon 18 millóns de euros, entre o Concello e o Ministerio poñen 50 millóns de euros, só que en A Coruña o Ministerio apoquina porque non é unha concesión aí é Cash, que quede claro que a estación de Vigo, a Intermodal, a Xunta de Galicia inviste 18 millóns de euros pouco máis do que inviste en A Coruña e que o Estado fai un investimento en A Coruña mais grande do que fai aquí que son como digo 14,6 millóns de euros.

Obras pendentes na cidade de Vigo, ten a culpa a Xunta de Galicia de que paralizaran vostedes a obra da Porto do Sol? Ten a culpa a Xunta de Galicia de que se lles caíra a obra da vía Verde? Ten a culpa a Xunta de Galicia de que o proxecto da Avenida de Madrid non estea aprobado e moito menos licitado? É culpa da Xunta de Galicia que o Paseo de Bouzas leve case 2 anos derrubado e valado e sen perspectiva de arranxo? É culpa da xunta de Galicia que o Ministerio de Transición Ecolóxica denegase a liña de moi alta tensión para a industria de automoción en Vigo que era un investimento de 70 millóns de euros, que garantizaba estabilidade, fiabilidade e subministro económico a un polo de automoción, cando agora si que vemos que é moi necesario ese subministro co que está a pasar e o que estamos a oír, nunca esqueceremos a foto do Sr. Alcalde, xusto antes das eleccións indo a Madrid a falar co Secretario de Estado e dicir que case estaba arranxado, é culpa da Xunta de Galicia que o AVE a Vigo por Cerdedo teña que esperar tres anos a que se faga un estudo hidrolóxico? É culpa da xunta de Galicia que a saída sur da cidade por ferrocarril, para cuxa execución se fixo unha estación subterránea non este aínda na axenda do Ministerio? Que non se fale xa do túnel de saída a Porriño, da autovía, é culpa da Xunta de Galicia que non exista un proxecto de xeración do litoral de Samil a Bouzas que o Alcalde leva anos anunciando e do que aínda non sabemos nada? É culpa da Xunta de Galicia que o esforzo inversor do Estado neste provincia e substancialmente en Vigo se reduciara, temos os datos xa do primeiro trimestre, provincia da A Coruña investimento do estado 41 millóns de euros, provincia de Pontevedra menos de 5 millóns de euros, ten a culpa a Xunta de Galicia de que o Alcalde non lle dea a gaña de traer aquí a aprobación definitiva do Plan de Navia e facer 1.400 vivendas sociais, ten a culpa a

Xunta de Galicia de que tardaran meses en tramitar o PXOM, ten problemas, o que ten é problemas o Concello con Patrimonio, os tivo co PXOM que houbo que devolve-lo e corríxilo, co Barrio do Cura que tivo que devolve-lo e corríxilo e os ten lóxicamente coa Gran Vía que coa excusa das ramplas que melloran a mobilidade na cidade, arramplan con toda a Gran Vía en todo o seu ancho, se levan por diante todos cambian pedra por formigón, cambian farois de forxa por paus de aceiro, só hai que ver ese anticipo que se nos fai de que como queda a urbanización á entrada dun gran centro comercial na rúa Venezuela e podemos ver como vai quedar e a vostede lle cree que un dos mellores bulevares de España, que foi orgullo desta cidade, da xeración das posguerra que puxo o seu nome nos edificios Albo, a cidade renomeou a Peineta, os mellores arquitectos Castro e Alonso, Cominges e veñen agora vostedes a dicir que é culpa da Xunta de Galicia, teñen vostedes un problema de chafalladas como a que fixeron no ascensor de Camilo José Cela que nunha chegou a funcionar que lle vai a custar a esta cidade 400.000 euros ou o propio estadio de Balaídos, ten a culpa a xunta de Galicia de que estea empantanada a obra, que é unha continua chapuza por fascículos, tamén é culpa da Xunta de Galicia? Miren, é culpa da imprevisión, da desvergoña, da trapallada e de non facer as cousas ben, teñen vostedes un problema con Patrimonio Histórico non coa Xunta de Galicia.

SR. LOPEZ FONT: Si ten a culpa a Xunta de Galicia Sr. Marnotes, si ten a culpa de tardar 3 anos en informes, de tardar 18 meses en informes en determinadas actuacións, claro que si ten a culpa a Xunta de Galicia e o Partido Popular, o Partido Popular ten a culpa de que esta cidade non teña AVE, xa a tivo cando a Sra. Porro e o Sr. Fraga pactaron en contra desta cidade, pero en época máis recente tivo a culpa o Partido Popular e o goberno do Sr. Rajoy e a Ministra a Sra. Ana Pastor por ter nun caixón os informes que tiveran permitido que o AVE directo a Madrid por Cerdedo estivera neste momento en licitacións, claro que ten a culpa e claro que ten a culpa o goberno do Sr. Pedro Sánchez en positivo, de desbloquear absolutamente tódolos temas que tiña esta cidade pero nos vai a vir a contar agora que o da autovía de Porriño non era un engano masivo no que había absolutamente nada? Pero vostedes pensaron que nós somos o suficientemente inxenuos como para non saber o que pasou, o goberno do Sr. Rajoy nesa táctica

persoal que ten el, gardou os informes do AVE e gardou todo o relativo ao AVE directo a Madrid nun caixón, pero durante anos non durante meses, Sr. Marnotes, senón durante anos, polo tanto vostedes Xunta de Galicia e Partido Popular teñen unha responsabilidade con esta cidade e nós traemos aquí unha moción na que evidentemente a vostede lle gustará mais ou menos a Gran Vía, debo dicir que as actuacións que levamos nesta cidade teñen o suficiente equilibrio entre calidade de vida, entre peonalización e entre mobilidade, polo tanto, son innovadoras e son rompedoras en relación con iso. Pero mire, Sr. Marnotes, vostede se lembra do túnel do Parrote en A Coruña, lémbrese? Porque non me preguntou se é culpa da xunta de Galicia o que esta cidade non teña o túnel de Beiramar e teña A Coruña o túnel do Parrote, por que non me preguntou iso? Podíame haber preguntado, Sr. Font é culpa da Xunta de Galicia o que non teñamos o túnel de Beiramar? Sí, como todo o que lle dixen anteriormente, polo tanto, esta é unha decisión política do goberno de Galicia, de obstaculizar o que aquí se fai nesta cidade, por iso traemos un contido tan sinxelo, por iso imos estritamente á política e ao que debe de ser o cambio de política porque en contestación ao Concelleiro non adscrito, a legalidade quen a retorce é o goberno de Galicia e todo este atraso nos informes, se fixo invocando determinada normativa, pero o peor de todo, é que hai unha decisión política que esa é a que hai que cambiar neste tempo e á que vostedes tamén como concelleiros de Vigo deberían de apelar ao seu goberno amigo de Santiago de Compostela.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do Alcalde-Presidente, atopase tamén ausente a Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos

en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.05.2020 (Rex. Nº 2425/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

13(59).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. EXPTE. 789/1102 (REXISTRO PLENO 2399/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía incluídas no expediente 789/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

14(60).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS. EXPTE. 790/1102 (REXISTRO PLENO 2400/1101)

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados incluídas no expediente 790/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

MOCIÓNS.

15(61).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO INSTANDO A CUMPRIR OS COMPROMISOS DE LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO APROBADOS NO PLENO E ADAPTAR A CIDADE AOS FACTORES DERIVADOS DA APARICIÓN DA COVID-19 EN TERMO DE MOBILIDADE E SUSTENTABILIDADE. REXISTRO PLENO 2420/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de maio de 2020, número 2420/1101, os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Mendez Fuentes e Sr. Perez Correa, formulan a seguinte,

“MOCIÓN INSTANDO A CUMPRIR OS COMPROMISOS DE LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO APROBADOS NO PLENO DO CONCELLO DE VIGO E A ADAPTAR A CIDADE AOS FACTORES DERIVADOS DA APARICIÓN DA COVID-19 EN TERMOS DE MOBILIDADE E SUSTENTABILIDADE.

Vivimos tempos de incerteza e de preocupación cidadá ante a situación provocada pola COVID-19. O que estalou en forma de crise puramente epidemiolóxica e sanitaria, derivou cara a unha crise económica e social cuxas consecuencias máis crueis non poden volver pagar de novo as clases traballadoras.

Do mesmo xeito, con esta crise non podemos esquecer que viviamos xa unha crise ambiental que, en parte, favoreceu a aparición de epidemias e doutros problemas sanitarios de carácter global. Unha emerxencia ambiental que analizaba de xeito acertado o Pleno do Concello de Vigo o pasado 4 de setembro de 2019 cando aprobou unha moción para a Declaración da Emerxencia Climática que fora deseñada, fundamentalmente, polos colectivos ecoloxistas e presentada pola Marea de Vigo.

Moitas das medidas concretas que propuña esa Declaración afectan a aspectos centrais que poden presentar solucións para crises análogas a da COVID-19: restaurar ecosistemas para evitar o colapso de todos os sistemas naturais (incluído o humano e a súa dimensión sociosanitaria), crear máis espazos peonís e mobilidades sostibles que hoxe reclamamos con urxencia no período de desescalada que estamos a vivir, avanzar na economía de proximidade e no fomento do comercio local, pois hoxe maniféstase o seu papel central na sociedade viguesa.

Cando transcorreron máis de 6 meses despois de ser aprobada esta Declaración, e tendo en conta as novas realidades chegadas coa crise que vivimos, dende a Marea de Vigo consideramos que a Declaración de Emerxencia Climática non pode quedar en papel mollado e que debe verificarse o seu cumprimento. É imprescindible comezar a implantar, canto antes, medidas para acadar os obxectivos aprobados na moción do pasado mes de setembro, atendendo, loxicamente, aos retos que a sociedade “postcovid19” obriga.

Observamos que esta crise evidenciou a necesidade de repensar o espazo público. Vimos que era posible o que antes se negaba: unha distribución máis racional e ecolóxica do espazo común. A limitación do tráfico rodado e a redución a mínimos históricos da contaminación sonora e atmosférica debe facernos reflexionar sobre que modelo de cidade queremos. Celebramos as peonalizacións propostas dende o Concello e instamos a que estas sexan sometidas a estudo de cara ao futuro. Probablemente, non poida nin teña por que manterse idéntico aquilo que foi deseñado para superar unha crise sanitaria, pero é necesario planificar unha nova realidade que dea prioridade á mobilidade sostible, comezando polas peonalizacións e seguindo por favorecer zonas de sombra e arboredo en todos os barrios da cidade. Zonas seguras e tranquilas que promovan o uso activo do espazo público e que teñan en conta a accesibilidade para as persoas con mobilidade reducida. É fundamental que todos os novos proxectos contemplan esa adaptación para non deixar ninguén atrás.

O proceso de revisión do PXOM no que nos atopamos é un momento idóneo para reconsiderar todas as cuestións relativas ao noso espazo común, ao espazo de todas. Cómpre crear espazos amables que sexan compatibles coa necesaria masa arbórea urbana, evitando rotundamente tallas de árbores sans. Porque unha mobilidade sostible e ecolóxica sería un proxecto eivado se non se acompaña da protección adecuada e do fomento de arboredos na cidade. Os casos da Gran Vía, Marqués de Valladares, Manuel Olivié, o entorno do Castro e do areal de Samil son algúns exemplos de tallas masivas que a cidadanía vén denunciando activamente.

No relativo ao proxecto de remodelación da Porta do Sol – Paseo de Alfonso, non ten xustificación que o soporte esencial desta obra sexa a construción dun túnel para fomentar unha peonalización segura. Esta obra non só non preserva o centro da cidade do tráfico de vehículos para establecer zonas libres de emisións, senón que promove o efecto contrario. O aumento do tráfico baixo superficie poría en dificultade cumprir, nos vindeiros anos, a obrigatoriedade de establecer zonas de baixas emisións nos centros urbanos das cidades que, como Vigo, teñen máis de 50.000 habitantes.

Por último, a chegada desta crise obríganos xa a reconsiderar gastos e destinos concretos dos recursos económicos do Concello. Seguimos a defender a redimensión dos gastos relacionados co alumeado de Nadal porque, en boa medida, son necesarios dende xa para o fomento dese comercio local e de proximidade que ten un protagonismo evidente na reconstrución económica de Vigo. E tamén porque un alumeado que colectivos ecoloxistas como Amigos da Terra calculan que consumiu 2.400 megawatios durante os 45 días de acendido o

ano pasado, contravén absolutamente a promoción da eficiencia enerxética aprobada na Declaración de Emerxencia Climática.

Polo exposto, o Grupo municipal da Marea de Vigo presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes ACORDOS:

1. Desenvolver medidas para cumprir coa Declaración de Emerxencia Climática aprobada polo Pleno municipal o 4 de setembro de 2019, recoñecendo de xeito explícito a crise ecolóxica e aplicando cambios reais no Concello.
2. Crear unha comisión de seguimento da aplicación da Declaración de Emerxencia Climática coa participación da cidadanía e de colectivos ecoloxistas da cidade.
3. Reformular o urbanismo na cidade, tendo en conta o proceso de revisión do PXOM de 1993, cara a unha mobilidade sostible que aposte pola peonalización permanente de rúas en todos os barrios da cidade, polos carrís bici e polo transporte público colectivo.
4. Completar unha rede de carrís bici seguros, incluír a bicicleta na intermodalidade do transporte e crear unha rede municipal de alugueiro de bicicletas para o aproveitamento dos novos espazos creados, enfocando este proxecto como outro xeito de transporte municipal.
5. Ampliar a zona verde perimetral do Paseo do Lagares mediante compra, anexión ou expropiación de terreos limítrofes para crear un corredor verde que sirva tanto de lugar de espaxamento ás persoas como de pulmón da cidade e habitat para a biodiversidade; tendo en conta a necesidade dun 65% máis de zonas verdes que o propio equipo redactor do PXOM recoñece.
6. Redeseñar o plan de peonalización da Porta do Sol, aceptando un proceso de participación e debate aberto e público sobre o proxecto mais apropiado para esa actuación e establecendo medidas tendentes á eliminación do tráfico no centro da cidade, con redución real da contaminación de cara á creación dunha zona de baixas emisións.
7. Reformular dos baldeos de rúas e beirarrúas, substituíndo estes por medios de limpeza e desinfección adaptados á eliminación da posible presenza da COVID-19 nos espazos públicos, incluíndo limpeza con elementos mecánicos (aire comprimido con baixa emisión de auga).

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Evidentemente algo pende sobre este Pleno que é a volta a normalidade e é certo que unha maior parte da cidadanía o que quere é volver a normalidade previa a esta situación de crise, e unha parte substancial tamén da xente que viviu a crise do 2008, sobre todo no seu inicio financeiro e de colapso da burbulla inmobiliaria tamén quería volver á situación previa, pero as grandes diferencias que esta crise ten con respecto á do 2008, é que o que propuxo, ou que

os retos que nos pon enriba da mesa a crise producida pola aparición deste virus e tamén a necesidade de repensar moitas cuestións máis alá das cuestións meramente económicas que efectivamente están na vontade, creo que na vontade expresada por tódolos grupos independentemente de como entendamos que hai que afrontalo, creo que a vontade de tódolos grupos é unha recuperación económica que os cidadáns paulatinamente vaian saíndo dos expedientes de regulación temporal de emprego e que teñamos unha recuperación cando menos dos niveis de emprego que tiñamos no mes de febreiro, pero tamén hai algunhas cuestións que estaban na axenda política, no debate cidadá, estaban tamén nunha mobilización importante dun parte esperanzadora da humanidade que son os mozos/as, que tamén as cuestións derivadas da acción climática e algúns dirán, pero por que a Marea de Vigo fala agora de cuestión ambiental e climática se agora os problemas son sanitarios, agora os problemas teñen que ver precisamente con esa recuperación económica porque temos que ter máis industria, hai que producir máis porque precisamente o que temos enriba da mesa é unha situación que nos obriga en pensar en moitas cuestións para adaptar as nosas cidades, e a nosa vida e a nosa mobilidade e incluso a maneira de entender as relacións persoais e sociais a criterios de sustentabilidade e criterios que teñan posto o foco nunha situación de emerxencia climática que este Pleno entendía como acuciante e que este Pleno discutía, debatía e entendía como é necesario implementar nas políticas públicas que é a situación da emerxencia climática, setembro creo que se aprobou esta moción no Pleno e dende setembro ata aquí ten pasado moitas casuísticas, non todas positivas pero si algunhas delas e especialmente ten pasado pois unha realidade de crise que nos obriga a repensar moitas cuestións, o que queremos con esta moción e precisamente que non se perda esa perspectiva da necesidade de cambiar moitas das prácticas económicas, das prácticas políticas que facemos, falábamos de restaurar ecosistemas na cidade de Vigo en setembro, a necesidade de ter máis espazos verdes, públicos, restaurar maneiras de entender a nosa relación co espazo natural, hoxe en día incluso xa a Organización Mundial da Saúde fala de restaurar ecosistemas para loitar contra a pandemia do coronavirus que ten ver con determinados modos de vida e de consumo que se fai orixinariamente en Asia pero que están exportados ao conxunto do globo terráqueo. Falábamos tamén da nova mobilidade, a necesidade

dunha nova proposta de mobilidade urbana en Vigo, é evidente que agora toma máis sentido a necesidade de dotar á cidade dunha rede pensada, nós pensamos que non improvisada senón pensada de bicicletas, de carrís de bicicletas pero tamén de empresas de alugueiros de bicicletas, por certo, que están nas medidas que acaba de aprobar as 250 propostas locais que ven de aprobar a Federación Española de Municipios e Provincias evitar a necesidade de saturar os centros urbanos de transporte que agrupe a poboación e a necesidade de ir a modelos de mobilidade unipersoal; falábamos tamén de repensar o espazo públicos e esta moción o que quere é que fagamos ese esforzo tamén no Plan Xeral, considerar que o Plan Xeral ten que adaptarse á sociedade postcobid, imos a chamarlle, a necesidade de buscar mais peonalizacións, a necesidade de buscar máis espazos que fomenten a mobilidade unipersoal e a necesidade tamén de repensar o urbanismo e o que queremos con esta moción é que ese debate non morra pola urxencias ou polas preocupacións seguramente que temos moitos cidadáns e o que propoñemos que esas medidas que se aprobaron o 4 de setembro de 2019, se leven adiante e se apliquen de maneira real no Concello, que se cree unha comisión de seguimento a esta declaración de emerxencia climática que incorpore estas modificacións que hai que facer en moitos ámbitos do noso planeamento, do noso sistema de mobilidade, que reformule obviamente o urbanismo da cidade, temos unha oportunidade de ouro coa redacción do novo Plan Xeral para adaptar esta cuestión a unha cidade e o están a facer as grandes cidades europeas, pensando nos espazos públicos para unha sociedade que moitas veces vai necesitar illamento e completar obviamente esa rede de mobilidade alternativa, ademais doutras medidas que sabemos que están en debate como a ampliación perimetral do Lagares, pensamos que hai que repensar o túnel da Porta do Sol para sacar o tráfico rodado do centro da cidade é un debate que temos permanentemente e outras cuestións de carácter ambiental.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Cando aprobamos por unanimidade neste Pleno a Declaración de Emerxencia Climática, o BNG xa advertimos de que había un risco que era que esa declaración ficase reducida a apenas un xesto si iso non se traducía nun desenvolvemento político con medidas concretas, con actuacións concretas que foran na liña de converter en feitos o que alí se declaraba como intencións. Nese

sentido é onde o Bloque Nacionalista Galego hai xa moitos meses que defendimos a necesidade de que o Concello de Vigo se dotase dunha estratexia local de sustentabilidade que permitise planificar de maneira estratéxica e polo tanto interanual algúns dos esforzos que haberá que acometer para avanzarmos, para atender aos retos que temos dende o punto de vista ambiental e para avanzarmos cara unha cidade mais sustentable que se reconcilie co seu medio natural e dende logo na certeza de que o futuro de Vigo só pode ser en verde. Neste sentido o BNG concordamos coa proposta de moción que trae a Marea de Vigo e imos apoiala, máis si que quixeramos facer énfases en dúas cuestións que nos parecen especialmente importantes relativas a un elemento que é central tamén dunha lóxica de sustentabilidade ambiental como é a mobilidade como factor central do deseño da cidade e neste sentido temos que reiterar a necesidade de que se faga unha aposta decidida pola mellora substancial do transporte público singularmente do transporte en autobús urbano, unha nova rede de liñas, cunha mellora substancial das frecuencias cun abaratamento do prezo que faga que a utilización do autobús como un medio máis ecolóxico sexa unha opción real para a mobilidade das viguesas/es, máis tamén e en liña con algo que comentamos na moción anterior, é momento de impulsar un modelo máis audaz de humanizacións na cidade que dende logo permita cometer unha política ambiciosa de peonalizacións, non se trata só de alongar as beirarrúas senón de crear espazos integrais, conectados que permitan a mobilidade peonil e que nos permitan compactar sobre todo o que é o ámbito do casco urbano da cidade.

Polo tanto, se trata de pasar aos feitos e non limitarnos unicamente ás declaracións.

SR. GONZÁLEZ CASTILLO: Estamos de acordo en moito dos temas que se expoñen aquí pero para nós a prioridade agora son as medidas derivas do COVID-19. Coincidimos na necesidade de abordar medidas concretas e na necesidade dun novo urbanismo coa tramitación dun novo Plan Xeral, esperemos que aí se vexan apostas como a ampliación da Paseo do Lagares co que estamos de acordo, tamén estamos de acordo na aposta pola bicicleta, é un transporte eficiente, mellora a fluidez, é económico e limpo e saudable e aquí en Vigo por desgracia a bicicleta só se usa para facer deporte, como transporte a usa moi pouca xente, o carril non se

usa, non se usou antes do confinamento e agora hai zonas nas que non acaba de cuaxar, polo carril bici só van patinetes eléctricos e de momento non existe unha garantía municipal que os autoriza, iso lles obriga a ir pola estrada. O carril bici por agora é exclusivo para as bicicletas.

Se queremos unha cidade urbana, o transporte público ten que ser áxil, económico e seguro e a seguridade non é compatible con que nun mesmo carril poidan circular un autobús e unha bicicleta, Camelias, Pizarro, está cheo de comercios, a cidade sen comercios non é cidade, son negocios que necesitan mercadorías tódolos días, onde realizan as labores de carga e descarga? Se respostar gasóleo, refrescos, mudanzas, etc. Como recolle un taxi ou un particular a unha persoa maior sen interromper a circulación, a bicicleta é ecolóxica pero si se deseñan mal os carrís bici e teñen un atasco tódolos días ata Praza de España porque son centos de coches á hora votando fume, xa non nos acordamos dos atascos previos ao COVID-19? Hai que buscar alternativas ao tráfico como fixeron coa rúa Porto Rico, tras colapsarse, como sempre este goberno chega tarde, saben por que? Porque non escoitan, hai que falar cos profesionais que están todo o día na rúa, policía, como o sector do taxi, condutores de Vitrasa, transportistas, autoescolas, teñen moito que achegar, escoiten máis e a Vigo vaille ir mellor, eliminaron centos e centos de aparcamentos en superficie pública, que afecta aos cidadán que teñan a renda máis baixa, lles están obrigando a pagar ao mes máis de 100 euros en aparcamentos soterrados, tamén están incumprindo o prego de condicións técnicas da Zona ORA, teñen que asignar espazos para o estacionamento de vehículos eléctricos e crear estacións de recarga para vehículos eléctricos e non o fixeron, e co tema das obras hai que planificar mellor as obras e non facelas todas ao mesmo tempo, exemplo Gran Vía e a Ronda de Don Bosco, o tráfico que vai cara a zona de Progreso, Doctor Cadabal, María Berdiales, ten que ir pon Simón Bolívar e cos colexios de Maristas, Salesianos é un autentico caos. As decisións que afectan á mobilidade da cidade requiren un gran esforzo organizativo e búsqueda dun equilibrio para ir aplicando medidas paulatinamente e non caendo en cambios drásticos que poden levar ao caos de autónomos e pequenos comerciantes, pois todos vertebran a cidade, moitas veces son vítimas de obras que duran demasiado tempo, que se planifican mal ou que se solapan con outras.

Por último, as peonalizacións provisionais destes días, están case todas por non dicir todas, deficientemente sinaladas, non podemos poñer aos nosos fillos e aos nosos maiores a pasear polo medio rúa cunha sinalización cutre e non regulamentaria, as sinais circulares teñen que ser todas reflectantes e de 60 centímetros de diámetro como mínimo e coas excepcións que poidan sinalar en placas ou paneis complementarios, a sinal rectangular azul o mesmo, co seu tamaño legal e non con papeis minúsculas nas vaías, que teñen que estar todas co seu papel reflectante.

Con motivo do COVID-19 para facilitar o desprazamento en beirarrúas masificadas en Príncipe, Urzaiz hai que establecer corredores unidireccionais nas beirarrúas, o que é ordenar aos peóns con marcas viais e hai que facelo xa, hai que crear aparcamentos disuasorios á entrada da cidade, e realizar boas conexións co transporte público, dar a posibilidade de aluguer bicicletas, patinetes eléctricos e calquera forma de seguridade vial sobre todo cando se circula en patinete eléctrico e en bicicleta, mellorar o asfalto, o ruído tamén é contaminación.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu, Sr. Pérez Correa, vou a entender a súa moción como creo que se fai, con unha vontade construtiva de avaliar a situación na que estamos e analizar cambios que poderemos desenvolver no futuro, e neste senso eu comparto con vostede que a revisión do Plan Xeral é unha boa oportunidade, unha magnífica oportunidade para repensar a cidade, para repensar unha cidade que obviamente xa non é aquela cidade que propoña hai mais de 10 anos senón que é outra cidade realista, que polo tanto ten que atender ás necesidades que hoxe teñen os cidadáns de Vigo e unha cidade onde onde o primeiro momento os cidadáns de Vigo levan valorando o espazo público, cada vez máis valoran o espazo público por iso o borrador que presentamos de Plan Xeral de Ordenación Municipal leva acompañadas múltiples accións que teñen como finalidade colocar o espazo público, tanto o espazo verde como o público en xeral, como un elemento central da vida da cidade, ademais tendo en conta que o medio ambiente non é unha cuestión que queda ben, senón unha cuestión que dende o primeiro momento, dende a xéneses desa revisión do Plan Xeral vai a acompañando todo o proceso, por iso se aposta por un planeamento que permita conquistar para a cidade de Vigo máis que duplicar os actuais espazos verdes e as zonas libres que

temos, pasar dos 6 grandes parques que hoxe temos na cidade a 14 grandes parques, facendo dese eixo do Lagares un espazo central non só da mobilidade senón da vida e da calidade da cidade porque non vai a ser un espazo illado senón un espazo que permita continuar e conectar con moitos outros espazos ao longo da cidade, xerando espazos novos publicos de calidade en torno ao Lagares en Lavadoras, en Sárdoma, é dicir, facendo dese eixo un eixo central ou igual que a Avenida de Europa que ao seu carón leva parques tamén novos adicionais para completar un espazo verde sen dúbida de calidade e de mobilidade sostible.

Tamén teño que poñer enriba da mesa que isto non é un único que un bo Plan Xeral sostible debe planificar, tamén debe renunciar as esas zonas comerciais illadas que estaban anteriormente previstas e que ademais destruían parte do noso patrimonio forestal, tamén debe impulsar dende logo un solo industrial que permitirá unha conciliación axeitada das actividades industriais, comerciais, terciarias coa vida e a calidade de vida da cidade a planificación do solo residencial. Polo tanto, eu entendo esta moción, a verdade é que entendendo que lle está dando un respaldo ao goberno municipal, porque o que ven a poñer de manifesto non só é que é a estratexia correcta para a revisión do Plan Xeral senón que aplaude as humanizacións de máis 1000 rúas que leva facendo este Concello e aplaude as medidas de accesibilidade que se están dotando aos distintos barrios de Vigo con ascensores, con ramplas, escaleiras para facer algo do que di na súa moción, que sexa un espazo accesible para tódolos cidadás, aplaude as melloras no transporte público, aplaude os carrís bicis, polo tanto, no fondo está dándolle un respaldo á política municipal, iso si, no mesmo intre pois coloca algunha actuación cuestionando porque ao mesmo que defendemos as peonalización dicimos que se repoña a Porta do Sol, eu creo que a actuación que hoxe está proposta, que é unha actuación para que todos recuperemos o espazo público, non quere poñer en cuestión que ademais todos cheguemos ao centro e Vigo para facer compras, para movernos, para garantir que tódolos cidadáns que así o desexen cheguen en transporte público ao centro de Vigo, polo tanto, é unha actuación medida e coordinada que permite impulsar sen dúbida o progreso da cidade, por ese mesmo motivo, aínda que entendemos que boa parte do discurso desta moción respalda a política municipal, dado que vostede deixa algunha desas perlas ao longo da parte resolutiva, imos absternos na proposta deste grupo na resposta a esta moción. E

permítame só unha verba respecto as contradicións nas que incorre o grupo do Partido Popular, é dicir, non se pode pedir ao mesmo tempo humanizar e peonalizar e dicir que desapareceron aparcamentos das rúas, é dicir, as contradicións pois nunca son axeitadas, neste caso menos, centrémonos no que temos que facer, e polo tanto, busquemos eso si e creo que con feitos, un feito é o borrador do Plan Xeral, apostar por unha cidade que xere máis espazo público de calidade e mellor.

SR. PÉREZ CORREA: Estamos de acordo nalgúñas reflexión que agora participaba con nós a concelleira do Partido Socialista, hai unha función básica da política que é a linguaxe e ao que se chama unha humanización por parte do Alcalde de Vigo e o que lle chama humanización á alcaldesa de Barcelona o incluso o alcalde de Pontevedra, son termos completamente diferentes, eu vivo en Beade onde o Alcalde de Vigo lle chama humanización a pintar unha beirarrúa con pintura e a limpar as silvas que hai nos valados, a palabra humanización nesta cidade é tan ampla que incluso rúas que lle chamaron humanizadas teñen agora unha densidades de tráfico moio maior que antes da actuación, é que humanizar é unha cousa e peonalizar e outra cousa completamente diferentes, o que se lle chama humanizar e antes coincido con algunha reflexión que facía o concelleiro do Partido Popular, humanizar non é cambiar un banco existente por un banco existente de deseño, ou unha papeleira existente por unha antivandálica, pode ser evitar que se utilicen as papeleiras en conflito alarbado na rúa pero estamos a falar de peonalizar que é unha cousa radicalmente diferente a humanizar e ademais unha cuestión, que o modelo de humanización de máis de 1.000 rúas que vostedes din, só en tres ou catro, hai un espazo para bicicleta que é modelo de humanización europeo por excelencia dende a reconstrución das cidades europeas despois do bombardeo da segunda guerra mundial, que se fixeron sempre pensando, vaian a Bruselas ou calquera cidade, se humaniza quitando os vehículos, quitando espazo a determinados sistemas de mobilidade persoal e buscando un que sexa que sostible, iso é unha realidade, é un concepto que podemos discutir ata a sociedade, que considera o Alcalde de Vigo que é unha humanización, pois o que considera o Alcalde de Vigo que é unha humanización é algo que non considera practicamente ningunha cidade europea, que é seguir mantendo o transporte

rodado en vehículos unipersoais, en vehículo de combustión e no centro da cidade e esa é a gran discrepancia co modelo da Porta Sol e ademais nun momento en que vostedes saben como sabemos nós que acabamos de aprobar o goberno que en 2023 temos que retirar o transporte rodado do centro das cidades, e vostedes están a propoñer unha obra que vai a meter un túnel polo centro da cidade, non coñezo practicamente cidades europeas que estean a pensar nas zonas de baixa emisión, compatibles co tráfico de vehículos, esa é a gran discrepancia pero nós nas cuestións que vostede propón do Plan Xeral estamos completamente de acordo, se hai alguén que combateu o Plan Xeral do 2008 fun eu a través dunha plataforma que participamos moita xente e creo dos concelleiros que estamos aquí o único que mantivo a posición sobre o 2008 sempre no tempo, independentemente de que como transitaba o goberno local, fun eu, creo que é notorio que os digo que este Plan nestas cuestións mellora pero hai unha cuestión tamén que temos que discutir que é a progresión de 50.000 vivendas nun horizonte de 23 anos, a cuestión de determinadas infraestruturas que se están a propoñer e ese debate abríremolo a posteriori, eu estou de acordo en que o Plan Xeral introduce un criterio de zonas verdes que non existía no anterior Plan e sobre todo que introduce unha cuestión, que hai unha avaliación ambiental estratéxica que antes non existía, onde imos poder discutir estas cuestións.

(No momento da votación preside o 3ª Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana, por ausencia do Alcalde-Presidente, atópanse tamén ausentes a Sra. Silva Rego e o Sr. Pardo Espiñeira)

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa mais do concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Iglesias, e vinte e unha abstencións dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique

Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 21.05.2020 (Rex. Nº 2420/1101), polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Perez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

16(62).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO LOCAL A ESTABLECER AXUDAS CONCRETAS ÁS PERSOAS AUTÓNOMAS E MICROPEMES DE VIGO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2422/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de maio de 2020, número 2422/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O pleno do pasado mes de Abril aprobou unha Moción para implantar programa de axudas ao pequeno comercio e hostalería da cidade e realizar unha revisión completa do orzamento coas modificacións orzamentarias necesarias para aplicar os gastos ás novas necesidades sociais e económicas derivadas da crise do COVID 19. Aprobáronse tamén daquela medidas en favor do tecido social e a necesidade dun plan de reconstrución económica.

Un mes despois, ratifícase o escenario económico incerto, de moita dificultade para as pequenas empresas e para os emprendedores, agravado tamén sen dúbida pola ruptura abrupta da concertación social de ámbito estatal. Faise imprescindible abordar canto antes medidas concretas de apoio porque co paso do tempo incrementase o deterioro económico e a situación que atravesan. É preciso, como xa teñen feito outras localidades e tamén outras administracións, pasar xa aos feitos, adoptar axudas económicas para as persoas autónomas e micropemes de todos os sectores económicos que teñan paralizado a súa actividade pola crise sanitaria, nomeadamente comercio e hostalería pero tamén a todo tipo de negocios e establecementos para minimizar o impacto da crise. Vigo non pode ser

a única cidade galega que non dispón de axudas económicas para os negocios que pecharon durante o confinamento.

Son necesarias axudas económicas directas a fondo perdido cunha cantidade lineal para cada negocio, axudas de reembolso de gastos, bonificacións e deducións fiscais, achegas para a reforma, acondicionamento necesario para implantar medidas de hixiene que impidan os contaxios.

O fracaso do pagamento dos ERTES motivou a reacción rápida e decidida da administración autonómica adiantando o pagamento con entidades bancarias, o que nos da a pista para emprender dende o Concello medidas tamén de apoio financeiro como a negociación con entidades bancarias que traballan co Concello liñas de apoio aos autónomos e micropemes de Vigo e financiamento con condicións vantaxosas para os emprendedores locais.

O Concello ten capacidade financeira para afrontar medidas deste tipo. E ten tamén un importante superávit que compre aproveitar evitando que o Estado o utilice para outros fins ou impida facer uso del máis alá do 20% autorizado. Nese sentido compre deixar clara a posición do Concello respecto da intención proclamada pola Ministra de Facenda o pasado 30 de abril no Congreso dos Deputados, nas que fixo alusión a utilización do superávit municipal pódase empregar para "cubrir aqueles gastos que o resto de administracións non poidan chegar". Afirmación que nos confirma nas intencións do Ministerio, que xa se negou a ingresar ao Concello a parte do IVE correspondente ao mes de decembro de 2017.

Por outra banda, é preciso tamén manter o esforzo inversor en infraestruturas que tanto necesita Vigo e que serán decisivas para recuperar o noso liderado na economía de Galicia e afrontar a recuperación económica. Nese sentido é preocupante que o goberno local non adxudique e inicie a obra dos accesos ao complexo intermodal e Centro Vialia de Vigo porque o Goberno de España non aprobou o acordo para cofinancialos. Asunto que convén aclarar e que nos leva a preguntarnos que vai pasar cos investimentos do goberno en España que o Alcalde anunciou como xa comprometidos pero que non pasaron da fase de proxecto, como a reforma da Avenida de Madrid. Xa non digamos o AVE a Vigo por Cerdedo, a saída sur da cidade por ferrocarril ou o corredor Atlántico de mercadorías.

De acordo ao exposto, propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Instar ao goberno local a establecer axudas concretas ás persoas autónomas e micropemes de Vigo: deducións fiscais, axudas directas, axudas de reembolso de gastos e para o acondicionamento de locais para dotalos de seguridade cara o contaxio da COVID-19 e negociar con entidades financeiras que traballan co Concello o financiamento con condicións vantaxosas para o tecido empresarial vigués."

Instar ao Ministerio de Facenda a non incautarse do superávit do Concello de Vigo, Flexibilizar as regras para que se poida utilizar o 100% do seu importe en medidas económicas e sociais fronte á Pandemia.

Instar ao Ministerio de Fomento e ADIF a comprometer en firme o financiamento dos accesos ao complexo intermodal e Centro Vialía de Vigo e remodelación da Avenida de Madrid.”

DEBATE:

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: No pasado pleno do mes de abril aprobouse unha moción para implantar un programa de axudas para o pequeno comercio e hostalería da cidade e realizar unha revisión completa do orzamento para implantar os crédito necesarios para aplicar os gastos ás novas necesidades do COVID-19, se aprobaron daquela tamén medidas en favor do tecido social e a necesidade dun plan de reconstrución económica e un mes despois, seguimos na mesma, ratificamos un peor escenario económico, de moita dificultade para as empresas e para os emprendedores, agravado tamén sen ningunha dúbida pola ruptura abrupta da concertación social de ámbito estatal que en Galicia non obstante mantense. Hai que abordar canto antes medidas concretas de apoio ás persoas autónomas, ás pequenas empresas, ás micropemes, á hostalería, comercio, hai que facer algo xa, non podemos esperar máis, dicía no principio da miña intervención, que levamos xa dous meses e medio e a situación é cada vez é máis grave e o goberno local segue reuníndose en teleconferencias, en vídeo conferencias con distintos axentes económicos e sociais da cidade pero non acabamos de atopar ningunha medida concreta e imos camiño xa de ser a única gran cidade de Galicia que non ten implantada unha medida económica de axuda directa ao sector económico, da cidade, ás pequenas empresas, aos autónomos e aos hostaleiros, mais alá de como dicía o aprazamento dos impostos, que moitos xa non poderán pagar cando lles toque porque terán pechado xa.

Dicía que é necesario, pero tamén é necesario contar co investimento público e co esforzo inversor das administracións públicas e non pode ser que para recuperar a nosa situación económica, para manter ou intentar manter un liderazgo como a cidade máis grande de Galicia pois se poñan en dúbida investimentos como o do complexo que falábamos antes dos accesos á intermodal iso é grave, porque se pon en cuestión un investimento vital que xa ven de atrás, que si se tivera executado antes de financiar a venda, xa estaría en marcha e agora vemos que non se pode facer a estación intermodal e non facemos os túneles, quero dicir que

é necesario que se confirme esa venda, que o Consello de Ministros a aprrobe, que elimine esa incerteza porque a situación económica é tal que sabemos que a caída de ingresos vai a significar unha revisión de determinados investimentos porque é así, haberá investimentos que decaían porque non se poden acometer, ou que se atrasen porque haxa que financiar ou acometer outras necesidades e non pode ser, e nós o que queremos é que por suposto, se ratifique ese compromiso que os investimentos que non son moitos eh, tampouco pense que son moitos os investimentos que ten o estado en Vigo, ten moitas promesas e moito anteprojecto pero investimentos teñen poucos, se manteñan e os que tiña comprometido se ratifiquen no caso de Vialia hai unha venda pendente de sinatura e de autorización polo Consello de Ministros, é un financiamento na que pon o concello 3,4 millóns de euros, a xunta de Galicia 3,4 e ten que poñer 14,6 millóns o ministerio, hai que despexar esa dúbida xa, e o Concello ten que ser claro e ten que ser rotundo porque nós que nos teñamos que decatar por un medio de comunicación que nas actas oficiais entre os técnicos da Xunta de Galicia, Ministerio e Concello se evidencia que hai unha reticencia, unha suspicacia, unha sospeita, unha pregunta do ministr Sr. Abalos, con respecto a este proxecto, pois o que evidenciamos aquí é moi pouco interese do Concello porque a obra se faga xa e non sei que interese terá en que se vaia atrasando, espero que ningún e aquí no Pleno o veremos, tampouco queremos que ese superávit do produto da inexecución do Concello, pero sobre todo do bo pagamento das empresas e das traballadores/as, dos cidadáns se vaia ou se recolla, a ministra de Facenda díxoo, deixouno caer nun comité de política fiscal, claro, senón somos capaces de pagar os ERTEs, como imos a deixar que os concellos como este teña 95 millóns de euros na caixa sen mover, é que iso é unha sospeita lexítima, non pode ser que se aproveite para levar o esforzo dos vigueses para outros territorios ou para atender outras finalidades, por iso esta moción ten ese triplo obxectivo, que se fagan os investimentos, que se fagan medidas reais polo Concello e que se nos dote, que non se nos incaute dese superávit.

SR. SECRETARIO: Non sei se pensamos baixar a praza?

PRESIDENCIA: Sr. Pérez Iglesias se non lle importa, agardamos e a continuación da súa quenda, imos a ver se se fai aquí ou se vai a baixar. En principio se fará aquí. Si lles parece aguantaremos suspendido o Pleno ata as 12 para facer o minuto de silencio en condicións de loito, queda aínda dous minutos, polo tanto facemos un receso ata ese momento.

Procederemos a gardar un minuto de silencio en memoria das vítimas da pandemia do COVID-19, no medio loito oficial de España e do Concello de Vigo, decretado polo presidente do goberno de España e polo Alcalde. Gardamos un minuto de silencio.

Gárdase un minuto de silencio en memoria das vítimas pandemia de COVID-19.

PRESIDENCIA: Tiña a palabra o concelleiro non adscrito.

SR. PÉREZ IGLESÍAS: Obrigado Sr. Alcalde por volver a blindarnos a oportunidade de gozar da súa presenza na sesión plenaria.

PRESIDENCIA: Alégrome moito de que goce con iso.

SR. PÉREZ IGLESÍAS: Enormemente, que o Alcalde presida o Pleno como lle corresponde me satisfai moito.

PRESIDENCIA: Lle corresponde a quen decide o Alcalde.

SR. PÉREZ IGLESÍAS: En todo caso entrando xa na moción do Partido Popular hai unha diferenza clara co Partido Popular, polo menos nas posicións que ten o BNG e que a diferenza do Partido popular nos sostemos as mesmas posicións nos debates do Concello de Vigo, no Parlamento de Galicia e nos debates do Congreso dos Deputados, non fixamos a nosa posición en función de quen ocupa, de que partido político ocupa a responsabilidade de goberno, o digo porque está ben e coincidimos na demanda de medidas concretas de apoio á reactivación económica e do emprego na cidade de Vigo pero dende logo sería moito máis coherente si

tamén tivese o correlato en que nas administración que governe Partido Popular pois tamén aplicasen ese mesmo criterio.

O certo é, dicía o voceiro do Partido Popular que non se aplicou ningunha medida, aplicouse unha que dende logo a nós resúltanos algo estarrecedor como foi presentada a única medida efectiva de apoio ás PEMEs é contratar unha xanela única para asesorar pequenas e medianas empresas e iso presentouse como unha liña de axudas, pois ben, en todo caso o goberno municipal ten a oportunidade de traducir a unanimidade da Corporación que se estivo expresando nos últimos plenos a respecto de que coincidimos en que se poñan en marcha as medidas para poñer en común, para establecer de maneira conxunta esas liñas de traballo, aproveiten esa oportunidade.

Sobre o superávit está ben que o Partido Popular rectifique aínda que sexa pola calada, a súa política de imposición de recortes e que reduciu a capacidade de resposta das administracións públicas e singularmente aos concellos, e relación ao acceso á nova estación intermodal, nese sentido reiterar a chamada á coherencia, non se poden traer debates unicamente atendendo cal é cor política de quen ocupa a Moncloa, ou de quen ocupa Monte Pío, nese sentido o Partido Popular non parece que teña moita lexitimidade nin moita razón á hora de esixir o que logo o seus cando gobernan non cumpren.

SR. PEREZ CORREA: Unha cousa tan sinxela e na que estaríamos seguramente de acordo varios grupos como é unha liña de axuda ás PEMEs, á hostalería, ao pequeno comercio da cidade, o Partido Popular é capaz de convertelo nunha moción que acaba falando do fracaso dos pagos dos ERTEs, o 95% dos traballadores, dos milleiros de traballadores en ERTEs cobraron e o fracaso é por exemplo que os señores donos da PSA non saiban presentar un ERTE e presenten un ERTE no que inclúen ás persoas que están en baixa, ou o fracaso é que haxa datos non coincidentes en canto ao número de conta, en canto ao número de fillos, entre os datos que ten que SEPE e os datos que teñen as propias empresas, porque á patronal haberá que pedirle cando presente un ERTE saiba como se presenta, comezando por unha empresa que gasta moitos recursos en recursos humanos precisamente e en grandes directores de recursos humanos como a PSA e logo é unha chapuza absoluta presentando un expediente de regulación de

emprego, e tan evidente que iso é así onde nas mesmas empresas uns traballadores cobraron e outros non. Pero se vostedes quere dicir que hai un fracaso no pagamento dos ERTEs, bendito sexa que haxa ERTEs non como no ano 2008 onde miles de traballadores foron expulsados directamente ao desemprego e os privilexiados que puidemos acollernos a un ERTE significa que anos despois aínda mantemos os nosos postos de traballo, gracias a esa pequena posibilidade que existiu, pero vostedes quere seguir con esta cuestión, ou que fale dunha maneira demagóxica da cuestión que a min particularmente e o digo así, me parece bastante repugnante en política porque a maior parte dos recursos que están nos remanentes de Tesourería dos concellos é durante o mandato do Partido Popular, é mais o Partido Socialista, este goberno leva tres meses aínda os remanentes de 2019 van a estar incorporados ou comezan a estar incorporados neste meses, ata 40.000 millos de euros que hai nas contas bancarias é unha decisión exclusiva do Partido Popular, e ademais sistematicamente acosando aos concellos que como o de Madrid decidiron que querían utilizar parte deses recursos para políticas sociais e falo do Madrid da lexislatura anterior e non do Madrid delirante da lexislatura actual, pero nesta cuestión que eu podería estar de acordo, é dicir, nós tivemos a paciencia de coller que fixeron as doce grandes cidades deste país en políticas de promoción do comercio, das PEME e das cuestións, por exemplo que teñen que ver con rebaixas impositivas e ademais tamén de condonar determinados impostos municipais e é certo, así como noutras cuestións o Concello de Vigo foi dos máis rápidos e falo das axudas de comedores, na axuda directa, na subvención directa a ese sector produtivo, pois non é nin de lonxe das máis rápidas e ademais é que a Federación Española de Municipios e Provincias acaba de publicar un traballo feito pola Comisión de Consumo e Comercio que por exemplo, pon enriba da mesa unha cuestión que foi demanda por este grupo municipal como que lle dicíamos que na fase 1 e incluso algúns na fase 0 van abrir determinados comercios da cidade, van a facer un investimento moi potente e medidas pois de mamparas, guantes, hidroxel, un motón de recursos que necesita o comercio para abrir, e dicíamos se había posibilidade de abrir unha liña de axuda de fondo directo a todo este comercio que xa está operando dende hai unha semana, semana e pico e iso é o que pide a FEMP, poñer en marcha axudas directa a comercio local para compra material de distanciamento, sinalización e

seguridade, bo, era posible facelo hai 15 días e que agora non supoña un gasto que fixeron moitos comercios, hostalaría e moita xente nesta cidade e que por agora non ten resposta do goberno local, claro, non é unha competencias exclusivamente municipal pero o fomento do comercio si que é unha competencia municipal e cremos que aínda estamos a tempo, hai recursos, entendemos que hai vontade porque foi expresada recentemente polo propio alcalde e foi recoñecida por todo o sector do pequeno comercio, hostaleiros que se reuniron con eles pero as vontades hai que traducilas a euros e cremos que é bo que esas liñas de axudas estean funcionando de maneira inmediata, e cremos que estamos de acordo ademais que esas liñas de axudas veñen para quedarse no ámbito dos concellos e teremos que discutir como se van a financiar determinadas políticas de promoción económica que agora mesmo están a asumir directamente os concellos e que seguramente vai a ter que entrar no debate competencial, pero mentres tanto nós estando de acordo con algunhas cousas que están nesta moción non podemos nin moito menos soste unha aprobación dunha moción que ven a emendar de carácter oportunista e de carácter electoralista, cremos que tamén, pois o que foi un mantra económico do Partido Popular nos últimos 10 anos que era que o superávit dos concellos non se toca porque con iso xustifico o déficit das outras administracións.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Marnotes, non están os tempos para frivolar pero de verdade que si o camiño á nova normalidade do Partido Popular é o seu discurso, de verdade imos apañados, mire, esta moción é un auténtico refrito, é unha cousa impresionante porque fala de establecer axudas concretas e demais sen ningunha concreción, esquecéndose de sectores evidentemente e acaba vostede de votar, non votou a favor de que a Xunta de Galicia achegue 300 millóns nun plan de actuación local aos concellos, xa me explicará como é capaz de conxeniar isto, e claro, logo xa cando ten a ousadía de chamar incautador ao Sr. Rajoy e ao Sr. Montoro xa me rompe tódolos esquemas. Mire, si hai alguén que defendeu contra a Lei Montoro é o Alcalde de Vigo e presidente da FEMP, o que hoxe estamos intentando desmontar é o que vostedes desmontaron, Sr. Marnotes, como se permite falar de incautar, como ten a pouca humildade de vostedes que someteron aos concellos a que non poidan gastar e a que non poidan dispoñer e

veu vostede a dicir nesta moción, a facerse o defensor de que non haxa incautación, a diferenza entre uns e outros é que nós na persoa do Alcalde de Vigo e presidente da FEMP, dicía o mesmo cun goberno do Partido Popular que cun goberno do Sr. Pedro Sánchez. E a terceira teima desta moción, é a historia da Vialia, vostedes collen un tema e queren non soltalo, pero non se preocupe Sr. Marnotes, si está garantido totalmente o investimento en Adif, pero é que fíxese vostede na súa falla de información, hoxe a una do mediodía, agora, dentro de 50 minutos hai unha reunión da comisión de seguimento, dentro do que é axustar o cronograma aos novos tempos, non se preocupe Sr. Marnotes, dicíallo na anterior moción, claro que ten a culpa a Xunta de Galicia da falla de investimentos nesta cidade, porque por moito que o queira dicir é cero, e cando chegou o goberno do Sr. Pedro Sánchez se cumpriron tódolos compromisos con esta cidade, o da autovía Vigo-Porriño era mentira, o papel do AVE levaba 5 anos nun caixón, a única achega que se fixo ao Porto de Vigo fíxoo o Goberno do Sr. Pedro Sánchez, pero como me pode sacar aquí o da Avenida de Madrid, pois claro que é un compromiso con esta cidade que non se preocupe que está absolutamente garantido e outra información que parece que hai que darlles tódalas informacións, o 99,9% dos ERTes nesta provincia están abonados e como o di a Subdelegada de Goberno que é a que se encarga da xestión ten que ser real, polo tanto, de verdade o mesturar estes debates é absolutamente increíble.

Mire, nesta moción o único importante é o que falla, o único importante é o que falla porque para tomar unha actuación conxunta de reordenación do orzamento e onde debemos actuar, hai que saber con que imos a contar e xa sabemos que cando lle pedimos á Xunta de Galicia, co seu apoio non contamos, pero hai que saber tamén o que pediu o presidente da FEMP e Alcalde de Vigo ao goberno do Estado, e o día que o goberno de Vigo saiba cal é o seu marco de actuación orzamentaria, e o dixo o Alcalde reiteradamente nos dous Plenos anteriores, nese momento se establecerán as prioridades, é verdade que hai urxencias e é verdade que estamos na situación na que estamos pero hai que actuar con tranquilidade, non ridiculicemos videoconferencias, moitas son necesarias, si hai precisamente algo que define a este Alcalde e a este goberno, é o coñecemento da cidade, o coñecemento dos problemas da cidade porque claro, agora falan moitos concellos de taxa terraza e demais, lémbrese quen foi o concello pioneiro en taxa cero ás

terrazas, isto que hoxe imitan absolutamente, todos foi este Concello, polo tanto, parece moi ben que vostede queira aquí pedir cuestións xenéricas pero creo que hai actuar con seriedade, a min me encantaría ver ao Sr. Casado e aos presidentes autonómicos do Partido Popular facendo unha aposta polo municipalismo, me encantaría ver que eses fondos que se piden de 16.000 millóns e que apostou o goberno do Estado tamén haxa un pronunciamento en favor dos 5.000 millóns de euros do Estado para os concellos e 1.725 millóns que pediu o Alcalde de Vigo como presidente da FEMP, para o problema que se nos aveciña no transporte, aí é onde me gustaría velos a vostedes, en xeneralidade e en banalidades, nada, pero non se preocupe pola estación de Vialia que está garantida.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Unha mágoa que non puidera asistir ao debate sobre as mocións do seu propio grupo Socialista, sobre o gasto social, tivera ocasión de saber que neste momento na cidade se están abonando dende a Xunta de Galicia 2.397 nóminas da RISGA que é unha barbaridade a situación de pobreza, 2.397 e crecendo, 55 millóns de euros en gasto social nesta cidade e en entidades sociais, en pagamento da RISGA, en becas comedor, 2.000 ordenadores para os rapaces, non 600 que aínda non os repartíu, unha mágoa que non oíra o debate pero agora como se grave e se emite terá ocasión de escoitar o que acabo de dicir, de oílo e ratificalo por si mesmo, a duplicar 23.000 horas mais ao mes en Axuda do Servizo no Fogar.

Dito iso, que non hai medidas concretas nesta moción, dedución fiscal, axuda de reembolso de gastos para acondicionando de locais para dotalos de seguridade cara o contaxio do COVID-19, negociar con entidades financieras que traballan co concello, o financiamento de condición vantaxosas para o tecido empresarial vigués, iso non é unha medida concreta, medida concreta como ven dixo o voceiro do BNG é adicar 600.000 euros ao asesoramento sobre unha axudas que o concello non da, porque non hai axudas do Concello para as empresas e os autónomos de Vigo non as hai, o que hai é asesoramento, hai un contrato que xa se adxudicará para asesorar sobre o que dan as outras administracións. Fíxese o que dixo o pasado 30 de abril no Congreso dos Deputados a ministra de Facenda, “el superávit municipal se podrá emplear para cubrir aquellos gastos que el resto de administraciones no puedan llegar” a onde non chega o ministerio de Traballo,

claro que se resolveu tódalas solicitudes de axudas dos ERTes, pero non se pagaron, o que constatou a subdelegada do Goberno é que están aprobadas pero non están pagadas e a propia Ministra recoñeceu que teñen un problema de liquidez que non o temos somos nós que temos 95 millóns de euros en caixa, gastamos por agora 27 millóns de euros.

Dito iso, a Intermodal Sr. Alcalde quero que o oia das miñas palabras non é verdade o que dixo con respecto á Intermodal de A Coruña, a Xunta de Galicia en A Coruña inviste 17 millóns, o resto os poñen o Concello e o Ministerio que aí si que pon, en Vigo pon 14,6 millón de euros, pero a estación e centro comercial faino unha concesionaria en A Coruña cash, aquí concesión, dito iso, 17 millóns de euros en A Coruña, 18 millóns de euros en Vigo, se reúne a Comisión de seguimento a unha, o que se ten que reunir é o Consello de Ministros e dar o visto bo á venda dunha vez.

PRESIDENCIA: Rematado o debate do Sr. Marnotes con tódalas inexactitudes pero a isto estábamos acostumbrados, isto non alterou neste Pleno os sistemas habituais de debate do Partido Popular e pasamos á votación.

VOTACIÓN: Con catro votos a favor dos membros grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, tres abstencións do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa mais do concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Iglesias, e dezanove votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.05.2020 (Rex. Nº 2422/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

17(63).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE A QUE A ALCALDÍA CONVOQUE AS FORZAS POLÍTICAS DA CORPORACIÓN PARA ACORDAR MEDIDAS FRONTE A CRISE DO CORONAVIRUS.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O rogo é instar á Alcaldía a que convoque a tódalas forzas políticas con representación na Corporación municipal, para poñermos en común e acordar as medidas necesarias para combater os efectos sociais e económicos da crise do coronavirus e abordar unha revisión integral dos orzamentos municipais para este exercicio.

PRESIDENCIA: Tomamos nota.

18(64).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE AOS SOTERRAMENTOS ILEGAIS DA COMUNIDADE DE MONTES DE CABRAL.

SR. PÉREZ CORREA: Rogamos que dende Urbanismo pola enésima vez que a Comunidades de Monte de Cabral realiza obra ilegais, esta vez unha soterramento nuns terreos que son propiedade da comunidade de montes, sen permisos e sen licencias ao longo da semana pasada, que se acuda á fiscalía como figura nalgún expediente con respecto as actuacións desta comunidade de montes.

PRESIDENCIA: Convén que presente unha moción ao respecto.

19(65).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. MARNOTES GONZÁLEZ, REFERENTE ÁS MEDIDAS A TOMAR EN FAVOR DOS AUTÓNOMOS E MICRO EMPRESAS.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: En vista de que a moción foi rexeitada, eu lle rogo á Alcaldía que adopte algunha medida concreta en favor dos autónomos e das micro empresas da cidade, logo de terse reunido con tódolos sectores económicos e sociais como veu facendo nas últimas semanas.

PRESIDENCIA: Debo dicirlle que continuamos reuníndonos con todos, coñecemos a opinión de todos, falamos con todos, estamos tendo un contacto continuo con todo o sector económico e social, tamén aínda que nos queda unha parte social por seguir falando con elas desta cidade que é unha forma de facer unha reconstrución económica pactada conxunta, aportando recursos e unha magoa que a Xunta de Galicia non estea falando con ninguén nesta cidade, isto é o que me preocupa, o que me preocupa que en temas competencia exclusiva da Xunta de Galicia tal e como son autónomos, as PEME, o comercio, a hostalería, todo o ámbito hoteleiro, a Xunta de Galicia estea absolutamente ausente, da reconstrución da económica da cidade de Vigo, a economía da cidade máis importante de toda Galicia, onde o presidente da xunta de Galicia neste ámbito non está, incluso se está nalgunha empresa neste momento, hai que recordarlle que a esa empresa quen lle quitou e quen lle baixou o arrendamento do todo o ano foi zona Franca que presido eu, e e por tanto, dentro dun ámbito de actuación.

Eu lamento moito non coñecer en absoluto ningunha decisión da Xunta de Galicia para cooperar no Plan de reconstrución no que está involucrado o concello de Vigo e que dar asesoramento gratuíto claro que é unha situación, claro, é que costa máis de medio millón de euros e que significan horas de traballo e isto é importante porque isto é o que están demandando neste momento todas estas PEME, os autónomos/as, que teñen un desconcerto importante porque nunca en

tal situación nos vimos e que están preguntado, sabendo e que querendo saber cales son os lugares para acudir a buscar recursos, os lugares de liquidez, as axudas financieras e orzamentarias que pode haber, e o coñecemento por parte do Concello do que temos que facer. Si non houbera Lei Montoro nos teríamos neste momento a nosa a disposición todo o remanente e todo o superávit pero hai Lei Montoro, o Partido Popular fixo unha lei que nos impide neste momento dispoñer deses recursos e polo tanto, para entrar no plano de os apoios ou facemos unha modificación orzamentaria que require dun tempo e non sabemos por canta contía porque non sabemos de que fondo dispoñemos, ou debería ter derogado aquela lei o Partido Popular, estamos pagando aínda as consecuencias daquela nefasta Lei de Montoro, por certo, a Lei LRSAL a outra segunda, quen asinou e quen encabezou un recurso ao tribunal constitucional contra aquela terrible lei antimunicipalista foi o Alcalde de Vigo como presidente da FEMP, resultado, a LRSAL está practicamente anulada, pois agora queda a Lei de financiamento e sostibilidade financeira que é a que nos produce todo este problema, confío que estea resolto en breve tempo para poder asinar as cantidades porque é certo que necesitamos saber de cantos recursos dispoñemos, e é certo que neste momento é debido a esa terrible lei do Partido Popular que nos deixa maniatados nos sabemos, pero tampouco sabemos cales son as axudas da Xunta de Galicia, e isto ten que ir en catro fases, e con catro coadaxudantes, o sector, o concello, a Xunta de Galicia e o goberno de España, do noso sabemos nós porque o imos a decidir, e polo tanto, este Pleno saberá, coñecerá e decidirá, do goberno de España estamos vendo as asignacións porque eu quero dicir neste momento que afortunadamente hai ERTes, afortunadamente, porque no ano 2012 non houbo ERTes e o desemprego foi unha catástrofe, a miseria producida por aquela forma de enfocar a crise foi unha catástrofe, afortunadamente hai ERTes, certo cun certo atraso, por certo unha parte do atraso imputable á xunta de Galicia porque pasou de 5 a 15 días pero non a vou a criticar, era imprevisible que de repente tiveramos unha demanda desta envergadura e eu aquí mesmo dixen que estábamos tendo persoas asistidas dende política social que a xente de ERTes que non cobraron, tiñan unha carencia de liquidez, pero afortunadamente hai ERTes, hai indemnizacións de paro para autónomos, hai liñas de liquidez, estase a facer un enfoque dende Política Social do Concello para cubrir tódalas necesidades e sabendo a que imos, por certo a

Xunta de Galicia recibiu 20 millóns de euros para transmitir aos concellos, a Vigo nos tocan aproximadamente 2,5 millóns, a día de hoxe temos un só céntimo, en becas de comedor a Xunta de Galicia recibiu 2 millóns de euros, non temos un só céntimo, e polo tanto, convén que rapidamente nos digan, en consecuencia debo contestar a este último rogo dicindo que nós estamos actuando de forma continuada pero nos falla saber o que van a actuar a administración da Xunta de Galicia, que me temo que en Vigo, nada.

.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

20(66).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE AS MEDIDAS PREVENTIVAS FRONTE AO CORONAVIRUS NO SERVIZO DE AUTOBÚS.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Alcalde, ten previsto o goberno municipal atender ás reiteradas peticións do comité de empresa de Vitrassa, en relación ás medidas preventivas fronte ao coronavirus no servizo de autobuses urbanos da cidade e estudar a instalación de canceladoras de tarxetas Pass nos accesos traseiros dos autobuses así como o reforzamento dos servizos e aumento das frecuencias para reducir a afluencia de viaxeiras/os no interior dos vehículos.

PRESIDENCIA: Debo de dicirlle que a seguridade nos autobuses Vitrassa é total, e me preocupan algunhas cuestións que van en contra do transporte público porque o transporte público é importante. Polo tanto, non cambiemos o obxectivo, o transporte público é importante nunha cidade, en todas as cidades, é unha forma de futuro extraordinaria, pero hai que ter precaucións especiais, normas especiais e decisións especiais e niso estamos, coa garantía de seguridade cen por cento para todos os que o integran. O custe que vai a ter o transporte público este ano en Vigo é inmenso e imos a ter que indemnizar ao transporte público en cifras moi significativas, sabe vostede que presentamos unha petición dun fondo, eu dende a FEMP como presidente, dun fondo para transporte por superficie de 1.000 millóns

de euros, transporte de autobuses e tranvías por 1.000 millóns de euros, facendo cálculos aproximados dos déficits que van a ter o transporte público, por tanto creo que as mensaxes que a min me gustaría escoitar son as mensaxes falando da importancia do transporte público, de mantelo, de levalo adiante e dende logo de manter cen por cento a seguridade de acordo coas normas que é o que está a facer o Concello de Vigo.

21(67).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE ÁS INDEMNIZACIÓNS ÁS CONCESIONARIAS EN SUSPENSIÓN DE SERVIZO.

SR. PÉREZ CORREA: Relacionado coa cuestión das indemnizacións ás concesionarias queríamos saber se toda vez que o Real Decreto cubre aos salarios dos traballadores das concesionarias en suspensión do servizo, aquelas concesionarias que meteron ao cadro de persoal en ERTes e polo tanto, aforrándose, só van a cobrar un 70% os traballadores, se ese 30% diferencial no caso por exemplo de Dornier vaino a cubrir o Concello de Vigo.

PRESIDENCIA: O Concello de Vigo para estas decisións mira para o Interventor, mira para os técnicos do Concello que son os que nos van a dicir canto teñen que ser as indemnizacións vistas dende o Concello e eu o Sr. Concelleiro lle podo garantir que se alguén vela polos intereses financeiros e crematísticos do concello é o Alcalde, somos as concelleiras/os e son os funcionarios encabezados polo Interventor, así que, quede tranquilo que non se dará nin un só céntimo ao que as empresas concesionarias non teñan dereito.

PRESIDENCIA: Non habendo máis cuestións, levántese a sesión.

Quería anunciar que faremos un pleno extraordinario para dar conta das decisións relacionados co Covid-19, desescalada, acción cara a reconstrución económica que

o pactaremos cos grupos para buscar un momento que nos veña ben a todos.
Moitas gracias señoras concelleiros/as.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e trinta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.